



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 446
1 de febreiro de 2023

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 48626 (11/POP-007501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do apoio do ferrocarril de mercadorías e do cumprimento da planificación e execución dos proxectos do Corredor Noroeste

[174450](#)

Admisión a trámite e publicación

■ 47716 (11/POP-007328)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas activadas por parte da Xunta de Galicia para asegurar a accesibilidade ás persoas usuarias do transporte do centro de atención diúrna Castelo da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista da provincia da Coruña

[174456](#)

■ 47718 (11/POP-007329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o cumprimento da lexislación respecto da atención de seguranza sanitaria na celebración de eventos festivos, musicais e deportivos multitudinarios

[174459](#)

■ 47720 (11/POP-007330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Carreira Pazos, Iria

Sobre a demanda de anulación da autorización para construír a liña de alta tensión Lousame-Tivo

[174461](#)

■ 47722 (11/POP-007331)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o apoio da Xunta de Galicia á realización do Festival de Teatro Festivalle, en Vilanova de Arousa

[174464](#)



I 47725 (11/POP-007332)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para solucionar os problemas de escorras de auga por mor da chuvia na intersección da estrada PO-230 coa N-541, ao seu paso pola parroquia de Pedre, en Cerdedo-Cotobade

[174467](#)**I 47728 (11/POP-007333)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as previsións de dispoñibilidade do proxecto de mellora da obra da estrada OU-533

[174469](#)**I 47735 (11/POP-007334)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade para corrixir os danos detectados no Centro de Saúde da Pobra de San Xiao, en Láncara

[174471](#)**I 47755 (11/POP-007335)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego respecto da execución do programa 561A, sobre o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, dos orzamentos do ano 2022 até o día 30 de setembro

[174473](#)**I 47848 (11/POP-007336)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación social e laboral

[174474](#)**I 47852 (11/POP-007337)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a demanda de puntos de encontro familiar

[174478](#)**I 47976 (11/POP-007338)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a carencia de plan de igualdade por parte da empresa Alcor Seguridade S.L., adxudicataria do servizo de vixilancia nos edificios da Consellería de Política Social e Xuventude

[174481](#)**I 47977 (11/POP-007339)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 2 máis**

Sobre os empadroados masivos en inmobles inhabitables en Castrelo de Miño

[174484](#)

I 47982 (11/POP-007340)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para habilitar axudas aos concellos da provincia de Ourense afectados polas inundacións acontecidas en xaneiro

[174485](#)

I 47985 (11/POP-007341)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do aumento dos delitos de odio contra as persoas LGTBI

[174488](#)

I 47998 (11/POP-007342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para favorecer a dispoñibilidade dun maior número de vivendas para destino social

[174490](#)

I 48005 (11/POP-007343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de iniciar a elaboración dun plan de xestión do monumento natural da costa de Dexo-Serantes

[174493](#)

I 48012 (11/POP-007344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a renovación da frota pesqueira galega

[174495](#)

I 48017 (11/POP-007345)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar que a prohibición de faenar cun buque de pesca equipado cun motor cuxa potencia real exceda a establecida na súa licenza, recollida no Real decreto 1044/2022, afecte a frota pesqueira galega

[174499](#)

I 48036 (11/POP-007346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir todas as baixas e vacacións da atención primaria da comarca da Mariña

[174503](#)

I 48047 (11/POP-007347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de retirar e solicitar a devolución da Medalla de Ouro de Galicia a Francisco Álvarez Cascos

[174506](#)



I 48048 (11/POP-007348)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego para aumentar a oferta de ciclos formativos na bisbarra da Costa da Morte

[174509](#)

I 48049 (11/POP-007349)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do resultado acadado pola fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade

[174511](#)

I 48050 (11/POP-007350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as axudas ás familias e aos sectores produtivos de Galicia por parte do Goberno galego

[174513](#)

I 48051 (11/POP-007351)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a cantidade de recursos totais que recibiu a Xunta de Galicia do Goberno do Estado para o bono social eléctrico e o bono social térmico entre os anos 2020 e 2022

[174515](#)

I 48052 (11/POP-007352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre os recursos económicos achegados pola Xunta de Galicia nos anos 2020 e 2021 aos concellos galegos para faceren fronte ao incremento de gasto derivado da aplicación de medidas que eviten a propagación do virus SARS-CoV-2

[174517](#)

I 48053 (11/POP-007353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a convocatoria pública de subvencións destinadas aos concellos galegos a través do réxime de concorrencia non competitiva

[174519](#)

I 48054 (11/POP-007354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos resultados obtidos tras o reforzamento dos servizos de autobús, en horarios e frecuencias, entre os centros penitenciarios e as poboacións máis próximas

[174522](#)

I 48055 (11/POP-007355)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre a valoración do Goberno galego dos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas e determinados concellos galegos [174526](#)

I 48056 (11/POP-007356)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego, a través da Axencia Galega de Turismo, para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos en 2020 e 2021 [174528](#)

I 48057 (11/POP-007357)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para abordar o debate sobre a actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local [174530](#)

I 48058 (11/POP-007358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para negociar coa Federación Galega de Municipios e Provincias un proxecto de lei que regule a participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia [174533](#)

I 48060 (11/POP-007359)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os obxectivos acadados polos convenios de colaboración asinados pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes con determinados concellos galegos [174537](#)

I 48062 (11/POP-007360)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as previsións do Goberno galego de elaborar un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas nos últimos cinco anos [174539](#)

I 48066 (11/POP-007361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a documentación complementaria das subvencións para a creación da plataforma de *marketplace* para produtos agroalimentarios no medio rural [174540](#)

I 48067 (11/POP-007362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as accións previstas pola Xunta de Galicia para evitar que a empresa Alcoa San Cibrao incumpra os acordos [174543](#)



I 48068 (11/POP-007363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as subvencións para as actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia

[174545](#)

I 48069 (11/POP-007364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a escolla do procedemento de concesión en réxime de concorrència competitiva para as subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes

[174549](#)

I 48070 (11/POP-007365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das subvencións en concorrència non competitiva para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos aos concellos beneficiados

[174551](#)

I 48071 (11/POP-007366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural respecto dos convenios de colaboración con determinados concellos galegos para obras de infraestruturas rurais nos exercicios 2020-2021

[174555](#)

I 48072 (11/POP-007367)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a execución dos recursos destinados a favorecer a inserción laboral de calidade

[174557](#)

I 48073 (11/POP-007368)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o destino dado pola Xunta de Galicia en 2021 ás cantidades recibidas en concepto de participación nos ingresos do imposto especial sobre os hidrocarburos

[174559](#)

I 48074 (11/POP-007369)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social

[174561](#)

I 48075 (11/POP-007370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as instalacións do Instituto de Educación Secundaria As Mariñas, de Betanzos

[174563](#)



I 48076 (11/POP-007371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción no exercicio 2022 dos custos de mantemento dos centros de atención primaria que soportan os concellos

[174565](#)

I 48077 (11/POP-007372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a dotación de persoal no Centro de Saúde de Oza dos Ríos

[174566](#)

I 48078 (11/POP-007373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración por parte do Goberno galego das medidas adoptadas para reverter a perda de poboación

[174568](#)

I 48079 (11/POP-007374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as infraestruturas ou melloras de infraestruturas realizadas para a mellora da xestión do ciclo da auga desde 2010 ata a actualidade

[174570](#)

I 48080 (11/POP-007375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a convocatoria pública de subvencións destinadas aos concellos galegos a través do réxime de concorrencia non competitiva

[174571](#)

I 48081 (11/POP-007376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o grao de desenvolvemento das medidas previstas na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia

[174574](#)

I 48082 (11/POP-007377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o modelo eólico do Goberno galego na actualidade

[174576](#)

I 48085 (11/POP-007379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos obxectivos acadados coas subvencións para a habilitación e a mellora das infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia nos últimos seis anos

[174579](#)



I 48086 (11/POP-007380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a posta en funcionamento do comedor escolar na Escola Infantil de Camariñas [174581](#)

I 48088 (11/POP-007381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as consecuencias demográficas da redución de docentes nalgúns centros de ensino [174582](#)

I 48090 (11/POP-007382)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da achega por parte dun senador dun documento con propostas formuladas anteriormente pola Xunta de Galicia [174584](#)

I 48092 (11/POP-007383)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o incentivo de estratexias colaborativas para a captación de financiamento europeo por organismos e entidades públicas e privadas de Galicia [174586](#)

I 48094 (11/POP-007384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das deficiencias na atención ao alumnado con necesidades especiais do IES Rego de Trabe, de Culleredo [174588](#)

I 48096 (11/POP-007386)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia [174590](#)

I 48099 (11/POP-007388)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios de selección dos centros que conformarán a Rede galega de dinamización con empresas na formación profesional no curso 2022-2023 [174593](#)

I 48100 (11/POP-007389)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para iniciar, no ano 2023, os trámites para a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias [174595](#)



I 48101 (11/POP-007390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan de mellora e promoción dos parques empresariais

[174598](#)

I 48102 (11/POP-007391)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a contía anual recibida do Fondo de Compensación Ambiental pola Xunta de Galicia desde 2010

[174600](#)

I 48103 (11/POP-007392)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os informes enviados pola Xunta de Galicia ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico respecto de todos os parques eólicos que están en tramitación por parte do Estado

[174602](#)

I 48104 (11/POP-007393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa Galicia

[174604](#)

I 48108 (11/POP-007394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as listaxes de espera na Unidade de Mama do Hospital Abente y Lago, da Coruña

[174608](#)

I 48116 (11/POP-007395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as accións previstas por parte do Goberno galego ante o contido do Plan de acción da Unión Europea para conservar os recursos pesqueiros e protexer os ecosistemas mariños e a súa posible afectación á pesca galega de artes de fondo

[174612](#)

I 48120 (11/POP-007396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar para non permitir a deturpación do topónimo "A Toxa"

[174616](#)

I 48123 (11/POP-007397)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o deseño dun plan específico para superar o estancamento no uso habitual do galego

[174620](#)



I 48125 (11/POP-007398)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as medidas previstas por parte do Goberno galego para garantir o dereito de acceso á cultura

[174623](#)**I 48127 (11/POP-007399)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre a demanda da comunidade educativa do Centro de Educación Infantil e Primaria de Agolada, na provincia de Pontevedra, dunha reunión coas persoas responsables da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

[174626](#)**I 48129 (11/POP-007400)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre o desenvolvemento normativo feito por parte da Xunta de Galicia da Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia

[174629](#)**I 48131 (11/POP-007401)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre o proxecto que vai desenvolver a Film Commission, recentemente licitada por parte da Xunta de Galicia

[174632](#)**I 48134 (11/POP-007402)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia a respecto da ampliación do comedor escolar do centro público integrado Alfonso VII, de Caldas de Reis

[174634](#)**I 48136 (11/POP-007403)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para garantir o compromiso de excelencia educativa coa veciñanza de Novo Mesoiro e mais coa comunidade educativa do IES A Sardiñeira, da cidade da Coruña

[174637](#)**I 48184 (11/POP-007404)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis**

Sobre os obxectivos conseguidos cos convenios de colaboración asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e determinados concellos galegos

[174641](#)**I 48185 (11/POP-007405)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre os obxectivos conseguidos cos convenios de colaboración asinados pola Consellería do Medio Rural e determinados concellos galegos [174643](#)

I 48186 (11/POP-007406)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a xestión orzamentaria da Xunta de Galicia e dos seus entes instrumentais [174645](#)

I 48188 (11/POP-007408)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego acerca do desenvolvemento da Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia [174648](#)

I 48189 (11/POP-007409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre os criterios do Goberno galego para establecer convenios de colaboración con determinados concellos galegos [174651](#)

I 48190 (11/POP-007410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da falla de execución na súa totalidade dos Fondos de Compensación Interterritorial correspondentes ao exercicio 2020 [174653](#)

I 48191 (11/POP-007411)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da falla de execución do Fondo Covid-19 [174655](#)

I 48192 (11/POP-007412)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da inclusión do proxecto de construción, nas inmediacións da área recreativa de Santa Isabel, no concello de Outeiro de Rei, de dúas piscinas e dun centro de BTT dentro do Plan Hurbe [174657](#)

I 48193 (11/POP-007413)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os recursos públicos con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que se dedicaron á Peregrinación Europea de Jóvenes [174659](#)

I 48199 (11/POP-007414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis



Sobre as medidas previstas por parte do Goberno galego para construír unha nova estación depuradora de augas residuais en Arcade, no concello de Soutomaior [174660](#)

I 48202 (11/POP-007415)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas por parte da Xunta de Galicia para demandar melloras na Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual [174663](#)

I 48204 (11/POP-007416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un pan transversal territorializado de recuperación da igualdade lingüística para o galego, atendendo ás diferentes áreas sociolingüísticas de Galicia [174666](#)

I 48210 (11/POP-007417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Carreira Pazos, Iria

Sobre as medidas previstas para atender ás carencias de persoal no Servizo de Urgencias do Hospital do Barbanza [174669](#)

I 48213 (11/POP-007418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a valoración que fai o Goberno galego a respecto da evolución da crise de prezos no primeiro trimestre de 2023 [174672](#)

I 48217 (11/POP-007419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia de cara á reformulación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade [174675](#)

I 48219 (11/POP-007420)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego acerca do resultado do investimento na mellora das competencias en linguas non estranxeiras do alumnado galego ao longo dos últimos once anos [174678](#)

I 48221 (11/POP-007421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións que está a impulsar a Xunta de Galicia para asegurar que o Estado destine os recursos suficientes ao Proxecto Nós, para o impulso do galego na nova economía dixital da lingua [174682](#)



I 48223 (11/POP-007422)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa protección e coa conservación da cova do monte da Trindade, en Mondoñedo

[174685](#)**I 48225 (11/POP-007423)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as accións de impulso por parte da Xunta de Galicia para garantir o éxito da candidatura «Ferrol, porto da Ilustración» a patrimonio da humanidade

[174688](#)**I 48227 (11/POP-007424)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dun centro de ensino secundario na contorna do barrio de Novo Mesoiro, na cidade da Coruña

[174692](#)**I 48236 (11/POP-007425)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co inicio e o modelo de xestión do centro de atención a persoas con discapacidade de Ourense

[174695](#)**I 48251 (11/POP-007426)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as consideracións do Goberno galego respecto da exclusión de parte do colectivo do marisqueo a pé das axudas directas a persoas autónomas

[174698](#)**I 48260 (11/POP-007427)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre o cumprimento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, no estadio do Couto, en Ourense

[174700](#)**I 48264 (11/POP-007428)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as medidas de reorientación económica previstas polo Goberno galego

[174703](#)**I 48266 (11/POP-007429)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Vidal, Ana Belén e 6 máis**

Sobre o investimento total da Xunta de Galicia en instalacións deportivas en Noia dende o ano 2016

[174706](#)

I 48270 (11/POP-007430)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre o reforzo do orzamento para a Tarxeta Benvida, o Bono Coidado e o Plan de impulso ao aco-
llemento familiar [174709](#)

I 48272 (11/POP-007431)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre o investimento para facilitar a conciliación das familias [174711](#)

I 48278 (11/POP-007432)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre as novas ferramentas que está a proporcionar a Xunta de Galicia ao persoal de atención pri-
maria a través do seu sistema de historia clínica electrónica [174713](#)

I 48286 (11/POP-007433)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre o coñecemento por parte de Augas de Galicia da incidencia do desaugamento de encoros
na baixada de salinidade das augas das rías [174715](#)

I 48296 (11/POP-007434)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a resolución da convocatoria de axudas a entidades sociais con cargo ao 0,7 % do IRPF [174717](#)

I 48300 (11/POP-007435)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a denegación do permiso solicitado polos palangreiros de Celeiro e Muxía para pescar a fin
de semana do 21 e 22 de xaneiro de 2023 [174719](#)

I 48303 (11/POP-007436)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre os proxectos para a restauración da antiga canteira de Niveiro [174721](#)

I 48310 (11/POP-007437)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre as medidas que prevé levar a cabo a Xunta para mellorar a planificación, xestión e execución
orzamentaria nas obras hidráulicas [174723](#)

I 48317 (11/POP-007438)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre a necesidade dun pavillón deportivo no IES Ferrol Vello, do concello de Ferrol [174725](#)

I 48324 (11/POP-007439)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a dotación de depuradoras ecolóxicas en núcleos rurais [174728](#)

I 48332 (11/POP-007440)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para mellorar a atención pediátrica nos concellos de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei [174730](#)

I 48338 (11/POP-007441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de rematar o plan director para a posta en valor do parque do Pasatempo, no concello de Betanzos [174733](#)

I 48344 (11/POP-007442)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a presentación no Parlamento de Galicia dos resultados dos plans de inspección de seguridade industrial [174737](#)

I 48351 (11/POP-007443)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a elaboración do marco normativo que regule a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino [174740](#)

I 48356 (11/POP-007444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar os problemas na captación, potabilización e subministración de auga no concello de Salvaterra de Miño [174743](#)

I 48364 (11/POP-007445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a recuperación da área sanitaria propia da comarca da Mariña [174746](#)

I 48374 (11/POP-007446)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 7 máis

Sobre a rehabilitación do salón de actos do Instituto de Educación Secundaria Alfredo Brañas, de Carballo [174748](#)



I 48381 (11/POP-007447)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre a información solicitada polos deputados e deputadas á Xunta de Galicia ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento [174750](#)

I 48386 (11/POP-007448)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre o saneamento no concello de Neda [174753](#)

I 48387 (11/POP-007449)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 6 máis**

Sobre as accións incluídas no Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía de Galicia [174755](#)

I 48389 (11/POP-007450)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 6 máis**

Sobre o balance que fai o Goberno galego das accións levadas a cabo no plan para potenciar o uso turístico de bens de interese cultural de titularidade pública do Camiño de Santiago [174757](#)

I 48397 (11/POP-007452)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 6 máis**

Sobre as liñas de axuda postas en marcha desde Turismo de Galicia para o fomento e a reactivación do sector en 2022 [174759](#)

I 48404 (11/POP-007453)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para que o desaugamento e a limpeza dos encoros se desenvolva sen causar danos aos bancos marisqueiros das rías galegas [174761](#)

I 48405 (11/POP-007454)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 6 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego da posta en marcha do bono turístico #QuedamosenGalicia [174764](#)

I 48408 (11/POP-007455)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre a valoración do Goberno galego da execución do programa 751A, Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia, dos orzamentos do ano 2022, a 30 de setembro [174766](#)



I 48411 (11/POP-007456)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre a valoración do Goberno galego da execución do programa 761A, de coordinación e promoción do turismo, dos orzamentos do ano 2022, a 30 de setembro

[174767](#)**I 48415 (11/POP-007457)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 6 máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da oferta formativa do Centro Superior de Hostalaría de Galicia

[174769](#)**I 48423 (11/POP-007458)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o número de expedientes sancionadores abertos por Augas de Galicia ao Concello de Oia por verteduras contaminantes da rede de saneamento e depuración

[174771](#)**I 48424 (11/POP-007459)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre o compromiso do Goberno galego de executar as obras de acondicionamento pendentes no edificio antigo dos xulgados situado na Parda, en Pontevedra

[174774](#)**I 48430 (11/POP-007460)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre os recursos, os dispositivos e o persoal para poder prestar a atención precisa na atención á saúde mental

[174776](#)**1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)**

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 48371 (11/PUP-000299)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Díaz Moureira, María Sol e 7 máis**

Sobre o trámite exprés para os proxectos eólicos incluídos no Real decreto lei 20/2022, do 27 de decembro

[174779](#)**I 48612 (11/PUP-000300)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir a falta de facultativo no consultorio periférico de Corrubedo

[174781](#)

I 48634 (11/PUP-000301)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**

Sobre o do encontro mantido con Asturias e Castela e León sobre o Corredor Atlántico Noroeste

[174785](#)**I 48656 (11/PUP-000302)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre o protocolo utilizado polos altos cargos do Goberno galego nas visitas institucionais a concellos nos que se van a realizar investimentos

[174787](#)**1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia****Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación****I 48666 (11/POPX-000093)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas que vai a adoptar o Goberno galego para resolver os problemas estruturais que presenta o sistema sanitario público

[174788](#)**I 48667 (11/POPX-000094)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a política sanitaria do Goberno galego

[174789](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 31 de xaneiro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 48626 (11/POP-007501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do apoio do ferrocarril de mercadorías e do cumprimento da planificación e execución dos proxectos do Corredor Noroeste

Admisión a trámite e publicación

- 47716 (11/POP-007328)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas activadas por parte da Xunta de Galicia para asegurar a accesibilidade ás persoas usuarias do transporte do centro de atención diúrna Castelo da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista da provincia da Coruña

- 47718 (11/POP-007329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o cumprimento da lexislación respecto da atención de seguranza sanitaria na celebración de eventos festivos, musicais e deportivos multitudinarios

- 47720 (11/POP-007330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Carreira Pazos, Iria

Sobre a demanda de anulación da autorización para construír a liña de alta tensión Lousame-Tivo

- 47722 (11/POP-007331)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o apoio da Xunta de Galicia á realización do Festival de Teatro Festivalle, en Vilanova de Arousa

- 47725 (11/POP-007332)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno galego para solucionar os problemas de escorras de auga por mor da chuva na intersección da estrada PO-230 coa N-541, ao seu paso pola parroquia de Pedre, en Cerdedo-Cotobade

- 47728 (11/POP-007333)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as previsións de dispoñibilidade do proxecto de mellora da obra da estrada OU-533

- 47735 (11/POP-007334)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade para corrixir os danos detectados no Centro de Saúde da Pobra de San Xiao, en Láncara

- 47755 (11/POP-007335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a valoración por parte do Goberno galego respecto da execución do programa 561A, sobre o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, dos orzamentos do ano 2022 até o día 30 de setembro

- 47848 (11/POP-007336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación social e laboral

- 47852 (11/POP-007337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda de puntos de encontro familiar

- 47976 (11/POP-007338)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a carencia de plan de igualdade por parte da empresa Alcor Seguridade S.L., adxudicataria do servizo de vixilancia nos edificios da Consellería de Política Social e Xuventude

- 47977 (11/POP-007339)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre os empadroados masivos en inmobles inhabitables en Castrelo de Miño

- 47982 (11/POP-007340)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis



Sobre as previsións do Goberno galego para habilitar axudas aos concellos da provincia de Ourense afectados polas inundacións acontecidas en xaneiro

- 47985 (11/POP-007341)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do aumento dos delitos de odio contra as persoas LGTBI

- 47998 (11/POP-007342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para favorecer a dispoñibilidade dun maior número de vivendas para destino social

- 48005 (11/POP-007343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de iniciar a elaboración dun plan de xestión do monumento natural da costa de Dexo-Serantes

- 48012 (11/POP-007344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a renovación da frota pesqueira galega

- 48017 (11/POP-007345)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar que a prohibición de faenar cun buque de pesca equipado cun motor cuxa potencia real exceda a establecida na súa licenza, recollida no Real decreto 1044/2022, afecte a frota pesqueira galega

- 48036 (11/POP-007346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir todas as baixas e vacacións da atención primaria da comarca da Mariña

- 48047 (11/POP-007347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de retirar e solicitar a devolución da Medalla de Ouro de Galicia a Francisco Álvarez Cascos

- 48048 (11/POP-007348)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre a política do Goberno galego para aumentar a oferta de ciclos formativos na bisbarra da Costa da Morte

- 48049 (11/POP-007349)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do resultado acadado pola fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade

- 48050 (11/POP-007350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as axudas ás familias e aos sectores produtivos de Galicia por parte do Goberno galego

- 48051 (11/POP-007351)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a cantidade de recursos totais que recibiu a Xunta de Galicia do Goberno do Estado para o bono social eléctrico e o bono social térmico entre os anos 2020 e 2022

- 48052 (11/POP-007352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre os recursos económicos achegados pola Xunta de Galicia nos anos 2020 e 2021 aos concellos galegos para faceren fronte ao incremento de gasto derivado da aplicación de medidas que eviten a propagación do virus SARS-CoV-2

- 48053 (11/POP-007353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a convocatoria pública de subvencións destinadas aos concellos galegos a través do réxime de concorrência non competitiva

- 48054 (11/POP-007354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos resultados obtidos tras o reforzamento dos servizos de autobús, en horarios e frecuencias, entre os centros penitenciarios e as poboacións máis próximas

- 48055 (11/POP-007355)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego dos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas e determinados concellos galegos



- 48056 (11/POP-007356)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego, a través da Axencia Galega de Turismo, para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos en 2020 e 2021

- 48057 (11/POP-007357)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para abordar o debate sobre a actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local

- 48058 (11/POP-007358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para negociar coa Federación Galega de Municipios e Provincias un proxecto de lei que regule a participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia

- 48060 (11/POP-007359)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os obxectivos acadados polos convenios de colaboración asinados pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes con determinados concellos galegos

- 48062 (11/POP-007360)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as previsións do Goberno galego de elaborar un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas nos últimos cinco anos

- 48066 (11/POP-007361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a documentación complementaria das subvencións para a creación da plataforma de *marketplace* para produtos agroalimentarios no medio rural

- 48067 (11/POP-007362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as accións previstas pola Xunta de Galicia para evitar que a empresa Alcoa San Cibrao incumpra os acordos

- 48068 (11/POP-007363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre as subvencións para as actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia

- 48069 (11/POP-007364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a escolla do procedemento de concesión en réxime de concorrència competitiva para as subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes

- 48070 (11/POP-007365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das subvencións en concorrència non competitiva para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos aos concellos beneficiados

- 48071 (11/POP-007366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural respecto dos convenios de colaboración con determinados concellos galegos para obras de infraestruturas rurais nos exercicios 2020-2021

- 48072 (11/POP-007367)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a execución dos recursos destinados a favorecer a inserción laboral de calidade

- 48073 (11/POP-007368)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o destino dado pola Xunta de Galicia en 2021 ás cantidades recibidas en concepto de participación nos ingresos do imposto especial sobre os hidrocarburos

- 48074 (11/POP-007369)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social

- 48075 (11/POP-007370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as instalacións do Instituto de Educación Secundaria As Mariñas, de Betanzos

- 48076 (11/POP-007371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción no exercicio 2022 dos custos de mantemento dos centros de atención primaria que soportan os concellos

- 48077 (11/POP-007372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a dotación de persoal no Centro de Saúde de Oza dos Ríos

- 48078 (11/POP-007373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración por parte do Goberno galego das medidas adoptadas para reverter a perda de poboación

- 48079 (11/POP-007374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as infraestruturas ou melloras de infraestruturas realizadas para a mellora da xestión do ciclo da auga desde 2010 ata a actualidade

- 48080 (11/POP-007375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a convocatoria pública de subvencións destinadas aos concellos galegos a través do réxime de concorrencia non competitiva

- 48081 (11/POP-007376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o grao de desenvolvemento das medidas previstas na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia

- 48082 (11/POP-007377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o modelo eólico do Goberno galego na actualidade

- 48085 (11/POP-007379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos obxectivos acadados coas subvencións para a habilitación e a mellora das infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia nos últimos seis anos

- 48086 (11/POP-007380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a posta en funcionamento do comedor escolar na Escola Infantil de Camariñas



- 48088 (11/POP-007381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as consecuencias demográficas da redución de docentes nalgúns centros de ensino

- 48090 (11/POP-007382)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da achega por parte dun senador dun documento con propostas formuladas anteriormente pola Xunta de Galicia

- 48092 (11/POP-007383)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o incentivo de estratexias colaborativas para a captación de financiamento europeo por organismos e entidades públicas e privadas de Galicia

- 48094 (11/POP-007384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das deficiencias na atención ao alumnado con necesidades especiais do IES Rego de Trabe, de Culleredo

- 48096 (11/POP-007386)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia

- 48099 (11/POP-007388)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios de selección dos centros que conformarán a Rede galega de dinamización con empresas na formación profesional no curso 2022-2023

- 48100 (11/POP-007389)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para iniciar, no ano 2023, os trámites para a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias

- 48101 (11/POP-007390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan de mellora e promoción dos parques empresariais



- 48102 (11/POP-007391)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a contía anual recibida do Fondo de Compensación Ambiental pola Xunta de Galicia desde 2010

- 48103 (11/POP-007392)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os informes enviados pola Xunta de Galicia ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico respecto de todos os parques eólicos que están en tramitación por parte do Estado

- 48104 (11/POP-007393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa Galicia

- 48108 (11/POP-007394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as listaxes de espera na Unidade de Mama do Hospital Abente y Lago, da Coruña

- 48116 (11/POP-007395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as accións previstas por parte do Goberno galego ante o contido do Plan de acción da Unión Europea para conservar os recursos pesqueiros e protexer os ecosistemas mariños e a súa posible afectación á pesca galega de artes de fondo

- 48120 (11/POP-007396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar para non permitir a deturpación do topónimo "A Toxa"

- 48123 (11/POP-007397)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o deseño dun plan específico para superar o estancamento no uso habitual do galego

- 48125 (11/POP-007398)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas por parte do Goberno galego para garantir o dereito de acceso á cultura



- 48127 (11/POP-007399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a demanda da comunidade educativa do Centro de Educación Infantil e Primaria de Agolada, na provincia de Pontevedra, dunha reunión coas persoas responsables da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

- 48129 (11/POP-007400)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o desenvolvemento normativo feito por parte da Xunta de Galicia da Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia

- 48131 (11/POP-007401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o proxecto que vai desenvolver a Film Commission, recentemente licitada por parte da Xunta de Galicia

- 48134 (11/POP-007402)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia a respecto da ampliación do comedor escolar do centro público integrado Alfonso VII, de Caldas de Reis

- 48136 (11/POP-007403)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para garantir o compromiso de excelencia educativa coa veciñanza de Novo Mesoire e mais coa comunidade educativa do IES A Sardiñeira, da cidade da Coruña

- 48184 (11/POP-007404)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os obxectivos conseguidos cos convenios de colaboración asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e determinados concellos galegos

- 48185 (11/POP-007405)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os obxectivos conseguidos cos convenios de colaboración asinados pola Consellería do Medio Rural e determinados concellos galegos

- 48186 (11/POP-007406)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a xestión orzamentaria da Xunta de Galicia e dos seus entes instrumentais



- 48188 (11/POP-007408)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego acerca do desenvolvemento da Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia

- 48189 (11/POP-007409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre os criterios do Goberno galego para establecer convenios de colaboración con determinados concellos galegos

- 48190 (11/POP-007410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da falla de execución na súa totalidade dos Fondos de Compensación Interterritorial correspondentes ao exercicio 2020

- 48191 (11/POP-007411)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da falla de execución do Fondo Covid-19

- 48192 (11/POP-007412)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da inclusión do proxecto de construción, nas inmediações da área recreativa de Santa Isabel, no concello de Outeiro de Rei, de dúas piscinas e dun centro de BTT dentro do Plan Hurbe

- 48193 (11/POP-007413)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os recursos públicos con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que se dedicaron á Peregrinación Europea de Jóvenes

- 48199 (11/POP-007414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as medidas previstas por parte do Goberno galego para construír unha nova estación depuradora de augas residuais en Arcade, no concello de Soutomaior

- 48202 (11/POP-007415)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas por parte da Xunta de Galicia para demandar melloras na Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual



- 48204 (11/POP-007416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un pan transversal territorializado de recuperación da igualdade lingüística para o galego, atendendo ás diferentes áreas sociolingüísticas de Galicia

- 48210 (11/POP-007417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Carreira Pazos, Iria

Sobre as medidas previstas para atender ás carencias de persoal no Servizo de Urgencias do Hospital do Barbanza

- 48213 (11/POP-007418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a valoración que fai o Goberno galego a respecto da evolución da crise de prezos no primeiro trimestre de 2023

- 48217 (11/POP-007419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia de cara á reformulación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade

- 48219 (11/POP-007420)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego acerca do resultado do investimento na mellora das competencias en linguas non estranxeiras do alumnado galego ao longo dos últimos once anos

- 48221 (11/POP-007421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións que está a impulsar a Xunta de Galicia para asegurar que o Estado destine os recursos suficientes ao Proxecto Nós, para o impulso do galego na nova economía dixital da lingua

- 48223 (11/POP-007422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa protección e coa conservación da cova do monte da Trindade, en Mondoñedo

- 48225 (11/POP-007423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis



Sobre as accións de impulso por parte da Xunta de Galicia para garantir o éxito da candidatura «Ferro, porto da Ilustración» a patrimonio da humanidade

- 48227 (11/POP-007424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dun centro de ensino secundario na contorna do barrio de Novo Mesoiro, na cidade da Coruña

- 48236 (11/POP-007425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co inicio e o modelo de xestión do centro de atención a persoas con discapacidade de Ourense

- 48251 (11/POP-007426)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as consideracións do Goberno galego respecto da exclusión de parte do colectivo do marisqueo a pé das axudas directas a persoas autónomas

- 48260 (11/POP-007427)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o cumprimento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, no estadio do Couto, en Ourense

- 48264 (11/POP-007428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas de reorientación económica previstas polo Goberno galego

- 48266 (11/POP-007429)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Vidal, Ana Belén e 6 máis

Sobre o investimento total da Xunta de Galicia en instalacións deportivas en Noia dende o ano 2016

- 48270 (11/POP-007430)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre o reforzo do orzamento para a Tarxeta Benvida, o Bono Coidado e o Plan de impulso ao acoñecemento familiar

- 48272 (11/POP-007431)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis



Sobre o investimento para facilitar a conciliación das familias

- 48278 (11/POP-007432)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as novas ferramentas que está a proporcionar a Xunta de Galicia ao persoal de atención primaria a través do seu sistema de historia clínica electrónica

- 48286 (11/POP-007433)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre o coñecemento por parte de Augas de Galicia da incidencia do desaugamento de encoros na baixada de salinidade das augas das rías

- 48296 (11/POP-007434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a resolución da convocatoria de axudas a entidades sociais con cargo ao 0,7 % do IRPF

- 48300 (11/POP-007435)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a denegación do permiso solicitado polos palangreiros de Celeiro e Muxía para pescar a fin de semana do 21 e 22 de xaneiro de 2023

- 48303 (11/POP-007436)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre os proxectos para a restauración da antiga canteira de Niveiro

- 48310 (11/POP-007437)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as medidas que prevé levar a cabo a Xunta para mellorar a planificación, xestión e execución orzamentaria nas obras hidráulicas

- 48317 (11/POP-007438)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a necesidade dun pavillón deportivo no IES Ferrol Vello, do concello de Ferrol

- 48324 (11/POP-007439)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a dotación de depuradoras ecolóxicas en núcleos rurais



- 48332 (11/POP-007440)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para mellorar a atención pediátrica nos concellos de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei

- 48338 (11/POP-007441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de rematar o plan director para a posta en valor do parque do Pasatempo, no concello de Betanzos

- 48344 (11/POP-007442)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a presentación no Parlamento de Galicia dos resultados dos plans de inspección de seguridade industrial

- 48351 (11/POP-007443)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a elaboración do marco normativo que regule a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino

- 48356 (11/POP-007444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar os problemas na captación, potabilización e subministración de auga no concello de Salvaterra de Miño

- 48364 (11/POP-007445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a recuperación da área sanitaria propia da comarca da Mariña

- 48374 (11/POP-007446)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 7 máis

Sobre a rehabilitación do salón de actos do Instituto de Educación Secundaria Alfredo Brañas, de Carballo

- 48381 (11/POP-007447)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a información solicitada polos deputados e deputadas á Xunta de Galicia ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento



- 48386 (11/POP-007448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o saneamento no concello de Neda

- 48387 (11/POP-007449)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre as accións incluídas no Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía de Galicia

- 48389 (11/POP-007450)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego das accións levadas a cabo no plan para potenciar o uso turístico de bens de interese cultural de titularidade pública do Camiño de Santiago

- 48397 (11/POP-007452)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre as liñas de axuda postas en marcha desde Turismo de Galicia para o fomento e a reactivación do sector en 2022

- 48404 (11/POP-007453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para que o desaugamento e a limpeza dos encoros se desenvolva sen causar danos aos bancos marisqueiros das rías galegas

- 48405 (11/POP-007454)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da posta en marcha do bono turístico #QuedamosenGalicia

- 48408 (11/POP-007455)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a valoración do Goberno galego da execución do programa 751A, Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia, dos orzamentos do ano 2022, a 30 de setembro

- 48411 (11/POP-007456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a valoración do Goberno galego da execución do programa 761A, de coordinación e promoción do turismo, dos orzamentos do ano 2022, a 30 de setembro



- 48415 (11/POP-007457)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da oferta formativa do Centro Superior de Hostalaría de Galicia

- 48423 (11/POP-007458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o número de expedientes sancionadores abertos por Augas de Galicia ao Concello de Oia por verteduras contaminantes da rede de saneamento e depuración

- 48424 (11/POP-007459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o compromiso do Goberno galego de executar as obras de acondicionamento pendentes no edificio antigo dos xulgados situado na Parda, en Pontevedra

- 48430 (11/POP-007460)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre os recursos, os dispositivos e o persoal para poder prestar a atención precisa na atención á saúde mental

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 48371 (11/PUP-000299)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Moureira, María Sol e 7 máis

Sobre o trámite exprés para os proxectos eólicos incluídos no Real decreto lei 20/2022, do 27 de decembro

- 48612 (11/PUP-000300)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir a falta de facultativo no consultorio periférico de Corrubedo

- 48634 (11/PUP-000301)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre o do encontro mantido con Asturias e Castela e León sobre o Corredor Atlántico Noroeste



- 48656 (11/PUP-000302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre o protocolo utilizado polos altos cargos do Goberno galego nas visitas institucionais a concellos nos que se van a realizar investimentos

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 48666 (11/POPX-000093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que vai a adoptar o Goberno galego para resolver os problemas estruturais que presenta o sistema sanitario público

- 48667 (11/POPX-000094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a política sanitaria do Goberno galego

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A xustificación da urxencia vén dada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie sobre una materia de especial interese e pola importancia de tomar canto antes un acordo que fortaleza a posición de Galiza nun momento decisivo para o acceso ao financiamento con fondos europeos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza leva moitos anos de retraso e desvantaxe en materia de transporte ferroviario de mercadorías, por decisións adoptadas en Madrid e Bruxelas e que contaron co beneplácito dos dous grupos políticos do bipartidismo estatal.

En 2019 o europarlamento e a Comisión Europea incluíron na Rede Básica o Corredor Atlántico Noroeste (a conexión desde Palencia cara a León e desde aquí a Asturias e Galiza), corrixindo unha decisión anterior absurda (deixaba fóra do Corredor





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Atlántico os portos do Atlántico) e discriminatoria (relegaba os investimentos para despois de 2030).

Mais naquel momento xa estabamos nunha posición de retraso, xa iamos no furgón de cola. A causa desta situación é o deseño centralista das infraestruturas (o Corredor Atlántico pasa por Madrid) e a priorización do Corredor Mediterráneo na planificación e nos investimentos.

O resumo da situación é o seguinte:

- i) O Goberno central priorizou na última década o corredor atlántico central e o corredor mediterráneo.
- ii) A maior parte dos investimentos asignados ao Corredor Atlántico foron asignados a Madrid, Andalucía e Euskadi.
- iii) O Corredor Mediterráneo conta con un Comisionado desde 2017. O do Corredor Atlántico acaba de anunciarse mediante un anuncio efectista, xa veremos se efectivo.
- iv) O Corredor Mediterráneo conta con estratexia definida e programa de investimentos. O Corredor Atlántico carece de planificación e de cronograma claro de investimentos. E dentro do Corredor Atlántico, o Corredor Atlántico Noroeste (liña Venta de Baños-León-Galiza) vai con máis retraso. As únicas obras que están en marcha en Galiza son a conexión ferroviaria do porto exterior da Coruña e a mellora do trazado entre Ourense e Monforte (forma parte da mellora da liña férrea Ourense-Lugo)
- v) En pleno século XXI temos infraestruturas e servizos ferroviarios de mercadorías do século XIX. Un tren de mercadorías tarda 23 horas en chegar desde Vigo a Barcelona. Así non avanzamos, así non podemos ser un país conectado e competitivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por se non fose abondo, Galiza foi excluída do borrador da Rede de Autoestradas Ferroviarias, o sistema para o transporte ferroviario de camiións cargados con mercadorías para facer por estrada o “último km”. O BNG xa presentou iniciativas no Congreso para corrixir esta nova discriminación.

2. Galiza non pode ficar outra vez atrás, o impulso do Corredor Ferroviario Noroeste é estratéxico e prioritario. En primeiro lugar porque o tren é o transporte do futuro e quen non xogue nesa liga non é competitivo. En segundo termo porque o tren é máis económico, máis lóxico e máis ecolóxico. E, por último, o tren é unha peza clave dun deseño integrado e intermodal.

Aínda que tarde, estamos nun momento decisivo para darlle pulo ao transporte ferroviario de mercadorías xa que se están mobilizando grandes sumas de diñeiro para o ferrocarril (no Mecanismo Conectar Europa e no Plan de Recuperación e Resiliencia).

Mais non é o momento de fotos e declaracións, é o momento de facer proxectos, de facer obras. Pasou o tempo dos lamentos, estamos no tempo dos investimentos.

Dentro da Estratexia Ferroviaria de Galiza, o transporte de mercadorías xoga un papel central, á par das propostas en materia de mobilidade para as persoas. E ademais da conexión do Corredor Noroeste, clave para o transporte cara Europa, é fundamental avanzar no fomento da conexión ferroviaria de mercadorías con Portugal.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Vai o goberno galego apoiar a creación dunha comisión de seguimento, coa participación dos partidos políticos con representación no parlamento galego, que vele polo impulso do ferrocarril de mercadorías e polo cumprimento da planificación e da execución dos proxectos do Corredor Noroeste e da conexión con Portugal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Carmela González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 30/01/2023 13:37:22

Paulo Ríos Santomé na data 30/01/2023 13:37:42

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/01/2023 13:37:55

Alexandra Fernández Gómez na data 30/01/2023 13:38:02

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2023 13:38:08

María González Albert na data 30/01/2023 13:38:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/01/2023 13:38:36

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2023 13:38:45

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2023 13:38:51

María del Carmen Aira Díaz na data 30/01/2023 13:39:00

Daniel Castro García na data 30/01/2023 13:39:09

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2023 13:39:17

Iria Carreira Pazos na data 30/01/2023 13:39:25

Daniel Pérez López na data 30/01/2023 13:39:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/01/2023 13:39:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 30/01/2023 13:39:49

Mercedes Queixas Zas na data 30/01/2023 13:39:57

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/01/2023 13:40:04

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2023 13:40:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de resolver as deficiencias de accesibilidade ao transporte do centro de atención diúrna Castelo de Aspanaes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa varios anos que a comunidade educativa está a denunciar os problemas que padecen co transporte escolar; un problema que afecta a todas as etapas, pero que acada niveis condicionantes no caso do ensino “non obrigatorio” ao non garantir a súa gratuidade universal en condicións de igualdade para o conxunto do alumnado.

Ás deficiencias que xa temos trasladado de forma reiterada a esta cámara desde o grupo parlamentario do BNG súmanse agora outras que afectan ás garantías de accesibilidade ao transporte escolar.

Referímonos ás reclamacións que nos fan chegar familias do centro de atención diúrna de Aspanaes a respecto da falta de autobuses adaptados á realidade das usuarias que se deslocan a este centro diariamente e que soportan diferentes circunstancias físicas e psíquicas que dificultan ou limitan a súa mobilidade.

O complexo acceso a algúns dos autobuses que cobren este servizo por parte da empresa responsábel da concesión outorgada pola Xunta compromete a seguridade das usuarias e dificulta o traballo do persoal que asiste neste servizo, o que non fai máis que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acrecentar dificultades de atención e coidado ás propias dun servizo destas características.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Que medidas activou a Xunta para asegurar unha accesibilidade con plenas garantías ás usuarias do transporte do centro de atención diúrna Castelo de Aspanaes?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2023 09:51:27

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2023 09:51:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 20/01/2023 09:51:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o cumprimento da lexislación a respecto da atención de seguridade sanitaria na celebración de eventos festivos, musicais e deportivos multitudinarios.

A celebración de eventos festivos, deportivos e musicais ao longo do pasado verán en que concorreron miles de persoas requiriu a aplicación dunha normativa de atención de seguridade sanitaria que está determinada polo Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, así como polo Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario.

No Grupo Parlamentar do BNG recibimos con preocupación o desacougo da cidadanía galega ante algunhas prácticas que semellan posíbeis incumprimentos da lexislación por parte de empresas de ambulancias.

Estas supostas prácticas irregulares refírense a varias cuestións: uso de vehículos de tipo A non acondicionados para traslados de urxencia que poden producirse neste tipo de eventos festivos ou deportivos multitudinarios; dotación incompleta do persoal mínimo esixíbel para ambulancias uvis móbiles tipo C; rotulación irregular dalgunhas ambulancias; montaxe de hospitais de campaña en eventos multitudinarios insuficientemente dotados conforme a lexislación vixente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pode asegurar o goberno que a asistencia sanitaria en eventos multitudinarios cumpre coas esixencias fixadas pola lexislación vixente conforme o Decreto 12/2009, Decreto 52/2015 e Decreto 836/2012?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2023 10:18:56

Daniel Castro García na data 20/01/2023 10:19:08

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2023 10:19:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a demanda de anular a autorización para a construción da liña de alta tensión Lousame-Tibo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de agosto o Consello da Xunta autorizou a construción da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo, cunha extensión de 40 km que atravesan unha decena de concellos entre as dúas localidades mencionadas.

Este acordo demorou un mes en ser comunicado publicamente e ignorou as múltiples alegacións presentadas pola veciñanza, por diferentes concellos afectados, así como o informe negativo do Consello da Cultura Galega, máximo órgano asesor da Xunta.

As alegacións presentadas incidían na alta desprotección dos valores patrimoniais culturais da zona, no incumprimento das medidas de salvagarda, así como no forte impacto degradativo dunha paisaxe cultural singular e protexida como é o Castro Lupario, a aldea de Angueira de Castro, o Pazo do Faramello ou o propio Camiño de Santiago, o Camiño Portugués, entre Iria e Compostela.

O ámbito da afectación é definido polo CCG como “un espazo de calidades culturais relevantes” que constitúe “unha paisaxe cultural construída ao longo dos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tempos que conserva moitos dos elementos desa construción histórica e na que a comunidade se identifica”.

No Catálogo das Paisaxes de Galiza son recoñecidas as liñas de alta tensión como causantes de fortes impactos e interferencias na paisaxe que rodea os diferentes Camiños de Santiago.

Sen dubida, este un claro exemplo dunha realidade que no BNG entendemos que aínda estamos a tempo de frear e, consecuentemente, salvar os bens protexidos como parte dunha paisaxe cultural global que constitúe territorio histórico do Camiño de Santiago.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Entende a Xunta que a autorización de construción da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo garante a preservación e protección da paisaxe cultural e dos valores patrimoniais afectados que a conforman como o Castro Lupario, a aldea de Angueira de Castro, o Pazo do Faramello ou o propio Camiño Portugués?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2023 10:26:39

Iria Carreira Pazos na data 20/01/2023 10:26:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o apoio da Xunta á celebración do Festivalle.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo, entre os días 11 e 15, celebrouse en Vilanova de Arousa o Festivalle, un festival de teatro centrado monograficamente na figura do dramaturgo e creador do esperpento Ramón María del Valle-Inclán.

Presentouse esta como unha cita inaugural, por parte dos responsábeis, nada con vocación de continuidade, dirixida por José Luis Méndez Romeu, promovida pola Asociación de Amigos de Valle-Inclán e apoiada economicamente pola Xunta de Galiza, ademais de polo INAEM.

O programa de Festivalle ofreceu, por unha banda, representacións teatrais da autoría de Valle-Inclán e, pola outra, un curso de verán centrado na vida do dramaturgo e diferentes actividades culturais coincidentes no obxectivo común de redescubrir o autor desde a súa vila natal.

O apoio da Xunta a este novo festival sorprendeu no sector das artes escénicas, ao se descoñeceren os criterios públicos que sustentan a implicación económica, cando outros festivais de artes escénicas de longa traxectoria e recoñecemento son refrendados





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por outras institucións públicas galegas e estatais, mentres que do propio goberno galego só reciben indiferenza e desatención.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Responde a participación económica da Xunta para co Festivalle aos principios de equidade, igualdade e transparencia?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2023 10:33:36

Daniel Castro García na data 20/01/2023 10:33:43





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2023 10:33:54



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O pasado 24 de decembro acontecía no Concello de Cerdedo - Cotobade un trágico accidente á altura da parroquia de Pedre na estrada N-541 con terribles consecuencias.

Dende o primeiro momento o PP está a vincular este suceso exclusivamente co estado de conservación da estrada nacional obviando que xusto a escasos metros do punto do sinistro se atopa a intersección da estrada PO-230 de titularidade autonómica.

Estrada autonómica que ocasiona unha esorrentía de forma continua sobre a nacional 541 provocando unha balsa de auga que supón un grave perigo para a circulación viaria.

Para solucionar este problema no ano 2017 acometeuse polo Ministerio de Fomento unha actuación valorada en 2.771.975,13 euros consistente no desprazamento da intersección que naquel momento estaba pegada á ponte, e na incorporación de carrís de cambio de velocidade (desaceleración e aceleración) e carrís centrais de espera para o xiro á esquerda cara a estrada autonómica.

O goberno da Xunta de Galicia pola súa banda ampliou a PO- 230 dende o núcleo de Serrapio ata o seu entronque coa estrada nacional e habilitou beirarrúas.

Na actualidade debido ás abundantes choivas se están a producir desbordamentos e acumulación de auga nesta estrada sen que ningunha destas actuacións servira para solucionar o problema de esorrentía existente.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a mellora da situación destas estradas pasa unicamente por unha actuación conxunta e coordinada, polo que a igual que o está a facer o goberno do Estado, a Administración autonómica



ten que actuar na estrada PO-230 para solucionar o problema de embalsamento de auga que se produce e manter as beirarrúas limpas como medida de mantemento e conservación das estradas e de prevención de accidentes.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto este goberno actuar na estrada PO-230 na súa intersección con N-541, ao paso pola parroquia de Pedre, Concello de Cerdedo-Cotobade, co fin de solucionar de inmediato os problemas de escorrentía de auga que se producen por mor da choiva?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey

Patricia Otero Rodríguez

Eduardo Ojea Arias

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/01/2023 11:01:55

Patricia Otero Rodríguez na data 20/01/2023 11:02:05

Eduardo Ojea Arias na data 20/01/2023 11:02:15



Á Mesa do Parlamento

Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A porta natural a Galicia pódese considerar que é polo val do Sil, as outras posibilidades conlevan variacións orográficas importantes. No val do Sil atópase Valdeorras, no oriente ourensá.

Esta comarca leva sendo abandonada por case todas as administracións ao longo do tempo, sobre todo nas comunicacións por estradas ou polo tren. A puxanza económica nestes momentos tan crítica, fai que as infraestruturas sexan cada vez mais necesarias. A A-76 que é a solución que necesita o oriente galego vai con moito atraso. A A-6 permite a mobilidade cara o norte A Coruña, Ferrol..., mais as mercadorías valdeorresas teñen o sur coma referencia, Ourense, Vigo..

Unha posibilidade real para comunicar Valdeorras co resto de Galicia e é pola estrada OU-533 da Rúa a A Gudiña, que une coa A-52, podendo ir a Vigo e a Madrid.

Tamén coa chegada do AVE (Alvia) a Ourense, a estación de A Gudiña é a estación de referencia de Valdeorras e Viana. Todo isto fai que esta estrada teña que adaptarse a nova situación de mobilidade por ela.

Dende o alto do Covelo ata A Gudiña a distancia é de 20 quilómetros, e soamente hai 5 tramos para poder adiantar, e dicir só hai 1500 metros para facer un adiantamento.

Dado o tráfico pesado que está a soportar fai que se faga mais lento o traxecto, e aumentando o perigo.

Logo da presentación pola nosa parte a finais do 2022 dunha iniciativa para que por en valor o compromiso adquirido no 2019 para o arranxo da estrada OU-533. Ante esa demanda, a Xunta mostrou o seu interese para que se cumprira dito compromiso. Para avalalo, no Proxecto do orzamento para o ano 2023, xa ben incluído unha partida co Código do proxecto 2022-00005, co nome de mellora da rede viaria de Ourense. O proxecto inclúe dúas estradas a OU-540 de Celanova a



Bande e a OU-533 de A Rúa a A Gudiña no mesmo código. Segundo se manifesta ten previsto un orzamento conxunto de 19 M de €, en 4 anualidades.

Da OU- 540 a Xunta de Galicia xa presentou o seu proxecto cun orzamento de 10,3M de euros e xa están iniciadas as obras. Por eliminación, para a estrada OU-533 súa asignación plurianual sería de 8,7 M de €, en 4 anos.

Dado o volume de obra que se necesita realizar para transformala nunha estrada moderna , dinámica e segura, circunvalando poboacións importantes como Viana e A Gudiña, parécenos pouco orzamento en xeral.

No 2023 hai 2,5 millóns de euros para as dúas obras, sen especificar o orzamento que lle corresponde a cada obra de mellora. Ante esta imposibilidade de coñecer o que lle corresponde a OU-533 é polo que nos gustaría coñecer cal vai ser a cronoloxía desta obra de mellora da estrada OU-533.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

1. Cando estará ao dispor o proxecto da obra de mellora?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Eduardo Ojea Arias

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 20/01/2023 11:11:57

Patricia Otero Rodríguez na data 20/01/2023 11:12:04

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o estado no que se atopa o centro de saúde da Pobra de San Xiao e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o persoal do centro de saúde da Pobra de San Xiao, no Concello de Láncara, denunciou o mal estado no que se atopa o espazo da caldeira e os prexuízos que isto provoca ao deixar sen funcionamento o sistema de calefacción.

Segundo trasladaron publicamente este é un problema recorrente que tería unha orixe estrutural.

Este centro de saúde foi inaugurado a finais dos anos noventa e a Xunta de Galiza acometeu obras recentemente, segundo o propio SERGAS, para a mellora da cuberta e da fachada, porén, semella que non se solventaron todas ou que volven aparecer toda vez que hai pingueiras neste espazo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai adoptar a Consellaría de Sanidade algunha medida para resolver estes problemas e garantir o correcto funcionamento do centro de saúde da Pobra de San Xiao?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2023 11:20:19

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2023 11:20:23



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Goberno galego na anterior Lexislatura deixou sen executar 163 millóns de euros na partida orzamentaria de I+D+i, no programa 561A.

No ano 2021 a Xunta de Galicia só executou o 55 % do programa 561A sobre o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. Volvendo a non executar os orzamentos outro ano máis, quedando o 45 % do orzamento sen executar, 80 millóns de euros.

No ano 2022 a 30 de setembro o Goberno autonómico no programa 561A sobre o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica só executou o 17,6 % do orzamento para I+D+i.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da execución do programa 561A sobre o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica dos orzamentos do ano 2022 a 30 de setembro?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/01/2023 12:22:01

Martín Seco García na data 20/01/2023 12:22:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á grave crise social e económica que atravesamos o noso país así como ás medidas de reorientación e transformación social e económica que atravesamos o noso país e medidas de reorientación e transformación que debe adoptar o goberno galego no mercado de traballo e no sector industrial para superala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A análise dos datos dos últimos meses do Instituto Nacional de Estatística, do Instituto Galego de Estatística, da propia Enquisa de Poboación Activa, e dos informes de outros organismos independentes de recoñecida solvencia e prestixio, poñen de manifesto a grave crise social e económica que atravesamos o noso país, que hai que enmarcar nun contexto de crise xeneralizada a nivel estatal e europeo, pero que conta con variábeis e matices propios. Unha crise que esixe que a Xunta de Galiza adopte medidas de reorientación e transformación do mercado de traballo galego e do propio sector industrial, para superala.

Os datos do paro correspondentes ao mes de decembro de 2022 evidencian unha vez máis a febleza e os problemas estruturais que padece o mercado laboral galego, que continúa a expulsar persoas traballadoras, con 5.345 afiliadas menos neste mes con respecto ao mes anterior. E iso que neste período o número de persoas desempregadas rexistrou un leve descenso debido á contratación a tempo parcial no sector servizos coincidindo coa campaña de Nadal. Tamén se rexistraron 11.000 contratos menos que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en novembro e case 21.000 menos respecto ao mesmo período do ano 2021, aumentando o desemprego no sector primario, na industria e na construción. O único sector no que baixa o paro é nos servizos, o que demostra unha vez máis a febleza do mercado laboral e do modelo económico implantado en Galiza.

A mocidade galega foi unha das grandes damnificada na crise do 2008 e da crise derivada da pandemia. E atendendo aos indicadores económicos, a historia parece que vai camiño de repetirse coa actual. Falamos dun colectivo que leva anos arrastrando problemas estruturais, como a fenda salarial entre mocidade e resto de traballadores e traballadoras, e un mercado de traballo marcado pola temporalidade e a parcialidade. Unha situación precaria que aboca ás mozas e mozos galegos á emigración, coa conseguinte perda de forza de traballo altamente cualificada para o mercado de traballo do noso país.

A situación sociolaboral da muller galega segue a ser desfavorábel en comparación coa dos homes, e, en termos xerais, moi precaria. Porque a pesar de que hai indicadores que amosan unha certa mellora, segue a estar por debaixo da situación da poboación traballadora masculina no relativo á taxa de actividade e taxa de ocupación. Porén, a taxa de paro feminina (11,8%) é superior á dos homes (9,8%). O 58,3% das persoas paradas rexistradas son mulleres. Ao que hai que sumarlle que a muller segue a desempeñar actividades altamente feminizadas e traballos infravalorados, caracterizados pola precariedade laboral. Igual que o colectivo da mocidade galega, a situación da muller no mercado de traballo vén marcada pola parcialidade, temporalidade e a fenda salarial, neste caso, de xénero.

No relativo á industria, a situación non é mellor. En decembro de 2022 todos os sectores da industria galega baixaron a súa produción, cunha taxa xeral negativa do 5,4%, agás o enerxético. Que avanza un 17%. Porén, a evolución da produción





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

industrial estatal foi positiva, ao medrar un 2,2%. Esta precaria situación social e económica da Galiza coincide cunha elevada inflación, que provoca un proceso de empobrecemento das persoas máis desfavorecidas. O cal é un problema atendendo a que no nos país hai 700.000 persoas en risco de pobreza e exclusión social, segundo datos do informe de EAPN-Galiza.

Fronte a isto, é imprescindible levar a cabo un profundo cambio do sistema económico e social para favorecer a creación de emprego de calidade, con salarios dignos, apostando por un maior peso do sector industrial na nosa economía e por sectores emerxentes, dándolle prioridade nas políticas sociolaborais a mulleres e mocidade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora o goberno galego a situación social e laboral da Galiza a día de hoxe?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 20/01/2023 12:43:37

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/01/2023 12:43:42

Rosana Pérez Fernández na data 20/01/2023 12:43:53



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En Galicia existen 8 Puntos de Encontro Familiar, sitios 7 nas grandes cidades e 1 en Ribeira, que foron regulados no ano 2014 como espazos destinados a preservar a relación entre os menores e os membros da súa familia en situación de crise e a garantir a seguridade e o benestar dos menores.

Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo financiado pola Xunta de Galicia pero de xestión privada e realizaron durante o 2022 cerca de 18.000 intervencións.

Durante o pasado ano atendéronse a máis de 2.700 persoas, entre nenos/as e adultos, que usaron este servizo para relacionarse cando hai unha situación conflitiva de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, cando o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo ou para entregas e recollidas dos menores, se así o determina unha resolución xudicial.

O número de intervencións incrementouse un 2 % ao respecto da cifra do ano anterior (2021) o que demostra un incremento do uso deste recurso pero temos que ter en conta que non se trata dunha cifra real xa que a demanda é moito maior o que ocasiona que existan en todos estes centros listas de espera e que moitas veces os xuíces nas súas resolucións opten por solucións alternativas.

Dende o Grupo Socialista levamos anos esixindo que se incremente o número de PEF para poder acabar con estas listas de agarda e para cubrir determinadas zonas do territorio nas que existe moita demanda e atópanse situadas a moita distancia do centro máis achegado.

O goberno da Xunta anunciou este ano a ampliación de centros á comarca do Deza e á comarca da Mariña, decisión que aplaudimos pero entendemos insuficiente xa que deixa fóra zonas coma por exemplo a do Salnés onde existen grandes núcleos de poboación e unha demanda histórica deste servizo.



Nós defendemos que compre facer un estudo previo sobre a necesidade deste recurso nos diferentes territorios e ampliar o número de centro alí onde exista máis demanda.

A maiores entendemos que o punto de encontro é un equipamento social que presta un recurso necesario para situacións familiares moi sensibles cun alto grado de conflitividade e casos de violencia de xénero polo que ten que estar aberto os 365 días do ano e non pode pechar durante o mes de agosto por vacacións do persoal limitando as relacións familiares de moitos usuarios e usuarias ou causando serio agravio as mulleres vítimas de violencia de xénero.

É, por iso, polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos ao goberno da Xunta que leve a cabo un informe no que se determinen os territorios onde existe unha maior demanda do PEF para a posterior apertura progresiva dos mesmos e a maiores que se busque unha alternativa ao peche durante o mes de agosto destes centros, compatible cos dereitos laborais dos seus traballadores, que permita que o mesmo permaneza aberto os 365 días ao ano.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o goberno da Xunta que o número de Puntos de Encontro Familiar existentes en Galicia responde á necesidade social existente?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/01/2023 12:50:21

Marina Ortega Otero na data 20/01/2023 12:50:30





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 12:54:17
Nº Rexistro: 47852
Data envío: 20/01/2023 12:54:17.638

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2023 12:50:40

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-OJDtGoSse-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a adxudicación de contratos á empresa Alcor Seguridade, S.L. pola Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo malia carecer de Plan de Igualdade rexistrado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo consta no portal de contratación administrativa da Xunta de Galiza a mercantil Alcor Seguridade, S.L. ficou excluída do concurso público para a adxudicación da prestación do Servizo de vixilancia e seguridade nos edificios e instalacións dos centros prestadores de servizos sociais dependentes da Consellaría de Política Social e Xuventude ao carecer a empresa de Plan de Igualdade debidamente aprobado e rexistrado no último día do prazo de presentación das ofertas. Exclusión acordada como consecuencia das alegacións formuladas pola representación da Confederación Intersindical Galega (CIG) na que se advertía da ausencia do preceptivo plan de igualdade, da posible incursión en baixa temeraria, así como a falla de garantías do respecto aos dereitos das traballadoras e as consecuencias contractuais de tales incumprimentos.

Así, e malia que a devandita empresa foi a inicialmente proposta para a adxudicación do contrato resultou excluída por non contar co preceptivo Plan de Igualdade, incumprimento tamén advertido pola UXT.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa na súa redacción orixinal a Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos del Sector Público, establecía a prohibición de contratar con empresas de máis de 250 traballadoras que non cumprisen coa obriga de contar cun plan de igualdade consonte ao disposto no art. 45 da Lei Orgánica 3/2007, polo que resulta chamativo que a referida empresa non só puidese ser proposta en decembro de 2022 para a adxudicación do contrato convocado pola Consellaría de Política Social e Xuventude, senón que poida ser adxudicataria de importantes contratos públicos.

A este respecto indicar que o 17 de decembro de 2020 a Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo formalizou coa empresa Alcor Seguridad, S.L. contrato para a prestación de servizo de vixilancia e seguridade nos edificios xudiciais de A Coruña, Ourense, A Estrada e Marín por importe anual superior a CATROCIENTOS SESENTA E CINCO MIL EUROS, IVE incluído.

A exixencia da elaboración e aprobación de plans de igualdade nas empresas están dirixidos a garantir a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e a evitar a existencia de calquera tipo de discriminación, polo que constitúe un instrumento básico para a protección e defensa da igualdade entre homes e mulleres. Debe ser a Administración Pública, encargada de velar polo cumprimento da lei, a primeira que extreme o coidado para asegurar que dentro do seu ámbito de actuacións non se producen situacións discriminatorias e que se adoptan todas as medidas e cautelas necesarias para garantir a igualdade entre as traballadoras e perseguir todas as condutas que atente contra este dereito fundamental.

E por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cónstalle ao Goberno Galego se a empresa Alcor Seguridad, S.L. contaba co preceptivo plan de igualdade nos contratos de servizos de seguridade que lle foron adxudicados?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2023 10:56:56

Iria Carreira Pazos na data 23/01/2023 10:57:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/01/2023 10:57:11



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Grupo Municipal Socialista de Castrelo de Miño tivo que denunciar ante a Valedora do Pobo e o Instituto Nacional de Estatística empadroadamentos masivos en inmobles inhabitables, algúns propiedade de concelleiros da Corporación municipal. En concreto, só no último trimestre 46 novas altas no padrón con indicios de numerosas irregularidades.

Polo que dende o Grupo Socialista requirimos á Xunta de Galicia información ao respecto, por todo isto as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten pensado a Xunta de Galicia supervisar este tipo de empadroadamentos?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro do 2023

Asdo.: Marina Ortega Otero
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Gonzalo Caballero Miguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 23/01/2023 11:20:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 11:21:05

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 11:21:17



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A provincia de Ourense sufriu nas últimas semanas, intensos e recorrentes episodios de choiva e neve que provocaron inundacións en numerosos municipios.

De feito, no que vai do ano hidrolóxico, recolléronse máis de 851 litros por metro cadrado, o que supera a media histórica.

Estes temporais deixaron múltiples estragos e danos graves en importantes infraestruturas de concellos como A Arnoia, Baños de Molgas, Allariz, Ribadavia ou O Carballiño.

As inundacións e correntamentos de terra danaron infraestruturas, camiños, estradas, construcións públicas e propiedades privadas, polo que é preciso actuar canto antes para restablecer a normalidade.

A limpeza e mantemento dos leitos dos ríos e as súas zonas próximas, segundo o acervo normativo de España, corresponde aos concellos e ás restantes entidades locais. Tamén é responsabilidade municipal a restauración da normalidade, no caso de episodios de riadas e outras situacións de emerxencia similares. Pero a inmensa maioría de entidades locais da nosa provincia, por ser concellos de pequenas dimensións, carecen de capacidade económica e loxística para afrontar tarefas tan complexas.

Polo de agora e a pesar de non contar, na maioría de casos, con recursos propios dabondo para afrontar estas situacións, os concellos están asumir a desfeita en solitario de maneira heroica, despregando todos os seus esforzos para minimizar o impacto das inundacións. Con todo, a magnitude da desfeita superou as súas capacidades.

Neste contexto O Grupo Parlamentario Socialista solicita do Goberno Galego que poña os medios necesarios para reparar os danos provocados polas abundantes choivas e as posteriores escorrentías, dado a envergadura dos danos, a orixe



natural dos mesmos e nas zonas nas que se produciron afectando a moitos concellos, consideramos que é necesario actuar con urxencia nestes municipios da provincia de Ourense porque a falta de acción e a pasividade non son opcións aceptables cando se trata da seguridade e do benestar da poboación dado que de non facelo coas próximas choivas aumentará a superficie afectada.

Por outra banda nestes temporais de choiva e vento danse tódolos requisitos establecidos pola Lei de Emerxencias de Galicia 5/2007 para que o Consello da Xunta aprobe a emerxencia de interese galego e se habiliten as modificacións orzamentarias necesarias, tal e como establece o artigo 36 deste texto legal.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado o Goberno Galego aprobar de maneira urxente a emerxencia de interese galego, recollido na Lei de emerxencias de Galicia 5/2007, para habilitar axudas aos concellos da provincia de Ourense afectados polas importantes inundacións de xaneiro?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro do 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 11:37:49
Nº Rexistro: 47982
Data envío: 23/01/2023 11:37:49.340

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/01/2023 11:33:39

Marina Ortega Otero na data 23/01/2023 11:33:50

Eduardo Ojea Arias na data 23/01/2023 11:34:01

Paloma Castro Rey na data 23/01/2023 11:34:09

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 11:34:19

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Hai menos dun ano que Vigo conta cun centro, PVLSE, dedicado a traballar polos dereitos das persoas LGTBIQ+ que entre moitas outras actividades prestan asesoría xurídica á vítimas de LGTBIfobia. O pasado luns 16 de xaneiro pola noite o director do centro tivo que ser atendido en urxencias tras sufrir no interior do local unha malleira homófoba por parte dun home ao berro de “*maricón*”.

A policía que acudiu á chamada de socorro confirma que tramitará a denuncia como delito de odio.

Unha vez máis e por desgraza, confírmase o que veñen denunciando os distintos colectivos que loitan pola igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI na nosa comunidade. De feito, e ante a escasa actividade no Observatorio galego, e tal e como xa funciona na cidade de A Coruña, en Vigo impulsaron hai uns meses a posta en marcha dun observatorio propio na cidade. Observatorios que o pasado 2022 teñen recollido e constatado numerosas denuncias e casos de LGTBIfobia ante os que non podemos, nin pode a Xunta de Galicia, ficar impasibles. Este grupo parlamentario ten advertido que a pesar desta realidade, os orzamentos para o 2023, os máis expansivos da historia da comunidade, volven a poñer de manifesto que o compromiso e obriga de velar pola igualdade real en todos os ámbitos das persoas LGTBI non existe a nivel orzamentario. A pesar de que os últimos datos oficias sobre delitos de odio do Ministerio de Interior, e os feitos denunciados en Galicia, amosan un incremento preocupante dos delitos de odio contra as persoas LGTBI recollidos na memoria de 2021 as cantidades contempladas son as mesmas que no 2022. Nos últimos tempos vimos observamos un retroceso tanto no discurso como nas actitudes e o intento de inxerencia dalgúns grupos políticos que enarborando a bandeira da liberdade, pretende conculcar os dereitos acadados. Non se entende asemade, que un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero non teña apenas actividade propia e máis neste contexto no que se ten constatado en cifras oficiais esta tendencia alcista da LGTBIfobia e contra a liberdade e dereitos fundamentais da sociedade desde o ano 2014, e todo cando estamos nunha problemática na que



non podemos esquecer que existe un elevado nivel de infra denuncia. En Galicia contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, unha lei de mínimos que aínda así, tal e como vimos denunciando as e os socialistas, a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do aumento dos delitos de odio contra as persoas LGTBI?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 23/01/2023 11:17:48

María Leticia Gallego Sanromán na data 23/01/2023 11:17:55

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2023 11:18:03

Marina Ortega Otero na data 23/01/2023 11:18:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de impulsar un novo marco normativo que regule o réxime das cooperativas en cesión de uso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os prezos da vivenda na Coruña subiron un 6,3% desde a pandemia e chegamos aos 2000 euros de prezo por metro cadrado. Segundo a Estatística Rexistral Inmobiliaria, a nosa cidade é a undécima capital de provincia máis cara do Estado Español, é a máis cara de Galiza e o prezo que soportamos por adquirir unha vivenda é un 23% máis elevado que a media estatal. Así mesmo, a nosa cidade é a máis cara de Galiza no caso de quixermos alugar unha vivenda.

Ás dificultades no acceso a unha vivenda digna e con prezos asumíbeis, xúntase as condicións en que as están as vivendas dispoñíbeis e, sobre todo, as tremendas dificultades para adquirir ou alugar recursos habitacionais con accesibilidade universal e que permitan a autonomía das persoas e a vida en comunidade.

Por iso, a raíz de experiencias persoais mais tamén da observación da realidade do mercado inmobiliario, logo de coñecer múltiples iniciativas en Europa e no Estado español, naceu na Coruña a iniciativa “Outra forma de vivenda”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Outra forma de vivenda” é unha iniciativa que pretende reivindicar, impulsar e difundir unha cooperativa de vivendas na que as persoas poidan participar de xeito colectivo en todas as fases do proceso, cumprir co dereito de ter unha vivenda digna, accesíbel, con espazos adaptábeis ás distintas realidades, comunitarias, con espazos e servizos comúns, inseridas nos barrios e sustentábeis.

A idea é construír non só vivendas para a xente adaptadas ás súas necesidades a prezos razoábeis senón tamén unha maneira de habitar con maiores servizos e espazos comúns que fomenten a convivencia e a cohesión social.

O modelo que promove é o de cooperativa en cesión de uso: unha alternativa no acceso á vivenda nun momento no que cada vez se encarece máis o acceso a este dereito. A propiedade é da cooperativa mais a cesión do uso é persoal. É un modelo distinto ao da propiedade habitual no Estado Español, aínda que xa hai exemplos en Euskadi ou Catalunya, mais que está asentado noutros lugares do mundo como Uruguai ou Dinamarca, onde o modelo Andel xa conta cun total de 125.000 vivendas.

A Xunta de Galiza debe facerlle fronte a un dos problemas máis importantes e fundamentais no país: que é o das dificultades no acceso a unha vivenda digna a prezos razoábeis. Debemos facer todo o que estea nas nosas mans para facilitar o acceso a un ben básico como é o da vivenda e podémolo facer co apoio ao modelo de cooperativas en cesión de uso.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas prevé impulsar a Xunta para favorecer a dispoñibilidade dun maior número de vivendas para destino social?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2023 12:11:12

Alexandra Fernández Gómez na data 23/01/2023 12:11:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta iniciar un proxecto de redacción e implementación dun plan de xestión do Monumento Natural da Costa de Dexo- Serantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O espazo natural protexido coñecido como Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes, declarado ZEC (zona de especial conservación) abrangue a maior parte da faixa costeira norte do municipio de Oleiros (parroquias de Dexo e Serantes), desde os faros de Mera até o porto de Lorbé.

Declarada como Monumento Natural no 2000 e Lugar de Interese Comunitario en 2004, en 2014 foi declarada finalmente Zona de Especial Conservación.

Porén, malia este recoñecemento de protección e conservación, o espazo segue a carecer a día de hoxe de calquera tipo de plan director que asegure a súa axeitada conservación, custodia e dinamización.

Malia a zona estar relativamente libre de impactos urbanísticos, non o está de ameazas humanas, así como de plantas alóctonas, polo que no BNG insistimos desde hai anos en que urxe unha ordenación que vaia acompañada de medidas concretas para asegurar a preservación do espazo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Traballa a Xunta nalgún proxecto de redacción e implementación dun plan de xestión do Monumento Natural da Costa de Dexo- Serantes?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2023 12:33:07

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2023 12:33:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG publicaba, o pasado 4 de xaneiro, unha Orde de axudas “para investimentos que fomenten a pesca sustentábel para tripulantes”, que a propia Consellería vén publicitando dende hai anos como axudas que contribúen a paliar a falta de remuda xeracional no sector pesqueiro, un problema que se ve vir dende hai máis dunha década e que a Xunta de Galiza está aínda moi lonxe de atallar. De feito, son cada vez máis o número de buques que se vén na obriga de amarrar a porto por falta de tripulación.

Estas axudas, cuxa finalidade é a primeira adquisición dun buque de pesca, véñense convocando anualmente e comezaron no ano 2016 cun creto orzamentario total de 500.000 euros, reducíndose ata os 300.000 euros deste ano.

Para acceder a elas, entre outros requisitos específicos, as persoas beneficiarias deben ter menos de 40 anos e o buque que adquiren debe ter unha eslora inferior a 24 metros e entre 5 e 30 anos de antigüidade. O investimento máximo subvencionábel non poderá superar os 75.000 euros.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos, pois, diante dunhas axudas de tan só 300.000 euros para un amplísimo segmento da nosa frota. Segundo o informe anual sobre a frota Pesqueira da Plataforma Tecnolóxica da Pesca, da Consellaría de Mar, Galiza conta cun total de 4.232 buques, dos que 3.956 (o 93,4%) teñen unha eslora inferior a 24 metros e destes, 3.640 teñen menos de 12 metros.

300.000 euros é unha cantidade tan insignificante para fomentar a remuda xeracional que supoñería entre 5 e 10 persoas beneficiarias cada ano, estimando o prezo dunha embarcación de segunda man de menos de 12 metros de eslora entre 30 e 60.000 euros. Polo tanto, máis que á remuda xeracional as axudas parecen ir dirixidas a outros fins moito menos proveitosos para a frota pesqueira galega.

Ademais da irrisoria cantidade destinada, a Orde establece algúns requisitos excesivamente limitativos, como non permitir a compra dun barco de segunda man de menos de 5 anos.

O establecemento da idade máxima de 30 anos dos buques que se poden mercar pode parecer, a priori, unha medida para deter o envellecemento da frota. Mais non é así porque xa nestes momentos máis da metade dela ten máis de 30 anos e 1/3, máis de 40, sen que se estean a tomar medidas de calado para a súa renovación.

Esa falta de medidas para axudar a renovar a frota xa está a ter consecuencias reais e as compañías aseguradoras están a poñer impedimentos, ou a negar directamente, os seguros a buques de certa idade. Se a isto se lle engade o aumento desmedido dos custos de explotación, do alto prezo do combustíbel, da inxente normativa limitadora da actividade e da falta de decisión política para enfrontar os problemas reais do sector, o futuro é avocalo a un maior desánimo aínda, aos despezos e ao abandono da profesión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se, tal e como se recoñece na Orde publicada o 4 de xaneiro, “o sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa comunidade que ten o reto de contribuír á consecución de determinados obxectivos temáticos do Marco estratéxico común e aproveitar ao máximo os fondos deste marco para acadar os novos retos que se formulan e, neste senso ... aproveitar todas as posibilidades que brindan estes instrumentos para acadar o obxectivo de sector competitivo, sustentable e respectuoso co ambiente”, haberá que poñer os medios para que así sexa, para que se leven a cabo melloras que aporten seguridade e comodidade aos buques, para a nova construción e para a tan manida remuda xeracional.

O novo FEMPA 2021-27 marca, precisamente, como un dos seus obxectivos a facilitación desa remuda e Galiza recibirá nese período 366 millóns de euros do total de 1.220 destinados ao Estado español. Polo tanto, está en condicións de implicarse seria e profundamente na renovación dunha frota que o necesita perentoriamente, que é esencial para garantir a seguridade alimentaria e que é vital económica e socialmente para o noso país.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para a renovación da envellecida frota pesqueira galega e para contribuír á remuda xeracional do sector?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2023 13:11:01

Carmela González Iglesias na data 23/01/2023 13:11:04

Daniel Castro García na data 23/01/2023 13:11:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai máis de 20 anos, por imperativo legal e a raíz da entrada do Estado español na Unión Europea, diversas normativas veñen intentando regularizar as embarcacións da frota pesqueira, unha regularización que se leva a cabo dende o Ministerio de Pesca por non ter Galiza competencias sobre a ordenación do sector pesqueiro e sen que se adecúe a normativa á realidade da frota galega .

O primeiro procedemento levábase a cabo no ano 1999 e marcaba os criterios das competencias e dos obxectivos. Posteriormente, a Lei 9/2007, de 22 de xuño, imposta por Bruxelas, establecía criterios, actuacións e prazos para que as embarcacións pesqueiras e empresas navieras se inscribisen no rexistro de buques e no Censo da Flota Pesqueira Operativa.

A norma perseguía que o novo procedemento administrativo de regularización fora impulsado polas Comunidades Autónomas, ampliaba o prazo de regularización e instauraba a cancelación de oficio daquelas embarcacións que non se acolleran á regularización. Pretendía regularizar 2.442 embarcacións pesqueiras pendentes de regularización por razóns de diverso tipo (dimensións, arqueo bruto, materiais e fundamentalmente potencia propulsora), establecendo un prazo de 2 anos para a súa regularización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis tarde, a través da Lei 35/2011, de 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, na súa Disposición adicional quinta, modifícase a Lei 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado, engadíndolle o Título VI., “Regularización de buques pesqueiros no Censo da Frota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navieras”,

A este novo procedemento podían acollerse aqueles armadores e propietarios que non foran admitidos a trámite no procedemento da Lei 9/2007 e que presentaran solicitude antes do 31 de decembro de 2007.

Aínda así, esta nova medida tampouco foi suficiente e publicouse, en menos dun ano, o Real Decreto 1081/2012, de 13 de xullo. Agora, establecíase unha nova regularización para as solicitudes aínda pendentes, pero unicamente para aquelas que se presentaran en prazo coa Lei 9/2007 e que non foran admitidas por non aportaren as baixas e para as que non presentaran a solicitude segundo a mesma Lei antes do 31 de decembro de 2007 e non foran admitidas.

O procedemento demostrouse engorroso e tan limitado que non recollía gran parte das múltiples casuísticas existentes e, finalmente, non acabou resolvendo a maior parte das solicitudes.

O pasado 29 de decembro publícase o Real Decreto 1044/2022, de 27 de decembro, de ordenación da frota pesqueira, que pretende refundir todos os procedementos anteriores e unificar toda a normativa anterior e que xa está a causar unha fonda preocupación entre a frota galega, nomeadamente o seu artigo 5, sobre a potencia dos buques de pesca, e a prohibición de faenar cun buque de pesca equipado cun motor cuxa potencia exceda a establecida na súa licenza.

O sector asegura que existen a día de hoxe moitas embarcacións con maior potencia da que legalmente lle pertence o que, evidentemente, de ser así,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

representaría un problema máis a engadir aos moitos que xa ten na actualidade. Mais descoñecemos cal é a situación real e se a Consellería do Mar realizou durante todo este tempo algún estudo que permita saber con rigorosidade cal foi a evolución da nosa frota ao longo dos distintos períodos de regularización de embarcacións ou se elaborou algún informe que contribúa a comprender a súa realidade.

Sería de gran importancia e de moita utilidade ter datos reais, saber que parte da frota supera o cabalaxe por motivos de seguridade, para mellorar as condicións de traballo a bordo, a eficiencia enerxética, etc. Datos que servisen para demandar unha regularización adaptada á nosa realidade e ás condicións de traballo dos nosos buques e que puidesen evitar males maiores, como os que agora nos ameazan.

Tamén sería relevante coñecer as actuacións que levou a cabo o Goberno galego para reclamar as competencias de ordenación pesqueira e, polo tanto, para poder realizar funcións que irían moito máis alá de adicarse simplemente a tramitar expedientes que, finalmente, serán resoltos por outra Administración.

No Real Decreto tamén se recollen diversos aspectos relacionados coa capacidade da frota pesqueira. A este respecto, sería moi aclaratorio coñecer con exactitude a capacidade da que dispón o Estado, en GT e en CV, e, sobre todo, se vai desenvolver algunha actuación para que esa capacidade sirva para a regularización das embarcacións que agora poden estar comprometidas ou se vai persistir no modelo actual que vén dando pé á especulación sobre a compra de cabalaxe (CV) e capacidade (GT) nos últimos anos.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para evitar que a prohibición de faenar cun buque de pesca equipado cun motor cuxa potencia real exceda a establecida na súa licenza, recollida no Real Decreto 1044/2022, afecte á frota pesqueira galega?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2023 13:05:35

Carmela González Iglesias na data 23/01/2023 13:06:04

Daniel Castro García na data 23/01/2023 13:06:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza mellore o servizo sanitario público da comarca da Mariña.

A sanidade pública de todo o país está a pasar por un dos peores momentos desde a súa creación. Estes problemas veñen de moi lonxe, mais tras a pandemia acelerouse dun xeito significativo o proceso de desmantelamento da nosa sanidade e moi especialmente da nosa Atención Primaria.

Como é sabido, as políticas sanitarias do Partido Popular levaron a esta situación que por suposto tamén se fai notar, e dun xeito moi acusado na comarca da Mariña. Desde o ano 2009, coa entrada do Partido Popular na Xunta de Galiza a sanidade mariñá viu sufrindo diferentes recortes e redución de servizos que se viron totalmente plasmados na supresión da Área Sanitaria da Mariña en 2017.

Este foi o punto de inflexión que marcou un antes e un despois na calidade da sanidade pública mariñá. Mais, co paso dos anos e coa incidencia da pandemia da COVID, a situación empeorou dun xeito dramático levando a que a sanidade mariñá estea rozando o colapso de xeito continuado, tanto no Hospital de Burela como nos Centros de Saúde da maioría dos concellos da comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta realidade levou a grandes mobilizacións e protestas por parte de toda a cidadanía, dos e das profesionais e da Plataforma na Defensa da Sanidade Pública da Mariña que ano tras ano seguen enchendo as rúas como fixeron de novo hai poucos días . De igual maneira, os formularios de queixas tamén seguen a encherse para facer ver unha realidade da que todos son conscientes, incluso o Partido Popular, que segue mirando para outro lado.

Poderíamos enumerar unha a unha todas as eivas existentes, mais ocuparía moito tempo e papel, iso si, poderíanse resumir nunha absoluta falta de cobertura das baixas médicas e de persoal de enfermería, das vacacións e de calquera tipo de permiso en todos os centros de saúde da comarca e no Hospital de Burela, que se suman a un déficit estrutural de persoal que viña de moi atrás.

Do mesmo xeito, neste hospital no que aumentan os metros cadrados e diminúen os servizos, segue a incrementarse día a día as derivacións ao HULA a pesar de que a Xunta de Galiza tivese prometido a súa redución, polo que os e as mariñás ven reducidos progresivamente os servizos que teñen dereito a ter.

Por outra banda a situación dos traballadores e traballadoras é de absoluta precariedade. Cada vez é máis difícil contratar novos sanitarios e sanitarias porque as condicións de traballo tanto en termos de soldo, como de temporalidade, como de facilidades para desprazarse á comarca son extremas.

Cada ben pouco seguimos lendo casos moi graves, como que nunha vila coma Viveiro de preto de 16 mil habitantes houbera momentos nos que só está dispoñible un médico, persoas que teñen que agardar 2 ou 3 anos por unha consulta de cardioloxía, persoas que teñen que agardar 4 meses por unha biopsia ou varios Centros de Saúde sen pediatra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación da sanidade pública da Mariña é absolutamente insostible e por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai facer a Xunta de Galiza todo o posible para cubrir todas as baixas e vacacións da Atención Primaria mariñá?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2023 17:02:02

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2023 17:02:05

Daniel Castro García na data 23/01/2023 17:02:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa a retirada da medalla de ouro de Galiza concedida a Francisco Álvarez Cascos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño do ano 2003 a Xunta do PP, baixo a presidencia de Manuel Fraga, concedía a Francisco Álvarez Cascos, daquela Ministro de Fomento do goberno central, a Medalla de Ouro de Galiza.

Aquela distinción de tal alto rango foi obxecto de polémica e de rexeitamento dunha parte importante da sociedade galega. Sen entrar a valorar as circunstancias daquela decisión, o paso do tempo veu corroborar que foi un grave erro, que logo de 20 anos estamos a tempo de remediar.

Máis alá de decisións atribuíbeis ao daquela ministro que foron perxudiciais para o noso país (a actuación na crise do Prestige xunto coa privatización da AP9 en 2003 son as máis significativas), as graves acusacións de presunta corrupción que rodean a actuación pública e privada do sr. Álvarez Cascos obrigan a tomar decisións en defensa do bo nome, da honra e da dignidade das institucións galegas.

Nos pasados días transcenderon informacións xornalísticas segundo as cales o sr. Álvarez Cascos ingresou 4,7 millóns de euros de empresas que foron favorecidas por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

decisións tomadas cando ocupada postos de responsabilidade no goberno español. Segundo estas novas comezou a cobrar destas empresas en 2004 e seguiu facéndoo até o ano 2018.

As institucións galegas non poden pasar por alto estas graves acusacións, que veñen a acumularse a outros moitos motivos que xustifican a retirada dos recoñecementos honoríficos concedidos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta retirar e solicitar a devolución da medalla de ouro de Galiza concedida ao sr. Álvarez Cascos en 2003?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Carreira Pazos
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/01/2023 17:32:41

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2023 17:32:45

Iria Carreira Pazos na data 23/01/2023 17:32:52



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os concellos da Costa da Morte, Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Muxía, Vimianzo e Zas están situados no xeodestino da Costa da Morte, concellos coñecidos pola súa paisaxe inconfundible mesturada co misterio e as lendas que conforman o seu sinal de identidade.

Esta singularidade unida á extensa oferta cultural dos ditos concellos fan que o turismo sexa un dos motores económicos da zona que unido á importancia do sector pesqueiro constitúen as actividades con maior peso do mencionado territorio.

A Costa da Morte é unha das zonas que máis poboación perde ano tras ano, 5563 habitantes menos nestes 7 concellos dende 2009, que é tanto como se nestes 12 anos desapareceran máis que a totalidade das e dos habitantes actuais de Camariñas (o terceiro concello máis poboado). Se dende a Administración autonómica non se implementan medidas eficaces que revertan esta sangría demográfica é posible que nun prazo non demasiado longo esta zona quede practicamente despoboad.

As e os socialistas recordámoslle á Xunta de Galicia unha e outra vez que a medida máis eficaz para evitar o despoboamento nos territorios é aplicar políticas de fomento de emprego de calidade que teña en conta a oferta existente e as potencialidades na zona, polo que mellorar a empregabilidade das persoas da Costa da Morte para poder inserirse laboralmente, contribuíndo a ofertar servizos de calidade que impulsen os principais sectores económicos debería ser unha prioridade do Goberno galego.

Tendo en conta que Galicia recibiu do Plan para modernizar a FP do goberno central 114 millóns de euros, só no 2022, parece bastante razoable que estes recursos sexan investidos para mellorar a empregabilidade das persoas mozas que dea resposta ás demandas das empresas do sector que queren ofertar un turismo de calidade, pero necesitan profesionais formados, e no sector pesqueiro que tamén precisa de persoas novas e cualificadas para seguir sendo un sector punteiro na nosa comunidade.



Ante esta situación, as alcaldesas e os alcaldes dos ditos concellos levan tempo reivindicando da Xunta de Galicia a creación de graos formativos que permitan formar a persoas mozas nestas especialidades demandadas na zona, por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

Ten pensado o Goberno galego aumentar a oferta de ciclos formativos na bisbarra da Costa da Morte nas especialidades demandadas na zona de acordo ao seus sectores estratéxicos?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:24:35

Noelia Otero Lago na data 23/01/2023 16:24:51

Noa Susana Díaz Varela na data 23/01/2023 16:25:01



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No discurso de investidura da IX Lexislatura da Xunta de Galicia, o expresidente Núñez Feijóo anunciou a fusión de concellos como a medida estrela para rematar co minifundismo da planta municipal galega ao tempo de rematar co seu raquitismo orzamentario.

Durante esa lexislatura materializáronse dúas fusionés, unha en 2013 dos concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras dando lugar ao novo concello Oza-Cesuras, e no ano 2016 a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade.

A Xunta de Galicia, nos decretos polos que se aprobaron as fusionés voluntarias dos ditos concellos dando orixe a un novo concello, establecía na propia exposición de motivos que consideraba que concorrián razóns de conveniencia e de oportunidade que aconsellaban a fusión iniciada polos concellos, xa que, segundo consideraban os concellos interesados, o novo municipio, xurdido da fusión, estaría en disposición de garantir unha prestación de servizos máis eficaz e eficiente sen mingua da calidade da democracia local, de igual xeito, fundamentábase en consideracións de orde xeográfica e económica e na estimación por ambos os dous municipios de que da alteración derivarán importantes vantaxes en canto á prestación de servizos, así como á adquisición de novos e máis cuantiosos ingresos por parte doutras administracións públicas que dos que poidan adquirir por separado.

Pasados 9 e 6 anos respectivamente dende a materialización das dúas fusionés, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o resultado acadado por estas dúas fusionés?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 17:54:48
Nº Rexistro: 48049
Data envío: 23/01/2023 17:54:48.326

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:25:49

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 16:26:04



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A pandemia da covid-19 provocou unha crise económica e social de dimensións non coñecidas ata ese momento e que foi posible ir superando grazas aos recursos económicos achegados pola Unión Europea e polos Estados para que tanto as familias como os sectores produtivos e o emprego se puideran manter sen deixar a ninguén atrás.

Cando estabamos remontando esta crise, a invasión do exército ruso de Putin a Ucraína, en febreiro deste ano, veu marcar unha nova etapa, agravando a situación de inflación previa derivada da saída da crise coa consecuente suba de prezos da enerxía en toda Europa, impactando novamente nas economías domésticas, na competitividade das empresas e na industria, nos mercados globais e sobre o crecemento económico a medio e longo prazo, cun incremento do IPC interanual en xuño que chegou ao 11,1 en Galicia, case un punto máis que no Estado (10,2). Unha situación que afecta ás familias en xeral, pero cébase especialmente coas familias máis vulnerables e con determinados sectores produtivos e, xa que logo, volve ser preciso o compromiso e impulso necesario por parte de todas as administracións, que deben adoptar medidas que supoñan minimizar o impacto da situación que están a padecer as familias, as persoas autónomas e as empresas.

Ante esta realidade, o Goberno do Estado aprobou inmediatamente os reais decretos lei 6/2022 e 11/2022 con medidas que supoñen máis de 15.000 millóns de euros para paliar os efectos desta realidade socioeconómica, entre elas, o incremento nun 15 % do Ingreso Mínimo Vital e das pensións non contributivas, a creación dun bono social de 200 €, unha nova rebaixa dos impostos aos combustibles, establecendo un límite dun 2% ao incremento dos alugueres, incrementando o bono eléctrico para máis familias, a rebaixa dun 0,20 céntimos /litro nos combustibles ou coa aprobación do bono aluguer para xente moza, que supón 235 €/mes para as persoas menores de 35 anos.

Durante este tempo, o ex-presidente Feijóo e o actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, dedicaron os seus esforzos a criticar as medidas postas en marcha polo Goberno de Pedro Sánchez no canto de coadxuvar coa posta en marcha de medidas inmediatas e eficaces para que ninguén quede atrás na nosa comunidade, sendo a primeira medida de calado tomada polo actual presidente



do executivo retirar a tarxeta básica que daba cobertura a 75.000 familias galegas, anunciar o bono alugueiro para xente moza posto en marcha polo Estado ou a posta en marcha dun programa de fomento da mobilidade sustentable destinando 500.000 euros en axudas para a adquisición de bicicletas eléctricas.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego suficientes as medidas que puxo en marcha para axuda ás familias e aos sectores produtivos da nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:26:55

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 16:27:11



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A pandemia da covid-19 provocou unha crise económica e social de dimensións non coñecidas ata ese momento e que foi posible ir superando grazas aos recursos económicos achegados pola Unión Europea e polos Estados para que tanto as familias como os sectores produtivos e o emprego puidesen manterse sen deixar a ninguén atrás.

Cando estabamos remontando esta crise, a invasión do exército ruso de Putin a Ucraína, en febreiro deste ano, veu marcar unha nova etapa, agravando a situación de inflación previa derivada da saída da crise coa consecuente suba de prezos da enerxía en toda Europa, impactando novamente nas economías domésticas, na competitividade das empresas e na industria, nos mercados globais e sobre o crecemento económico a medio e longo prazo, cun incremento do IPC interanual en xuño que chegou ao 11,1 en Galicia, case un punto máis que no Estado (10,2). Unha situación que afecta ás familias en xeral, pero cébase especialmente coas familias máis vulnerables e con determinados sectores produtivos e, xa que logo, volve ser preciso o compromiso e impulso necesario por parte de todas as administracións, que deben adoptar medidas que supoñan minimizar o impacto desa situación que están a padecer as familias, as persoas autónomas e as empresas.

Ante esta realidade, o Goberno do Estado aprobou inmediatamente os real decretos lei 6/2022 e 11/2022 con medidas que supoñen máis de 15.000 millóns de euros para paliar os efectos desta realidade socioeconómica, entre elas, o incremento nun 15 % do Ingreso Mínimo Vital e das pensións non contributivas, a creación dun bono social de 200 €, unha nova rebaixa dos impostos aos combustibles, establecendo un límite dun 2 % ao incremento dos alugueres, incrementando o bono eléctrico para máis familias, a rebaixa dun 0,20 céntimos /litro nos combustibles ou coa aprobación do bono aluguer da xente moza, que supón 235 €/mes para as persoas menores de 35 anos.

Durante este tempo, o ex-presidente Feijóo e o actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, dedicaron os seus esforzos a criticar as medidas postas en marcha polo Goberno de Pedro Sánchez no canto de coadxuvar coa posta en marcha de medidas inmediatas e eficaces para que ninguén quede atrás na nosa comunidade, sendo a primeira medida de calado tomada polo actual presidente



do executivo retirar a tarxeta básica que daba cobertura a 75.000 familias galegas, anunciar o bono alugueiro para xente moza posto en marcha polo Estado ou a posta en marcha dun programa de fomento da mobilidade sustentable destinando 500.000 euros en axudas para a adquisición de bicicletas eléctricas.

Tendo en conta os últimos datos publicados polo IGE, que nos revelan que en 2020 en Galicia tiñamos 44.442 fogares que se atopaban en carencia material severa, 4.330 fogares máis que en 2019, situación na que se atopan os fogares que teñen carencia, polo menos, en catro conceptos entre non poder permitirse ir de vacacións nin unha semana ao ano; non poder permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días; non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada; non ter capacidade para facer fronte a gastos imprevistos; ter retrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade, etc.); non poder permitirse dispoñer de coche; non poder permitirse dispoñer de teléfono (fixo ou móbil); non poder permitirse dispoñer de televisor en color ou non poder permitirse dispoñer de lavadora.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cales foron os recursos que dedicou a Xunta de Galicia para complementar o bono social eléctrico e térmico do Estado durante os anos 2020-2022?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:28:41

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 16:28:55



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Organización Mundial da Saúde declarou o 11 de marzo a pandemia mundial provocada pola covid-19 o que supuxo que o 14 de marzo o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, decretase o estado de alarma adoptando medidas inmediatas para frear a propagación do virus, o que supuxo a paralización ata o mes de xuño de practicamente toda a actividade económica e a partir dese momento con aperturas paulatinas en determinadas actividades, véndose nalgúns casos interrompida, engadindo, polo tanto, á crise sanitaria unha crise económica e social sen precedentes.

As medidas de confinamento, a paralización da actividade produtiva, as restricións á mobilidade e o distanciamento social obrigaron ás administracións a tomar unha serie de medidas absolutamente necesarias que supuxeron un incremento importante dos recursos precisos para atender as novas necesidades, así o Goberno do Estado despregou inmediatamente unha serie de medidas para que as CC.AA puidesen atender os gastos extraordinarios no ámbito sanitario e educativo e tamén para que proporcionasen axudas directas ás empresas e persoas traballadoras autónomas máis afectadas pola crise.

Así, o 16 de xuño de 2020 o Goberno do Estado aprobou o Fondo Covid-19 dotado con 16.000 M€ para que as CC.AA puidesen financiar os gastos da pandemia, un fondo non reembolsable e que non ía xerar máis débeda nin intereses. Destes fondos covid en 2020 correspondéronlle á Xunta de Galicia 735 millóns de euros, 418 millóns para sanidade, 93 millóns para educación e 224 millóns de euros para compensar a redución da actividade económica.

Posteriormente, o Goberno do Estado seguiu achegando fondos ás comunidades autónomas para que puideran seguir facendo fronte ás consecuencias da pandemia, dos que a Xunta de Galicia recibiu, entre outros, 17 millóns de euros do Fondo Social Extraordinario para minimizar o impacto social da pandemia, 1,9 millóns de euros para bolsas de comedor, 20,3 millóns de euros para o sistema da autonomía e a atención á dependencia (SAAD), 272 millóns de euros de fondos Feder máis para gasto sanitario e 441 millóns de euros dos fondos React-EU (253,8 millóns en 2021 e 88,2 millóns en 2022) para reforzar a educación, a sanidade e os servizos sociais, así como para apoio a pemes e autónomos.



Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que recursos económicos achegou a Xunta de Galicia nos anos 2020, 2021 e 2022 aos concellos galegos para poder facer fronte ao incremento de gasto derivado pola aplicación de medidas que eviten a propagación do virus?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:29:58

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 16:30:13



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, ten entre os seus obxectivos garantir a prestación adecuada dos servizos de abastecemento de auga cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles, e establecer as normas e as medidas para o aproveitamento dos recursos hídricos nos períodos en que exista un episodio de seca, co fin de reducir a vulnerabilidade fronte a este evento, buscando unha garantía no abastecemento á poboación en equilibrio co medio natural e tendo en conta os posibles efectos do cambio climático.

A dita lei establece na disposición adicional segunda que, no prazo máximo de dous anos, contado desde a entrada en vigor desta lei, todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán levar a cabo unha auditoría co obxecto de cuantificar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa, establecendo as auditorías municipais de abastecemento e os plans de actuacións para a minimización das perdas de auga como un instrumento indispensable para diagnosticar e atallar as perdas do recurso hídrico nas redes e axudar a que os responsables dos sistemas de abastecemento estean mellor preparados ante eventos climáticos extremos como os provocados por unha ausencia prolongada de precipitacións.

Con estes argumentos, a entidade Augas de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia do 8 de xullo a Resolución do 23 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, como unha medida de cooperación necesaria destinada aos concellos responsables de sistemas de abastecemento á poboación cunha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes e cun crédito de 300.000 euros e no seu artigo 11 se establece a documentación complementaria que debe achegar cada concello solicitante electronicamente, xunto coa solicitude:



- a) Resolución do órgano competente do concello solicitante pola que se acorde a solicitude da subvención ao abeiro desta resolución, con data anterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes, en que conste expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución.
- b) Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos, cantidades e o seu prezo unitario para a realización da auditorías municipais de abastecemento para minimizar as perdas de auga.
- c) Unha declaración asinada pola persoa titular da alcaldía-presidencia en que se indique que realizaron as tarefas de revisión, actualización e confirmación da información do abastecemento do concello solicitante na ferramenta Sisbagal (Sistema de información de servizos básico de augas en Galicia) <https://sisbagal.xunta.gal> con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2022.

Para o suposto de non se presentar esta declaración, deberá achegarse xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Unha memoria xustificativa do obxecto da auditoría municipal de abastecemento para minimizar as perdas de auga, en que se indique expresamente, polo menos, o seguinte: unha listaxe dos puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outros concellos ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello, incluíndo a súa localización en coordenadas UTM fuso 29 ETRS89, a listaxe dos núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración e a poboación aproximada dos núcleos conectados.
- Planos a escala de suficiente detalle (1:10.000 ou menor) onde se representen, como mínimo, os puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outros concellos ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello e os núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración.

Os planos deberán conter unha lenda suficiente que permita a súa interpretación e estar o máis actualizados posible, non sendo admisibles aqueles nos cales non conste a data da súa realización nin os realizados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cales son as razóns polas que, unha vez máis, a Xunta de Galicia convoca subvencións dirixidas a concellos en réxime de concorrencia non competitiva?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:11:48

Paloma Castro Rey na data 23/01/2023 17:12:02

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 17:12:14



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Gonzalo Caballero Miguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Organización Mundial da Saúde declarou o 11 de marzo a pandemia mundial provocada pola covid-19 o que supuxo que o 14 de marzo o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, decretase o estado de alarma adoptando medidas inmediatas para frear a propagación do virus, o que supuxo a paralización ata o mes de xuño de practicamente toda a actividade económica e a partir dese momento con aperturas intermitentes para determinadas actividades en función da incidencia da pandemia, engadindo, polo tanto, á crise sanitaria unha crise económica e social sen precedentes.

As medidas de confinamento, a paralización da actividade produtiva, as restricións á mobilidade e o distanciamento social obrigaron aos gobernos a adoptar unha serie de medidas para protexer a saúde das persoas, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública e, ao mesmo tempo, poñer en funcionamento un plan de choque de medidas económicas e de atención ás persoas máis vulnerables.

O Goberno de España estableceu inicialmente un potente plan económico estimado nuns 200.000 millóns de euros para protexer ás empresas, protexer ás persoas traballadoras autónomas, que por primeira vez ante unha crise teñen cobertura do Goberno de España ante a paralización da súa actividade ou pola diminución dos seus ingresos; e protexer aos traballadores e traballadoras, a través dos ERTE, evitando a destrución masiva de empregos, implantando o teletraballo, establecendo o permiso retribuído recuperable, a mellora da protección dos fixos discontinuos e das persoas traballadoras con contrato temporal, así como a implementación de medidas para as empregadas do fogar. Ao mesmo tempo, o Goberno de España tamén estableceu unha serie de medidas para protexer ás persoas máis vulnerables, mediante a aprobación, entre outras medidas, do Ingreso mínimo vital ou o incremento do salario mínimo interprofesional.

O apoio económico do Goberno de Pedro Sánchez a Galicia para paliar os efectos da pandemia tradúcese nunha serie de achegas económicas transferidas á



Xunta de Galicia, unha primeira de 735 millóns de euros en 2021 Fondo Covid-19 para atender os efectos da pandemia na educación, na sanidade e para compensar a mingua de ingresos das arcas autonómicas; 272 millóns de euros de Fondos FEDER que o Estado negociou ante a UE para que se puidesen destinar a gastos sanitarios extraordinarios; 353 millóns de euros de fondos REACT-UE correspondentes a 2021; 17 millóns de euros do Fondo Social Extraordinario para minimizar o impacto social da pandemia; 828 millóns de euros do Fondo extraordinario aprobado en Xullo de 2021 no Consello de Política Fiscal e Financeira ou os 234,5 millóns de euros para conceder axudas directas a autónomos e empresas afectados pola crise derivada da covid-19.

Recursos que forman parte dun paquete de axudas europeo máis amplo, que deberan destinarse a reforzar a educación, a sanidade e os servizos sociais, así como para apoiar ás Pemes e os autónomos.

Durante estes 21 meses varias actividades foron as máis prexudicadas por afectarlles directamente as necesarias medidas aplicadas para poder evitar a propagación do virus: comercio, turismo, hostalería, ocio, cultura, afectando fundamentalmente a persoas traballadoras autónomas, Pemes e micropemes coa consecuente rebaixa na facturación de moitas destas empresas ou o peche dalgunhas.

Ante esta situación, inicialmente o Goberno do Estado despregou diferentes paquetes de medidas proporcionándolles liquidez a través de créditos con aval público, moratorias nas súas principais débedas fiscais, de devolución de créditos e de pagamento de cotizacións ou accións para reducir os seus custos fixos e variables, mediante axudas directas para o pagamento de salarios e as cotizacións sociais dos seus traballadores; diversas medidas de alivio no pagamento dos alugueiros; proporcionoulles ingresos mediante unha prestación extraordinaria para as persoas traballadoras autónomas e transferencias de recursos ás CC.AA para que puidesen proporcionar axudas directas ás empresas máis afectadas polas decisións sanitarias tomadas no seu ámbito territorial.

Xa que logo, ante a realidade e a necesidade de que estas empresas e traballadores e traballadoras autónomas recibisen axudas directa, o 13 de marzo deste ano o Goberno de Pedro Sánchez publicou no Boletín Oficial do Estado o RDL 5/2021 de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19, que prevé unha liña de axudas directas e finalistas, na que os beneficiarios son as persoas traballadoras autónomas e empresas cunha caída do volume de operacións mínimo dun 30 % en 2020 respecto de 2019 e que a súa actividade estivese incluída nalgún dos códigos de



clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) previstos no Anexo I do RDL, podendo destinarse a satisfacer débeda e os pagos a provedores, acredores financeiros e non financeiros e costes fixos, sempre e cando se houbesen devindicado entre o 1 de marzo e o 31 de maio de 2021 e se orixinasen por contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021, asumindo as CC.AA a tramitación e a xestión destes fondos.

O Real decreto-lei prevé que se efectúen as correspondentes transferencias a cada ente territorial con cargo a dous créditos extraordinarios, un de 5.000 M€ con destino ás CC.AA, excluídas Baleares e Canarias, e as Cidades de Ceuta e Melilla; e o segundo, dotado con 2.000 millóns de euros, para os dous arquipélagos, que tiveron un maior impacto económico debido á pandemia, pola súa maior dependencia do sector turístico.

Posteriormente, o Estado a través do RDL 6/2021 modificou o RDL anterior habilitando ás CC.AA para que puidesen conceder axudas a outras persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas no seu ámbito territorial.

E na Orde HAC/283/2021, do 25 de marzo de 2021 concrétanse os aspectos necesarios para a distribución definitiva dos 5.000 M€ entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, dos recursos da Liña COVID de axudas directas a autónomos e empresas prevista no Título I do Real decreto-lei 5/2021 que a partires dos indicadores e os cálculos establecidos para o reparto do fondo, a Galicia correspondéronlle 234.470.880 € para axudas directas a Pemes e a autónomos, Fondo que foi transferido polo Goberno do Estado á Xunta de Galicia na súa totalidade.

Con esta base legal, a Xunta de Galicia publicou a Orde do 9 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do III Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19 mediante axudas directas para o apoio á solvencia e redución do endebedamento do sector privado co prazo de presentación dun mes dende o 14 de xuño ata o 14 de xullo.

A dita orde foi modificada pola Orde do 12 de xullo e publicada no DOG o 13 de xullo, pola que se amplían as actividades incluídas no Anexo I do RDL e amplíase tamén o prazo de presentación de solicitudes ata o 30 de setembro de 2021



Carecendo de datos de resolución e concesión das achegas do III Plan, pero entendendo que o resultado foi moi cativo, a Xunta de Galicia publicou o 28 de outubro unha nova Orde pola que establece as bases reguladoras do IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19, cun orzamento de 134.470.880 €, é dicir, máis do 57 % do total do fondo recibido, cun prazo de presentación de solicitudes ata o 29 de novembro de 2021.

A finais do exercicio 2021, a Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos (UPTA) alertaba de que as comunidades autónomas terían que devolver unha boa parte destes fondos que non foron executados, sendo no caso de Galicia a cantidade de case 140 millóns de euros, é dicir, o 60 % do fondo achegado.

Ante a evidente falla de execución dos fondos por parte dalgunhas comunidades autónomas, entre as que se encontra Galicia, cun 57 % do fondo sen executar, e co gallo de que non se perdan os fondos e que cheguen aos beneficiarios aos que van destinados, o Estado publicou un novo RDL 27/2021 prorrogando a entrega dos fondos non executados antes do 30 de xuño de 2022.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cal foi a totalidade dos fondos recibidos pola Xunta de Galicia do Estado para atender ás persoas traballadoras autónomas, pemes e micropemes afectadas polas medidas adoptadas para evitar a propagación do virus da covid-19?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:34:40

María Leticia Gallego Sanromán na data 23/01/2023 16:34:55

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 16:35:06



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que configura o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego dos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas e determinados concellos galegos nos últimos anos?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:36:21

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 16:36:34

Patricia Otero Rodríguez na data 23/01/2023 16:36:46



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Leticia Gallego Sanromán, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que configura o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cales foron os criterios empregados polo Goberno galego a través da Axencia Galega de Turismo para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos en 2020, 2021 e 2022?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:37:57

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 16:38:15

María Leticia Gallego Sanromán na data 23/01/2023 16:38:28



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

O 20 de xaneiro de 2006, o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Fegamp, asinaron o primeiro Pacto local galego, de acordo co establecido na Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril) e a Lei de Administración local de Galicia (Lei 7/1997, do 22 de xullo) e demais normativa de aplicación vixente.

O dito pacto establece unha reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, baseándose no principio de



subsidiariedade, con respecto á garantía da autonomía local, dotada de financiamento suficiente para a súa prestación.

Nas súas cláusulas, establécese que as partes asinantes se comprometen, entre outras cousas, a:

“I.-Financiamento:

Sen prexuízo do obxectivo irrenunciable e imprescindible de acadar un pacto de Estado polo financiamento, no que defendemos a inclusión dos criterios de número de núcleos de poboación e extensión do territorio na distribución aos concellos da participación nos tributos do Estado, a Comunidade Autónoma galega levará a cabo as seguintes actuacións:

- Regulación do Fondo galego de cooperación local.
- Fondo de compensación interterritorial
- Asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos
- Asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria.”

Pasados 14 anos desde a sinatura deste primeiro Pacto local galego e sen que se teña desenvolto na súa totalidade, é momento de iniciar o debate sobre un II Pacto Local no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, que estableza claramente as competencias de cada administración, así como a suficiencia financeira para levalas a cabo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cando vai o Goberno galego abordar o debate sobre a actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:39:22

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 16:39:37





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 17:57:42
Nº Rexistro: 48057
Data envío: 23/01/2023 17:57:42.420

Paloma Castro Rey na data 23/01/2023 16:39:53



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.



A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes
2. Introducción
3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

- 3.1. Financiamento local.
- 3.1.3. Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.
- 3.1.4. Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

O 26 de xuño de 2020, a Fegamp aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-covid-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar a crise e se establece o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas multifocais necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás. Estas medidas están contempladas dentro do punto 4.2 do dito plan:

- 4.2.1 Medidas de financiamento das entidades locais
- 4.2.2 Medidas de coordinación e seguimento
- 4.2.3 Medidas sociais



- 4.2.4 Medidas de reactivación económica
- 4.2.5 Medidas territoriais e de xestión de servizos
- 4.2.6 Medidas tecnolóxicas
- 4.2.7 Medidas de formación e información

É dicir, novamente todas as entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, reiteran a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se acorde coa Fegamp o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante a X Lexislatura e comezo desta XI a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que teñen incrementado as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñen achegado o financiamento necesario para poder desenvolveselas.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego negociar coa Fegamp un proxecto de lei que regule a participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade autónoma de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:41:23

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 16:41:36





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 17:58:03
Nº Rexistro: 48058
Data envío: 23/01/2023 17:58:03.514

Paloma Castro Rey na data 23/01/2023 16:41:53



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e os deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Turismo e Xustiza e determinados concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:42:39

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 16:42:53

Paloma Castro Rey na data 23/01/2023 16:43:06

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 16:43:18



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Unha vez pechado o exercicio económico 2021, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego elaborar, dentro do exercicio 2023, un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas nos últimos cinco anos?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:44:41

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 16:44:56



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Martín Seco García, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do 30 de agosto de 2021 a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou a Orde do 9 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para a creación e lanzamento de plataformas de *marketplace* para produtos agroalimentarios no medio rural, cun crédito total de 800.000 euros, sendo o investimento máximo subvencionable de 60.000 euros e cunha porcentaxe máxima do 80 %.

As ditas axudas van dirixidas a concellos galegos situados en zonas rurais e cunha poboación inferior a 10.000 habitantes; federacións de asociacións de comerciantes legalmente constituídas de ámbito superior ao municipal e grupos de desenvolvemento rural (GDR) recoñecidos polo acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), do 16 de novembro de 2016, polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia.

Segundo se recolle no artigo 3 das bases da convocatoria, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da dita Orde no Diario Oficial de Galicia, e no artigo 5 débúllase a documentación que deben achegar as entidades solicitantes, que no seu apartado 2.d) indica a que é común para todas:

“– *Memoria detallada das actuacións para as cales se solicita a subvención, que incluíra unha descrición pormenorizada, os obxectivos e a valoración económica das actuacións que se pretenden executar.*

– *Facturas ou, na súa falta, facturas pro forma ou orzamento detallado dos gastos previstos para a realización da actuación para a que se solicita a subvención. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas pola entidade solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto nin se admitirán aqueles orzamentos que non presenten a suficiente desagregación para determinar o carácter subvencionable dos conceptos relacionados nel.*



Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación dos servizos, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarse de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:

a) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os que se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados pola entidade solicitante con independencia da contía dos investimentos

b) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionadas pola entidade solicitante para a realización do proxecto.

c) Memoria económica xustificativa da elección dos provedores nos seguintes casos:

– Cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que como mínimo obtivo a entidade solicitante.

– Cando, polas especiais características dos gastos subvencionables, non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo a entidade solicitante”.

Polo que á vista destes datos a deputada e os deputados que asinan, preguntan:

Tendo en conta que a documentación complementaria que teñen que presentar as entidades solicitantes require dun tempo para a súa elaboración, informou o Goberno galego previamente a algunha entidade da convocatoria desta orde?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 17:59:07
Nº Rexistro: 48066
Data envío: 23/01/2023 17:59:07.795

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:51:50

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 16:52:05

Martín Seco García na data 23/01/2023 16:52:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galiza para garantir o futuro da factoría de Alcoa San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os meses seguen pasando e o futuro da factoría de Alcoa San Cibrao segue pendendo dun fío. A día de hoxe vemos como a empresa norteamericana continúa a mostrar un total desinterese polo cumprimento dos acordos acadados hai xa máis de un ano.

Desgraciadamente, mentres isto está ocorrendo, a Xunta de Galiza continúa a actuar como se este problema non tivese que ver co goberno galego. Deste xeito, non aparece en moitas das xuntanzas entre o comité e a empresa e sobre todo, non mostra vontade algunha de facelo.

Todo isto xera unha situación na que a empresa confirma publicamente a súa vontade de incumplir o acordo acadado e votado democraticamente entre todo o plantel da factoría, algo que pon claramente en perigo o mantemento dos postos de traballo.

Alén de todo isto, a empresa mostrou unha clara intención de manter paralizadas para o vindeiro ano o 93'8% das cubas de electrólise da planta, deixando para o 2025 a re arranque das demais cubas e descartando de maneira clara unha das principais inversións como é o forno de cocción.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai realizar a Xunta de Galiza algún tipo de acción para evitar que a empresa incumpra os acordos?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/01/2023 17:51:02

Daniel Pérez López na data 23/01/2023 17:51:05

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/01/2023 17:51:15



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do venres 10 de setembro de 2021 o Instituto de Estudos do Territorio publicou a Resolución do 3 de setembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021, destinadas a concellos galegos que teñan menos de 20.000 habitantes co obxectivo de colaborar e corresponsabilizar aos concellos galegos en relación coa mellora da contorna paisaxística, a través de intervencións dirixidas a corrixir alteracións ou impactos relacionados con certos equipamentos de titularidade municipal que supoñen unha deterioración do carácter ou da calidade da paisaxe.

A concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva cun crédito financeiro de 800.000 € e un prazo de presentación dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da resolución, é dicir o sábado 11 e esgotándose o crédito consignado para unha das liñas de subvención ese mesmo día, horas despois de abrir o prazo, cando os concellos teñen que achegar a seguinte documentación:

“a) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante do concello solicitante, incluída no anexo I desta resolución, na cal se fai constar:

- 1) O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.*
- 2) Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de*



subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e) e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que o concello está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

- 3) Que todos os datos contidos na solicitude, incluídos os relativos á conta bancaria en que se realizará o pagamento da subvención, de ser o caso, e nos documentos que se achegan son certos.*
 - 4) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
 - 5) Que cumprirá a normativa estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións, cando proceda.*
 - 6) Que se compromete a cumprir as obrigas e os requisitos que se sinalan nas bases reguladoras.*
 - 7) Que as actuacións para as cales se solicita a subvención teñen a consideración de gastos subvencionables e non estaban iniciadas con anterioridade á publicación da convocatoria destas axudas.*
 - 8) Que no caso de que sexa preceptivo, se compromete, de non contar con elas, a solicitar as autorizacións ou licenzas urbanísticas ou sectoriais tanto municipais como doutros organismos ou administracións públicas que resulten preceptivas para a execución da actuación prevista.*
 - 9) Que os materiais e acabados propostos son conformes coas indicacións que se recollen nas guías a que se fai referencia no punto 2º.*
- b) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello solicitante no modelo do anexo II, na cal se faga constar:*
- 1) O acordo do concello polo cal se solicita a subvención para as obras concretas que se pretenden executar ao abeiro desta resolución e se*



aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela, ao cal fai referencia o punto 3.2.d) desta resolución.

No referido acordo deberá constar expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución, e o acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

- 2) A remisión das contas do concello ao Consello de Contas de Galicia, correspondentes ao exercicio orzamentario de 2020, á cal fai referencia o punto 3.1.b) desta resolución.*

No certificado quedará acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que se consignará a data de remisión ao Consello de Contas e non se admitirán aquelas en que non se faga constar a data de remisión.

- 3) A plena dispoñibilidade do concello sobre os terreos e predios en que se van desenvolver as actuacións. Deberá quedar acreditado que o concello, antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, xa ten a dispoñibilidade sobre eles, nos termos establecidos no segundo parágrafo do punto 3.2.c) desta resolución.*
- 4) Dereitos recoñecidos netos (capítulos I, II e III do estado de ingresos) do orzamento liquidado da entidade do ano 2020, para o cálculo do esforzo fiscal do concello.*

c) Memoria xustificativa da necesidade das obras ou equipamentos para os cales se solicita a subvención, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade local.

d) Ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, nas solicitudes de subvención para obras deberá achegarse un documento co nivel de proxecto ou memoria valorada da obra que se vai realizar, asinado electronicamente polo técnico ou pola técnica que o redacte, co seguinte contido mínimo:

- 1) Memoria explicativa*



- 2) *Orzamento das partidas, con indicación das unidades e prezos de cada unha. En ningún caso se admitirán orzamentos a tanto global (partidas alzadas ou similares).*
- 3) *Referencia catastral e/ou planos de situación/coordenadas que permitan xeolocalizar con exactitude os edificios e equipamentos obxecto das axudas.*
- 4) *Planos a escala e detalle suficientes para describir as actuacións.*
- 5) *Reportaxe fotográfica do ben e da súa contorna onde se aprecia o estado actual que presenta.”*

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre esta subvención?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:53:27

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 16:53:42

Paloma Castro Rey na data 23/01/2023 16:54:01



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do venres 17 de setembro de 2021 a Axencia Turismo de Galicia publicou a Resolución do 13 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e anúnciase a súa convocatoria para o ano 2021, co obxecto do fomento da recuperación, da accesibilidade e da sinalización dos recursos turísticos en concellos de ata 10.000 habitantes cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística. Para esta subvención destínase un crédito orzamentario de 3,5 millóns de euros, e pódese conceder ata o 100 % da actuación, cun límite de 30.000 euros.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrência non competitiva cun prazo de presentación de solicitudes dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, é dicir dende ás 00.01h do sábado 18 de setembro.

No artigo 6 das bases da convocatoria débúllase a documentación complementaria que deben presentar os concellos solicitantes e no artigo 19 establécese que a xustificación da dita subvención terá de prazo ata o 15 de novembro de 2021, é dicir, 58 días dende a apertura de solicitude da subvención.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cales son os motivos polos que este ano se empregue o procedemento de concesión en réxime de concorrência competitiva?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:54:49

Paloma Castro Rey na data 23/01/2023 16:55:04

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 16:55:15



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do mércores 19 de xaneiro de 2022 o Instituto de Estudos do Territorio publicou a Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2022, destinadas a concellos galegos que teñan menos de 20.000 habitantes co obxectivo de colaborar e corresponsabilizar os concellos galegos en relación coa mellora da contorna paisaxística, a través de intervencións dirixidas a corrixir alteracións ou impactos relacionados con certos equipamentos de titularidade municipal que supoñen unha deterioración do carácter ou da calidade da paisaxe.

No punto 5 do apartado 7. Forma e prazo de presentación das solicitudes establécese literalmente:

“5. Para os efectos da concesión das axudas, terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia ata que se esgote o orzamento da convocatoria. Considerarase data de presentación válida aquela na que o expediente sexa presentado completo e conste no mesmo a solicitude, correctamente cuberta, e toda a documentación exixida na presente resolución. Así mesmo, considerarase esgotado o orzamento cando se efectúe o rexistro da última solicitude de axuda que totalice o importe total do crédito desta convocatoria. Nese caso, e sempre antes da data máxima sinalada neste punto, poderán seguirse rexistrando solicitudes en lista de reserva provisional, as cales serán atendidas por rigorosa orde de entrada, supeditadas a que se produzan desestimacións ou revogacións das solicitudes de axuda previas. O esgotamento do crédito comportará a inadmisión de todas aquelas solicitudes que se instrúan con posterioridade do mesmo xeito que se inadmitirán todos aqueles expedientes que non teñan entrada na sede electrónica de Galicia”.



A documentación que teñen que chegar os concellos consta dunha declaración responsable na que se ten que facer constar un conxunto de requisitos explicitados no punto 7 do apartado sétimo e no apartado oitavo se establece a documentación complementaria que inclúe:

- a) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello solicitante no modelo do anexo II, na cal se faga constar:

1º. O acordo do concello polo cal se solicita a subvención para as obras concretas que se pretenden executar ao abeiro desta resolución e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela, ao cal fai referencia o punto 3.2.c) desta resolución. No referido acordo deberá constar expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución, e o acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

2º. Que se cumpriu coa obriga e remisión das contas do concello ao Consello de Contas de Galicia, á cal fai referencia o punto 3.1.b) desta resolución.

3º. A plena dispoñibilidade do concello sobre os terreos e predios en que se van desenvolver as actuacións. Deberá quedar acreditado que o concello, antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, xa ten a dispoñibilidade sobre eles, nos termos establecidos no segundo parágrafo do punto 3.2.b) desta resolución.

4º. Dereitos recoñecidos netos (capítulos I, II e III do estado de ingresos) do orzamento liquidado da entidade, do ano que corresponda, para o cálculo do esforzo fiscal do concello.

- b) Memoria xustificativa da necesidade das obras ou equipamentos para as cales se solicita a subvención, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade local.

c) Tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se tivera realizado con anterioridade á solicitude da subvención, no caso de que sexa de aplicación o previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000,00 euros, prevista para o contrato menor.



d) Ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, nas solicitudes de subvención para obras, deberá achegarse un documento co nivel de proxecto ou memoria valorada da obra que se vai realizar, asinado electronicamente polo técnico ou pola técnica que o redacte, co seguinte contido mínimo:

1º. Memoria explicativa.

2º. Orzamento das partidas con indicación das unidades e prezos de cada unha. En ningún caso se admitirán orzamentos a tanto global (partidas alzadas ou similares).

3º. Referencia catastral e planos de situación/coordenadas que permita xeolocalizar con exactitude os edificios, bens e equipamentos obxecto das axudas.

4º. Planos a escala e detalle suficientes para describir as actuacións.

5º. Reportaxe fotográfica do ben e da súa contorna onde se aprecia o estado actual que presenta. 2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

A concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva cun crédito financeiro de 600.000 € e as solicitudes poderanse presentar desde as 12.00 horas do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ata o día 28 de febreiro de 2022.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre esta subvención aos concellos beneficiados?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:56:55

Paloma Castro Rey na data 23/01/2023 16:57:10

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 16:57:23



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cales foron os criterios empregados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos para obras de infraestruturas rurais nos exercicios 2020, 2021 e 2022?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:58:14

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 16:58:27

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/01/2023 16:58:38



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa oral en Pleno.

A realidade do mercado laboral galego nestes case trece anos de goberno de Núñez Feijóo na Xunta de Galicia estivo caracterizado por un escaso dinamismo e un alto índice de precariedade, sendo un dos grandes fracasos das políticas do Partido Popular que no canto de empregar a súa competencia e os recursos públicos de maneira eficiente para loitar contra esta situación dedicouse ao *marketing* propagandístico redundando nos mesmos erros.

Así os últimos datos publicados polo IGE sobre a enquisa de poboación activa correspondentes ao cuarto trimestre de 2021 respecto ao mesmo trimestre de 2009 revélanos que temos 83.400 persoas activas menos, con 50.900 persoas ocupadas menos e cun número de parados que tan só diminuíu en 32.500 persoas nese mesmo período.

Se facemos un balance deste último ano, 2021, vemos que a taxa de actividade na nosa comunidade é do 52,9 %, fronte ao 59,14 do resto do Estado e que mentres que en España se crearon 840.000 empregos nun ano, superando a ocupación pre pandemia, un crecemento do 4,35 % no conxunto do estado, o maior nivel de emprego dende a crise de 2008, en Galicia o crecemento foi tan só do 0,96 %, sendo a terceira peor evolución de todas as CC.AA e as cidades autónomas, só por detrás de Murcia e de Ceuta. O mesmo acontece na evolución do número de parados do último ano, mentres en Galicia no cuarto trimestre de 2021 a baixada respecto ao mesmo trimestre do ano anterior é de só un 5,3 %, para o conxunto do Estado é dun 16,56 %, é dicir no Estado a baixada foi máis da tripla que na nosa comunidade.

Despois de dous anos de pandemia que puxeron en evidencia as costuras do noso Estado do benestar, deixando á vista a desigualdade que aínda existe nos traballos do coidado doméstico e a precariedade do emprego feminino que, segundo os últimos datos achegados polos sindicatos a pandemia supuxo en Galicia que o 73 % do emprego que se perdeu foi entre as mulleres, que a taxa de actividade feminina se sitúa 8,8 puntos por debaixo da masculina e que a fenda salarial entre homes e mulleres se sitúa no 19 %.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Vai executar o Goberno galego a totalidade dos recursos destinados a favorecer a inserción laboral de calidade na nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 16:59:30

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 16:59:45

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/01/2023 16:59:58



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Tras as declaracións no mes de febreiro do líder do Partido Popular nacional, o Sr. Pablo Casado, nunha entrevista radiofónica na Cope na que denunciaba un posible trato de favor por parte da presidenta da Comunidade de Madrid cara ao seu irmán na que manifestaba que “Más allá de que sea ilegal, la cuestión es si es entendible que el 1 de abril de 2020, cuando morían en España 700 personas, se pueden contratar con tu hermana y recibir 300.000 euros por vender mascarillas” desencadeouse unha guerra interna dentro do PP con supostas tramas de espionaxe e cobro de comisións que no canto de poñer o foco na posible prevaricación, o PP puxo o foco en quen denunciaba publicamente o posible delito, sen que ese feito fose posto en coñecemento da xustiza.

Ante estes feitos, o 10 de marzo o Sr. Núñez Feijóo foi proclamado candidato único á presidencia do partido para o Congreso extraordinario que desenvolverán en Sevilla os días 1 e 2 de abril e aínda que nas súas primeiras declaracións manifestou que “Es mejor perder el Gobierno que ganarlo desde el populismo”, en alusión aos pactos con VOX, a realidade é que a súa primeira achega ao partido a nivel nacional foi permitir que na Comunidade de Castela e León se materializase o primeiro pacto de goberno coa extrema dereita.

Así, mentres o Sr. Feijóo percorre a xeografía española para culminar a súa elección como presidente do partido anuncia que vai seguir gobernando Galicia dende o teléfono móbil ou nun *click* de ordenador.

A última perla que nos deixou o candidato Feijóo foi onte nun mitin do seu partido en Baleares con declaracións nas que afirmaba que “El Gobierno se está forrando con la subida de los precios de la luz”, declaracións que manifestan unha torticeira interpretación sobre os ingresos que percibe o Estado e sobre os ingresos que perciben as CCAA, así como a intencionalidade en evitar manifestar que do imposto especial sobre os hidrocarburos o 58 % son transferidos ás CCAA.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:



Estase “forrando” a Comunidade Autónoma galega coa subida dos prezos da luz?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:00:53

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 17:01:14



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Míguez e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nestes momentos estamos no trámite parlamentario para a aprobación dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 e no proxecto de orzamentos que se vai debater os socialistas volvemos constatar que para a Xunta de Galicia é máis importante a minoría que máis ten fronte á maioría da cidadanía, cuestión que se traduce nunha rebaixa selectiva de impostos nos que aos 7.700 galegos e galegas máis ricos do noso país se lle bonifica a cota do imposto sobre o patrimonio nun 25 % máis, chegando ao 50 %, é dicir, un regalo duns 4.500.€ ano de media por contribuínte, tendo en conta que este imposto grava os patrimonios a partir de 700.000 €, excluída a vivenda habitual ata 300.000 €, mentres que para a maioría da poboación, con rendas de ata 35000 €, a rebaixa vai supoñer de media uns 40 € ao mes, afianzando a política fiscal regresiva da Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular, que favorece á minoría que máis ten fronte á maioría da poboación.

Hai uns días o presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Rueda, sorprendíanos cunhas declaracións ante os empresarios da Asociación de Fabricantes e Distribuidores (Aecoc) nas que afirmou que “Galicia baixa impostos sen complexos, porque sempre é moito mellor baixalos que subilos”, unhas declaracións que chocan coa realidade amosada no Reino Unido coas políticas da primeira Ministra Liz Truss, que durou 45 días en *Downing Street* polo anuncio de baixada de impostos xeneralizados o que lanzou á libra esterlina e aos bonos de débeda pública en caída libre.

Xa que logo, o Goberno galego presenta un proxecto de orzamentos indolente, que con 1.239 millóns de euros máis nestes orzamentos, anuncia baixada de impostos sen complexos aos máis ricos mentres retira a tarxeta básica para as familias que máis o necesitan, un recurso que unido ao paraugas social do Goberno do Estado (IMV, Ertes) evitou que 127.000 galegos e galegas estiveran en risco de pobreza no ano 2021, segundo o último informe “O estado da pobreza en Galicia” elaborado por EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión.

O dito informe revélanos que no ano 2021 en Galicia 678.000 persoas residentes en Galicia (25,2 % da poboación) estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social (AROPE), 4.000 persoas menos que en 2020, agravándose a feminización



da pobreza e cun risco de pobreza e exclusión infantil que xuvenil apenas diminúe.

Os datos publicados recentemente polo IGE correspondentes á enquisa de poboación activa (EPA) do terceiro trimestre deste ano, pois revélannos tamén que temos na nosa comunidade 50.800 fogares con todos os seus membros en paro e 24.700 sen ingresos.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cales foron as medidas e os recursos que dedicou a Xunta de Galicia durante os últimos 5 anos para evitar a pobreza ou a exclusión social das persoas residentes na nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:41:15

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 17:41:30

Marina Ortega Otero na data 23/01/2023 17:41:42



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Instituto de Educación Secundaria As Mariñas de Betanzos é un centro que imparte ESO, bacharelato e tres ciclos formativos (Electricidade, Automoción e Administración) para case oitocentos alumnos e alumnas, sendo un centro de referencia para o alumnado con especiais necesidades, aínda sen contar con persoal especializado suficiente para poder dar o servizo de calidade requirido por este alumnado.

Este centro, ao igual que o resto dos centros radicados no concello de Betanzos non tiveron dende a súa construción ningunha reforma de mantemento importante máis alá das acometidas a nivel municipal e que serviron para “parchear” as continuas neglixencias da Consellería de Educación que, sendo coñecedora da situación, nada ten feito.

Neste centro podemos observar que a situación dos tellados é lamentable, con filtrado de humidades, cuberta de uralitas (con amianto), coas mesmas ventas dende a súa construción e, xa que logo, con mal illamento térmico.

Para o vindeiro curso 2023-2024 van ter adxudicado un bacharelato xeneralista tendo que reorganizar os recursos materiais e humanos existentes, é dicir, sen poder aproveitar as naves existentes polo seu deterioro e sen máis profesorado.

Por iso, as deputadas que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que as instalacións do IES As Mariñas de Betanzos son axeitadas para ofrecer unha educación de calidade?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:04:34





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 18:02:04
Nº Rexistro: 48075
Data envío: 23/01/2023 18:02:04.623

Noelia Otero Lago na data 23/01/2023 17:04:50

Noa Susana Díaz Varela na data 23/01/2023 17:04:59



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En xaneiro de 2006 a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron o Pacto local galego, pacto que contén unha serie de acordos entre os que se encontra a asunción dos custos económicos que soportan os concellos derivados do mantemento dos centros de educación primaria de Galicia.

Pasados máis de 16 anos dende a sinatura deste pacto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que previsión ten o Goberno galego para este exercicio 2023?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:05:49

Paloma Castro Rey na data 23/01/2023 17:06:04

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 17:06:16



A Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Oza-Cesuras é un concello que conta cunha poboación de 5.170 habitantes, segundo os últimos datos publicados polo IGE para 2021, dos que 424 teñen entre 0 e 14 anos e 1767 máis de 65 anos (34 % da poboación).

Neste municipio hai dous centros de saúde, un situado en Oza e o outro en Cesuras; no centro de Oza o servizo sanitario é prestado por dúas persoas facultativas e outra de enfermaría, unha matrona que ten atención os martes ata as 12.00 h e o servizo de pediatría cunha persoa que ten atención os mércores ata as 12.00 h; e no centro de Cesuras tamén se repite o mesmo esquema, dúas persoas facultativas e unha profesional da enfermaría, unha matrona con atención os martes a partir das 12.00 h e servizo de pediatra cunha persoa os mércores a partir das 12.00 h.

Neste centro, tal e como acontece na maior parte dos centros de saúde nos concellos rurais, non se están a cubrir as baixas nin as vacacións, derivando a asistencia dos doentes urxentes que corresponde ao especialista que se atope nesa circunstancia ao outro centro de saúde situado no municipio ou a outros próximos (Betanzos) se non se atopan moi saturados e no caso de atención sen urxencia demorando a cita da consulta ata máis de 15 días.

Na actualidade, desde o día 27 de abril, no centro de saúde de Oza só se está a prestar o servizo dun médico por encontrarse o outro de baixa por contaxio covid-19, o que está a supoñer un atraso moi considerable nas citas médicas que atende este facultativo, sen que por parte da Consellería de Sanidade se tomen as medidas necesarias para evitar atrasos na atención médica, tendo en conta a especial atención que require a poboación maior de 65 anos que neste concello representa máis do 34 %.

Por iso, as deputados e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre esta situación?



Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:08:12

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2023 17:08:27

Marina Ortega Otero na data 23/01/2023 17:08:38



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nos últimos trece anos os desequilibrios territoriais en Galicia non fixeron máis que aumentar cunha Galicia en marcha lenta e unha Galicia en marcha atrás.

Esta situación corresponde a todas as provincias galegas, pero se vemos os datos históricos publicados polo INE que comezan en 1971 comprobamos que a provincia de Ourense é a segunda provincia empezando pola cola que peor evolución demográfica tivo nos últimos cincuenta anos, cunha perda de case o 31 % da súa poboación, o que supón en cifras absolutas perder 136.054 habitantes, case a metade da súa poboación na actualidade; e no caso da provincia de Lugo a evolución foi parecida, cunha perda de case o 23 %, en cifras absolutas 96.756 habitantes.

Se estes datos son máis que preocupantes, as prospeccións elaboradas polo IGE nos advirten que, de seguir así, en 2035, é dicir en menos de 14 anos, perderemos case 165.000 habitantes, que é tanto como perder o 54 % da poboación actual da provincia de Ourense, e colocándonos no entorno dos 2,5 millón de habitantes.

Esta perda de poboación (datos IGE a 1 de xaneiro de 2022), xa de por si preocupante, debe alertarnos máis se analizamos a evolución por grupos de idade, con 276.750 persoas menos menores de 40 anos das que tiñamos no 2009 e cun 26,12 % maior de 64 anos, tendo na provincia de Ourense máis persoas pensionistas que persoas afiliadas á seguridade social.

As iniciativas anunciadas polo executivo galego pouca ou nula incidencia tiveron na reversión desta grave situación, en 2016 aprobouse neste Parlamento o Plan estratéxico 2015-2020 que colocaba o incremento do número de nacementos entre as súas prioridades, aprobouse un plan de revitalización demográfica que erraba na diagnose e non se comprometía coas políticas públicas necesarias, en 2017 aprobaron un documento elaborado pola Consellería do Medio Rural para fixar poboación no rural dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial e mantemento da poboación e en febreiro de 2021 o Parlamento galego aproba a primeira Lei de impulso demográfico de Galicia.



Cinco anos despois da aprobación do dito Plan estratéxico 2015-2020 e un ano despois da aprobación da Lei de impulso demográfico de Galicia, a deputada e deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre as medidas adoptadas para reverter a perda de poboación nestes 13 anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:09:24

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 17:09:37



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Á vista das declaracións feitas pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia sobre os investimentos feitos dende a súa consellería, ben directamente ou ben a través do ente Augas de Galicia, en infraestruturas ou mellora de infraestruturas precisas para a mellora da xestión do ciclo da auga, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cales foron as infraestruturas ou melloras de infraestruturas precisas para a mellora da xestión do ciclo da auga, dende 2010 ata a actualidade?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:10:21

Patricia Otero Rodríguez na data 23/01/2023 17:10:35

Eduardo Ojea Arias na data 23/01/2023 17:10:51



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, ten entre os seus obxectivos garantir a prestación adecuada dos servizos de abastecemento de auga cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles, e establecer as normas e as medidas para o aproveitamento dos recursos hídricos nos períodos en que exista un episodio de seca, co fin de reducir a vulnerabilidade fronte a este evento, buscando unha garantía no abastecemento á poboación en equilibrio co medio natural e tendo en conta os posibles efectos do cambio climático.

A dita lei establece na disposición adicional segunda que, no prazo máximo de dous anos, contado desde a entrada en vigor desta lei, todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán levar a cabo unha auditoría co obxecto de cuantificar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa, establecendo as auditorías municipais de abastecemento e os plans de actuacións para a minimización das perdas de auga como un instrumento indispensable para diagnosticar e atallar as perdas do recurso hídrico nas redes e axudar a que os responsables dos sistemas de abastecemento estean mellor preparados ante eventos climáticos extremos como os provocados por unha ausencia prolongada de precipitacións.

Con estes argumentos, a entidade Augas de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia do 8 de xullo a Resolución do 23 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, como unha medida de cooperación necesaria destinada aos concellos responsables de sistemas de abastecemento á poboación cunha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes e cun crédito de 300.000 euros e no seu artigo 11 se establece a documentación complementaria que debe achegar cada concello solicitante electronicamente, xunto coa solicitude:



- a) Resolución do órgano competente do concello solicitante pola que se acorde a solicitude da subvención ao abeiro desta resolución, con data anterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes, en que conste expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución.
- b) Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos, cantidades e o seu prezo unitario para a realización da auditorías municipais de abastecemento para minimizar as perdas de auga.
- c) Unha declaración asinada pola persoa titular da alcaldía-presidencia en que se indique que realizaron as tarefas de revisión, actualización e confirmación da información do abastecemento do concello solicitante na ferramenta Sisbagal (Sistema de información de servizos básico de augas en Galicia) <https://sisbagal.xunta.gal> con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2022.

Para o suposto de non se presentar esta declaración, deberá achegarse xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Unha memoria xustificativa do obxecto da auditoría municipal de abastecemento para minimizar as perdas de auga, en que se indique expresamente, polo menos, o seguinte: unha listaxe dos puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outros concellos ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello, incluíndo a súa localización en coordenadas UTM fuso 29 ETRS89, a listaxe dos núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración e a poboación aproximada dos núcleos conectados.
- Planos a escala de suficiente detalle (1:10.000 ou menor) onde se representen, como mínimo, os puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outros concellos ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello e os núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración.

Os planos deberán conter unha lenda suficiente que permita a súa interpretación e estar o máis actualizados posible, non sendo admisibles aqueles nos cales non conste a data da súa realización nin os realizados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cales son as razóns polas que, unha vez máis, a Xunta de Galicia convoca subvencións dirixidas a concellos en réxime de concorrencia non competitiva?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:11:48

Paloma Castro Rey na data 23/01/2023 17:12:02

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 17:12:14



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Gonzalo Caballero Miguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En febreiro de 2021 o Parlamento de aprobou a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, que no seu artigo primeiro establece que o seu obxecto é establecer os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, acorde cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, que favoreza un desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren Galicia como o lugar idóneo para vivir, establecerse e, se así o desexan, ter fillas e fillos e desenvolver o proxecto familiar que libremente escollan.

Para facer un seguimento da implementación das medidas contidas na lei, no artigo 9 establécese a obrigatoriedade de que o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica realice informes periódicos e indicadores que sirvan de orientación ás políticas das administracións públicas de Galicia en materia de impulso demográfico e que se fará público no primeiro semestre un informe anual sobre a situación demográfica de Galicia.

No artigo 11 da dita lei, indícanse as políticas prioritarias para o impulso demográfico, que faciliten a emancipación da xuventude con programas específicos que promovan o seu acceso a empregos estables e de calidade e para o acceso á vivenda; políticas de conciliación e corresponsabilidade que actúen como panca de participación das mulleres no mercado laboral, favorecendo o incremento dos índices de fecundidade e evitando desequilibrios na composición das cohortes de idades susceptibles de formar unha familia; políticas que aposten decididamente pola diversificación económica no medio rural, pola redución das trabas burocráticas para o establecemento de iniciativas empresariais e pola garantía de acceso adecuado aos servizos para a poboación e as empresas que se establezan nel; políticas específicas de capacitación dixital de toda a poboación do medio rural que lle permitan estudar, traballar, comunicarse, atender as súas necesidades básicas e superar o illamento e no Título II se debullan as políticas públicas para o impulso demográfico.



Pasado un ano dende que se aprobou a dita lei, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cal é o grao de desenvolvemento de cada unha das medidas previstas na Lei?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:13:52

Marina Ortega Otero na data 23/01/2023 17:14:07

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 17:14:22



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Hoxe xa non é cuestionable que o cambio climático é unha realidade que supón unha ameaza para humanidade, polo que é unha obriga colectiva, pero tamén individual, poñer as medidas ao noso alcance para loitar contra ese cambio climático e o seu impacto sobre o noso planeta, sabendo que as medidas para combatelo non poden estar enfocadas só nun problema medioambiental, senón que deben contemplar o reto social e o reto económico que van asociados.

A dependencia enerxética do noso país, segundo os datos do ano 2019 estaba no 79,5 % de fontes de enerxías primarias importadas e de orixe fósil fronte ao 20,5 % de renovábeis e autóctonas. Ante esta situación, en xullo de 2021 a Comisión Europea lanzou un ambicioso paquete de medidas da estratexia “Fit 55” co obxectivo da neutralidade carbónica da xeración de enerxía para 2050, reducindo nun 55 % as emisións respecto do nivel do ano 1990 para o ano 2030, sendo no caso concreto de España o obxectivo de redución do 23 %.

Ante estes retos, é necesario e urxente aumentar o ritmo de despregue das enerxías renovables, débese acadar unha cota mínima do 40 % no ano 2030, partindo do 19,7 % actual. Xa que logo, hai que integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da nosa economía, recuperando o potencial industrial que tivemos no pasado e que perdemos pola paralización da súa implantación durante os 13 anos de Goberno de Núñez Feijóo na Xunta de Galicia.

Neste momento clave para a transición enerxética en todo o mundo e ante a chegada dos fondos europeos Next Generation-EU ao noso país, a implantación de enerxía eólica debería ser unha prioridade para a Xunta de Galicia o que nos permitiría volver a ser líderes mundiais neste sector, aproveitando as nosas potencialidades: un recurso abundante, o coñecemento, as capacidades e a experiencia necesarios para poder desenvolver as tecnoloxías e a construción das infraestruturas.



Pero todo isto non será posible se o Goberno galego non aposta firmemente pola implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio, facilitando o despregue de nova potencia renovable que poida posicionar Galicia como rexión estratéxica e pioneira na descarbonización total do seu sistema económico, que permita sinerxías de desenvolvemento industrial que faciliten novas rendas e postos de traballo sostibles, que respecte as demandas sociais cunha axeitada protección do medio ambiente, dos medios agrario e forestal, do patrimonio rural, e demandan unha plena integración das novas iniciativas no desenvolvemento rural, onde aos novos parques lles deberán esixir novas oportunidades, investimentos e valor engadido para as comarcas, que faciliten a loita contra o despoboamento e o abandono da actividade alí onde se instalen.

Na actualidade a inexistente política eólica do Goberno galego só nos leva a incrementar o rexeitamento da cidadanía, dos concellos afectados, das asociacións ecoloxistas e das propias organizacións agrarias en calquera lugar do noso territorio onde se pretenda construír un parque eólico ao tempo do enfado dos sectores afectados pola inseguridade xurídica e a paralización do goberno galego, tal e como amosan as múltiples sentenzas xudiciais como foi o caso da recente sentenza de Corme.

Para os socialistas tan insensato é pretender o desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica solicitada en Galicia como optar por unha prohibición total de novos desenvolvementos de enerxía eólica, polo que hai que compatibilizar o desenvolvemento de máis parques eólicos co seu encaixe social cun impacto medioambiental e social asumible.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cal é o modelo eólico do Goberno galego na actualidade?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:15:20





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 18:04:46
Nº Rexistro: 48082
Data envío: 23/01/2023 18:04:46.420

Martín Seco García na data 23/01/2023 17:15:34

María Leticia Gallego Sanromán na data 23/01/2023 17:15:48



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou no Boletín Oficial de Galicia do 8 de xaneiro deste ano a Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

Na propia exposición de motivos establécese que a finalidade destas axudas dirixidas a concellos é establecer un programa de axudas encamiñadas á mellora dos servizos e ao acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación nos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia, co obxecto de mellorar a competitividade de oferta de solo empresarial, como elemento dinamizador da economía e do emprego local, para as que se destinaron inicialmente 2.300.000 € ampliados pola Orde do 29 de xuño de 2020¹ ata chegar aos 4.127.861,62 €; podendo acadar os concellos o 80 % do importe total consignado como subvencionable e cun máximo de 120.000 € para as solicitudes individuais e de 138.000 € para as solicitudes conxuntas.

As actuacións e gastos subvencionables, segundo se establece no artigo 3 das bases, son para plantas de depuración de augas; xestión de residuos dentro do parque empresarial; infraestruturas viarias, tanto de acceso como interiores ao parque empresarial; instalación de sistemas de seguridade e vixilancia dentro do parque empresarial; instalacións comúns de equipamentos e sistemas de protección destinados á loita contra incendios dentro do parque empresarial ou para a instalación de sistemas contra o roubo de cable dentro do recinto empresarial.

Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan preguntan:



Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados con estas subvencións nos últimos 6 anos?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:17:54

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 17:18:09



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A rede de escolas infantís “Galiña azul”, segundo establece a propia Xunta de Galicia, *“están dirixidas a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos. Trátase dun servizo público de atención á infancia, educativo asistencial, que busca adaptarse ao concepto de familia do século XXI e permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega, ao tempo que facilita a súa inserción no mercado laboral”*.

No concello de Camariñas hai unha escola pertencente á dita rede que conta con 4 unidades e 61 postos e que presta o servizo educativo de 0 a 3 anos sen ofertar servizo de comidas, tendo que os nenos e nenas traer a comida da casa, cando a escola ten comedor que conta co equipamento necesario para poder prestar o servizo de comidas.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que unha escola infantil que non oferta servizo de comedor contribúe á conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:19:55

Marina Ortega Otero na data 23/01/2023 17:20:10

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2023 17:20:22



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O concello de Dumbría ten na actualidade 2.927 habitantes (IGE 2021), o que supón que dende o ano 2009, en 13 anos, perdeu 824 habitantes, ou o que é o mesmo, o 22 % da súa poboación. O declive demográfico é unha realidade en todos os concellos galegos, pero nos que conforman a Costa da Morte esta evolución foi moito máis acusada debido, fundamentalmente, á falla de aposta do Goberno galego por mellorar as comunicacións, a inexistencia de políticas de vivenda e o desmantelamento dos servizos públicos, nomeadamente a sanidade e a educación; o que supón un freo para o asentamento poboacional ao non contar con condicións que favorezan o desenvolvemento do propio proxecto vital.

Neste concello hai un CEIP Plurilingüe, Santa Eulalia de Dumbría, que segundo consta no proxecto educativo do centro, publicado na páxina *web* da Consellería de Educación, contaba para o curso 2021-2022 cun cadro de 10 profesores/as: 4 titores/as que atenden os cursos de infantil 3,4 e 5 anos, así como os de 1º e 2º, 3º e 4º e 5º e 6º de primaria; un mestre de educación física, unha mestra de Pedagogía Terapéutica, unha mestra de Audición e Linguaxe, un mestre de lingua estranxeira e unha orientadora.

Para o curso 2022-2023, unha vez publicada a resolución definitiva de adxudicación de destinos do corpo de mestres de educación primaria, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades reduce á metade o docente de Pedagogía Terapéutica e establece outro docente en itinerancia compartida con outro centro.

Por iso, as deputadas que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que esta medida contribúe a reverter a perda poboacional nos concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:21:28

Noelia Otero Lago na data 23/01/2023 17:21:42

Noa Susana Díaz Varela na data 23/01/2023 17:21:52



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No debate desenvolvido no Senado o pasado 6 de setembro entre o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, e o líder do PP, Alberto Núñez Feijóo, que se estreou como senador no mes de maio, confrontaron os seus modelos para abordar asuntos como a crise enerxética. Así, mentres que o presidente do Goberno, Pedro Sánchez debullou unha a unha as medidas aprobadas e implementadas polo Goberno para axudar á cidadanía do noso país a combater as consecuencias do crecemento desmesurado dos prezos derivados, fundamentalmente da invasión de Ucraína por Putin, o Sr. Feijóo propoñía que se premie con descontos directos no recibo enerxético aos consumidores, familias e Pemes polo seu aforro de enerxía, enviando ao Goberno español unha semana despois do debate as supostas medidas propostas polo Partido Popular, que nas súas conclusións eran unha copia literal dun documento que a Xunta de Galicia xa enviara á Moncloa no mes de agosto.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego de que o senador Núñez Feijóo achegue o mesmo documento elaborado pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado como se fose unha nova proposta presentada polo Partido Popular?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:33:08





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 18:06:41
Nº Rexistro: 48090
Data envío: 23/01/2023 18:06:41.983

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 17:33:23



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Gonzalo Caballero Míguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Informe de fiscalización sobre os fondos europeos correspondente ao exercicio 2020 elaborado polo Consello de Contas de Galicia e que tivo entrada neste Parlamento o 29 de xullo deste exercicio establece literalmente na Recomendación n.º 4 do informe: *“Recoméndase, ante a reiterada diminución que se vén producindo nos últimos exercicios na participación das entidades locais no financiamento de proxectos vinculados a Fondos Europeos, que se articulen -nos vindeiros exercicios- por parte da Administración Autonómica (tendo en conta o futuro marco financeiro 2021-2027 e os fondos e axudas que se implementarán en relación coa situación de crise económica e sanitaria europea derivada da pandemia) estratexias colaborativas para incentivar que os organismos e entidades (públicas e privadas) de Galicia participen en iniciativas comunitarias que comporten a captación de financiamento europeo realizando un seguimento da súa participación”*.

Cuestión que, entre outras causas, é debido por unha banda o tamaño dos concellos galegos, 290 concellos teñen menos de 20.000 habitantes (o 93 % do total), e por outra, ao insuficiente financiamento orzamentario e á inexistencia nos cadros municipais de persoal técnico que poida desenvolver estes proxectos.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego atender a recomendación feita polo Consello de Contas de Galicia e vai artellar (tendo en conta o futuro marco financeiro 2021-2027 e os fondos e axudas que se implementarán en relación coa situación de crise económica e sanitaria europea derivada da pandemia) estratexias colaborativas para incentivar que os organismos e entidades (públicas e privadas) de Galicia participen en iniciativas comunitarias que comporten a captación de financiamento europeo realizando un seguimento da súa participación?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:34:32

María Leticia Gallego Sanromán na data 23/01/2023 17:34:52

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 17:35:03



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O IES Rego Trabe en Culleredo ten 639 alumnos e alumnas, que tivo neste recente estreado curso escolar un incremento do alumnado con necesidades especiais recoñecidas, en concreto 1 alumno e 2 alumnas con 79 %, 66 % e 52 % de discapacidades recoñecidas, mentres se recorta o persoal educativo especializado, pasando de 2 especialistas en Pedagogía Terapéutica a 1,5, unha coidadora e ningún persoal de audición e linguaxe.

Unha mostra máis do abandono e falla de empatía por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ante os nenos e nenas con necesidades especiais que hai na nosa comunidade.

Esta situación foi posta en coñecemento do concello de Culleredo nunha reunión mantida co alcalde e a concelleira de educación, na que se acordou solicitar unha reunión co conselleiro de Educación, o Sr. Román Rodríguez, establecer contactos co resto dos concellos que estiveran en situacións similares, darlle difusión nos medios de comunicación local e elaborar unha declaración institucional de todos os grupos políticos representados no concello.

As familias tamén formularon escritos á Valedora do Pobo e buscaron asesoramento legal nas entidades COCEMFE, COGAMI, departamento educativo de ASEM Galicia, ASPANAES, Duchene Parent Project España e Fademga, todo co gallo de que por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades se dera resposta ás necesidades existentes no dito centro.

A pesares da realidade manifestada e das reunións solicitadas, estas familias, ao igual que moitas outras na nosa comunidade, non obtiveron resposta por parte da consellaría nin solución aos problemas manifestados.

Por iso, as deputadas que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego desta situación?





Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:35:51

Noelia Otero Lago na data 23/01/2023 17:36:05

Noa Susana Díaz Varela na data 23/01/2023 17:36:17



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.



A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes
2. Introducción
3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

3.1. Financiamento local.

- 3.1.3.Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.
- 3.1.4.Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

O 26 de xuño de 2020, a Fegamp aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-covid-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar a crise e se establece o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas multifocais necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás. Estas medidas están previstas dentro do punto 4.2 do dito plan:

- 4.2.1 Medidas de financiamento das entidades locais
- 4.2.2 Medidas de coordinación e seguimento
- 4.2.3 Medidas sociais
- 4.2.4 Medidas de reactivación económica
- 4.2.5 Medidas territoriais e de xestión de servizos
- 4.2.6 Medidas tecnolóxicas



4.2.7 Medidas de formación e información

É dicir, novamente todas as entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, reiteran a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se acorde coa Fegamp o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante a X Lexislatura e comezo desta XI a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que teñen incrementado as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñen achegado o financiamento necesario para poder desenvolverlas.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego negociar coa Fegamp, neste exercicio 2022, un proxecto de lei que regule a participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade autónoma de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:38:59

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 17:39:14



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O IES Fene tivo unha oferta educativa para o curso 2021-2022 de 439 alumnos e alumnas, dos que 172 corresponden á Formación Profesional.

O dito centro incorporouse en 2019 á nova modalidade de Formación Profesional Dual, mellorando así a súa oferta formativa e colaborando na mellora das perspectivas do alumnado para acadar a súa inserción laboral, posto que se trata dunha formación moi orientada á práctica en empresas, ao tempo que as empresas poden dispor de profesionais altamente cualificados formados na mesma empresa.

En 2019, o dito IES, comezou ofertando ensinanzas en Dual de ciclos medios en modalidade ordinaria como os de Mantemento electromecánico e de Instalacións frigoríficas e de climatización. Despois da paréntese da Covid-19, que freou varios proxectos que se estaban a deseñar aínda que se mantiveron os xa existentes, continuouse adiante, de xeito que o pasado curso non só se mantivo a oferta Dual en ordinario, senón que se conseguiu ampliar a dous os ciclos Duais completos nas titulacións de grao medio de Electromecánica de vehículos e de Instalacións de produción de calor. Do mesmo xeito, para este curso estaba previsto completar a oferta Dual ordinaria co Ciclo medio de Soldadura e caldereiría, de xeito que todas as ensinanzas de FP que se ofertan en modalidade ordinaria estarían complementadas pola modalidade Dual, así como tamén facer prospeccións tanto no propio centro como noutros centros da comarca, para tentar sumar novas especialidades ás xa existentes en Dual.

A incorporación á FP Dual supuxo contar cunha persoa no centro a tempo completo destinada á xestión destas ensinanzas, así como a comunicación co tecido empresarial.

O 18 de xullo, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicou no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 8 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a selección de centros que participarán na Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP no curso 2022/23 e se ditan as instrucións para o seu funcionamento no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na que se establecía o obxecto, beneficiarios e documentación que se tiña que



presentar, convocatoria á que o IES de Fene presentou a documentación requirida.

O 29 de setembro a mesma consellaría publicou no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 20 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a relación de centros que conformarán a Rede Galega de dinamización da relación con empresas na FP no curso 2022/23, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, publicando só o listado de centros beneficiados sen que aparezan nin a baremación nin os criterios obxectivos que basearon a dita decisión.

Por iso, as deputadas que asinan, preguntan:

Cales foron os criterios obxectivos que basearon a decisión dos centros que conformarán a Rede galega de dinamización con empresas na FP no curso 2022/23?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:43:38

Noelia Otero Lago na data 23/01/2023 17:43:51

Noa Susana Díaz Varela na data 23/01/2023 17:44:00



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A autovía da Costa da Morte foi unha das promesas que o daquela presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, fixo tras o afundimento do petroleiro *Prestige* a finais de 2002, é dicir, hai agora vinte anos, a unha das comarcas máis illadas de Galicia, sendo o reequilibrio territorial o motivo principal da súa construción.

A dita infraestrutura foi licitada por primeira vez en xullo de 2007 polo Goberno autonómico encabezado polo presidente Emilio Pérez Touriño, e adxudicouse a unha UTE formada por Ferrovial e Taboada y Ramos, que se comprometeu a facela por 584 millóns de euros, pero que, pouco despois de iniciar os traballos a finais de 2008, xa lle dicía ao Goberno galego que non sería capaz de finalizala se non se lle pagaba un 30 % máis.

Coa chegada do PP á Xunta de Galicia, o novo goberno rexeitou as pretensións da empresa, rescindíndolle o contrato e licitándoo novamente, lixeiramente modificado en decembro de 2009 e sendo a oferta mellor valorada a UTE formada, entre outras por FCC e Covsa, que resultou ser a máis cara, con 979 millóns de euros, é dicir, cun sobrecusto de 395 millóns de euros con respecto á licitación do bipartito.

A segunda candidata nesa segunda licitación, una UTE de Dragados e Puentes, que ofertaba a obra por 200 millóns menos, levou o proceso ao xulgado e en setembro do mesmo ano, tres meses despois da denuncia presentada polos socialistas, a daquela directora xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Isabel Vila, deixaba o cargo e era asumido pola que máis adiante se convertería na actual conselleira, Ethel Vázquez, que volveu licitar a obra por terceira vez en maio de 2011 por 745 millóns, á que só se presentaron dúas ofertas, de ACS e a da UTE que resultou finalmente adxudicataria, formada por Copasa, Taboada y Ramos (presentes na concesionaria do bipartito), Covsa (participante na oferta do suposto sobrecusto) e CRC.

En abril de 2012 o conselleiro Agustín Hernández fixo unha visita á Costa da Morte para, segundo as súas palabras, “trasladarlle aos veciños da Costa da Morte que o Goberno da Xunta é o primeiro que apoia a execución da autovía: estivemos, estamos e estaremos á cabeza desta infraestrutura que é imprescindible e inaprazable; trasladarlle á empresa construtora e á empresa



concesionaria e aos traballadores o apoio da Xunta de Galicia na execución da obra e na busca do financiamento necesario para a súa execución e manter unha rigorosa tutela e vixilancia do contrato adxudicado, como non podía ser doutro xeito. Ao mesmo tempo que dicía o conselleiro que “quería denunciar a grave irresponsabilidade daqueles que lanzan dúbidas e incertezas sobre a actuación e que o que necesita a comarca é rigor, traballo e certezas, toca apoiar ao Goberno para que a obra remate en prazo”.

En febreiro de 2013, case dous anos despois da terceira adxudicación, a Xunta informaba ao Parlamento de que o grao de execución da obra non tiña superado aínda o 20 %, ante o que o Goberno galego argumentou que a concesionaria non era capaz de atopar o financiamento ao que se tiña comprometido para poder acometer os traballos; e no canto de rescindirle o contrato, como se fixo ante unha situación similar coa primeira adxudicataria dos socialistas, o Goberno de Feijóo optou por incluír un artigo na Lei de medidas fiscais e administrativas, a denominada Lei de acompañamento dos orzamentos autonómicos para 2015, perdoándolle á empresa a execución dos últimos 15 quilómetros da vía, entre Baio e Berdoias, quedando así a autovía recortada dos 42 quilómetros inicialmente previstos a só 27km, un 35 % menos da lonxitude do proxectado inicialmente e polo que a Xunta aforra só un 17 % do importe total previsto.

O 4 de decembro de 2013 o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, volveu a prometer que a obra estaría lista en 2016 obviando que debería estar no 2013 e reiterou que “o Goberno galego non caerá na postergación, na relegación ou no esquecemento da autovía Carballo-Berdoias” e manifestou que esperaba que “en cuestión de semanas, e co novo ano, se recupere o ritmo das obras”.

Tras máis de ano e medio de paralización total das obras, en outubro de 2016 entrou en servizo o tramo Carballo-Berdoias, de 25 quilómetros de autovía e 8 quilómetros de corredor, permitindo á comarca da Costa da Morte reducir en máis de 25 minutos as súas comunicacións coa Coruña.

Na inauguración do tramo en 2016 o daquela presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo dicía: “Estamos contentos pero non significa que esteamos conformes, contentos pero aínda non conformes, polo que ao mesmo tempo que se pon en funcionamento este tramo Carballo-Zas, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Consellería de Infraestruturas, ten enriba da mesa o proxecto construtivo para conectar o final desta autovía co concello de Vimianzo e dende aí entroncar coas vías que conectan Vimianzo coa Costa da morte ata o concello de Camariñas”

A partires dese ano, vemos como ano tras ano, a Xunta de Galicia incluía nos sucesivos orzamentos da Xunta de Galicia dotacións plurianuais claramente



insuficientes e de distintos importes para levar a cabo a promesa incumprida de rematar a autovía da Costa da Morte, sen que dende entón se tiver avanzado absolutamente nada.

Dúas comarcas, a de Bergantiños e a da Costa Atlántica que ano tras ano perde poboación a un ritmo demasiado acelerado e sen que por parte da Xunta de Galicia se adopten medidas que teñan un impacto real para frear esta sangría demográfica, sen infraestruturas que vertebran o territorio e sen unha aposta firme polos servizos públicos de calidade nestes concellos.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego iniciar no ano 2023 os trámites para a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que aínda está sen facer, de Baio a Berdoias?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:44:57

Patricia Otero Rodríguez na data 23/01/2023 17:45:11

Eduardo Ojea Arias na data 23/01/2023 17:45:24



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O pasado 24 de novembro no Consello da Xunta de Galicia aprobou destinar o próximo ano 2 millóns de euros para a mellora dos parques empresariais municipais, co fin de que os concellos poidan impulsar a competitividade dos seus polígonos, e 3,5 millóns de euros dirixidos á posta en marcha de novos viveiros industriais e de reforzo nas redes de distribución eléctrica dos polígonos.

Na información aos medios colgada na páxina *web* da Xunta de Galicia se informou de que a convocatoria será publicada no Diario Oficial de Galicia en concorrencia competitiva neste mes de decembro e que o obxectivo destas achegas é dar resposta ás novas necesidades que teñen estas instalacións co obxectivo de modernizalas e ofrecer un mellor servizo para favorecer a fixación e implantación de compañías, así como promover o emprego local, financiando ata o 80% cun límite de 120.000 euros no caso de solicitudes individuais e de 138.000 no caso de que sexan conxuntas.

Tamén se informa na mesma nota que dende 2016 -a falta do dato definitivo de 2022- executáronse máis de 17 millóns de euros para a modernización e renovación de infraestruturas nos parques empresariais.

Ao tempo, infórmase de que tamén para 2023 a Xunta de Galicia “seguirá executando os apoios concedidos para a posta en marcha de sete viveiros industriais e para o reforzo e extensión das redes de distribución de tres polígonos, que contarán cun crédito de 3,5 millóns de euros.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Ten elaborado o Goberno galego un plan de mellora e promoción dos parques empresariais galegos?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 18:10:11
Nº Rexistro: 48101
Data envío: 23/01/2023 18:10:11.123

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:46:07

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 17:46:22



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Segundo declaracións feitas polo presidente da Xunta de Galicia, dende o ano 2010, ano no que se puxo en marcha o Fondo de Compensación Ambiental, a Xunta ten investido máis de 108 millóns de euros para desenvolver en torno a 2.300 proxectos. O dito fondo, segundo se establece nas bases que o regulan, ten como finalidade a aplicación de actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial.

Este fondo ten dúas liñas destinadas a entidades locais de Galicia, unha en concorrencia non competitiva e outra liña en concorrencia competitiva.

A convocatoria de subvencións de natureza non competitiva distribúese entre aqueles concellos de Galicia cuxo territorio municipal estea dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e, igualmente, os afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación; mentres que na convocatoria de subvencións de natureza competitiva poden formular solicitude os concellos de Galicia que formulen petición de maneira individual ou conxunta mediante agrupacións ou asociacións de concellos, as mancomunidades de concellos ou os consorcios locais de Galicia.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan, preguntan:

Cal é a contía anual que ten recibido a Xunta de Galicia dende 2010 de cada un dos parques eólicos instalados na nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:47:11

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 17:47:26





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 18:10:32
Nº Rexistro: 48102
Data envío: 23/01/2023 18:10:32.186

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 17:47:43



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nos últimos anos a Xunta de Galicia ten rexeitado de xeito automático a instalación de novos parques que non se atoparan nas zonas ADE (Área de Desenvolvemento Eólico) do Plan sectorial eólico de Galicia, con solicitudes que veñen dende o ano 2017.

Dende o *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico* tense advertido á Xunta de Galicia de que a contestación tipo que están a realizar respecto aos parques eólicos en tramitación non son un informe de impacto ambiental, que non está motivado, cuestión que é preceptiva, e dende o dito Ministerio tense solicitado e reiterado ata en 3 ocasións a emisión deses informes, sen que por parte da Xunta de Galicia se atendesen as ditas solicitudes, cando para moitos destes parques remata o prazo para os puntos de conexión no próximo mes de xaneiro.

O mesmo acontece no caso dos parques que veñen ligados ao mantemento de industrias galegas que son esenciais, como Alcoa ou Showa Denko, a Xunta de Galicia non presentou os preceptivos informes, e cando as compañías asinan as PPAs, a Xunta non ten feito os deberes e éntranlle as presas, tentando poñer novamente o foco no Goberno do Estado.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que informes e en que datas enviou a Xunta de Galicia ao *Ministerio para la Transición Ecológica y el reto Demográfico* sobre todos os parques eólicos que están en tramitación no Estado?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:48:28





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 18:11:01
Nº Rexistro: 48103
Data envío: 23/01/2023 18:11:01.076

María Leticia Gallego Sanromán na data 23/01/2023 17:48:42

Martín Seco García na data 23/01/2023 17:48:53



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Segundo a información colgada na páxina web da Xunta de Galicia, o 3 de maio de 2021 o Goberno galego constituíu a sociedade Impulsa cun capital fundacional de 5 millóns de euros, no que a participación no capital social corresponde o 40 % á Xunta de Galicia, 38 % Abanca, 12 % Reganosa e 10 % Sogama, tendo a encomenda de *“dinamizar e ampliar o Polo para a Transformación de Galicia, unha iniciativa que, promovida pola Xunta de Galicia no marco da candidatura aos fondos Next Generation, pretende ser circular, sostible, verde, dixital, viva, inclusiva, xeradora de riqueza no seu entorno e aglutinadora dos intereses de pequenas e medianas empresas, así como de grandes compañías”*.

Xa que logo o seu obxectivo debe ser incentivar a actividade produtiva da comunidade a partir da captación de investimentos, a incorporación de socios e a colaboración entre institucións públicas e privadas para a posterior posta en marcha e consolidación de propostas empresariais.

A proposta inicial da Xunta de Galicia para captar parte destes fondos europeos foi de 354 proxectos cos que pretendían mobilizar cerca de 20.000 millóns de euros e segundo as palabras da directora xeral, Enyd López nunha entrevista do 24 de outubro de 2021, *“Elegimos socios muy sólidos para que los proyectos salgan con o sin fondos”*, indicando que a labor do dito consorcio non é executar fondos senón buscar os actores máis axeitados para facelo, indicando que dende Impulsa Galicia *“Desarrollamos las ideas, las maduramos para convertirlas en grandes proyectos y las liberamos una vez encontrados los inversores y tecnólogos adecuados. El plan involucra al tejido empresarial al completo, pero la intención es fomentar la participación de pymes y autónomos, para que sean los principales beneficiarios de estos proyectos tractores que generarán actividad económica y cadenas de valor”*.

En xuño deste ano, segundo as novas colgadas na páxina web da Xunta de Galicia, o presidente da Xunta de Galicia mantivo unha reunión co comité técnico do dito organismo público-privado na que se avaliou a situación do Polo para a Transformación de Galicia e os principais proxectos nos que Galicia está traballando para captar fondos europeos *Next Generation* EU e o 21 de novembro volveu a reunirse cos socios o dito comité (Abanca, Reganosa e Sogama) para



analizar a situación de iniciativas punteiras como os proxectos que xiran en torno á recuperación de fibras téxtiles, os avances tecnolóxicos ao servizo da comunidade ou a posta en marcha de alternativas que permitan á sociedade galega e ao seu tecido empresarial competir no ámbito das enerxías.

A data 13 de decembro, a páxina *web* da dita sociedade achega información sobre cinco proxectos, os mesmos que hai seis meses sobre:

1. Xestión sostible dos bosques galegos: proxecto tractor baseado na transformación da madeira en fibra téxtil baixo principios de sostibilidade e circularidade, co que se pretende pechar, por vez primeira, o círculo vital da madeira en Galicia e prevé fabricar na nosa comunidade unhas 200.000 toneladas anuais de fibra téxtil sostible, utilizando como materia prima principal madeira certificada procedente dos nosos bosques, así como residuo téxtil.

Líderes: A papeleira portuguesa Altri é a líder industrial escollida que costeará o deseño e desenvolvemento da iniciativa ata levala ao momento do investimento. Conforme vaia avanzando o proxecto, explorará alianzas con toda a cadea de valor do sector forestal galego.

Investimento: 800 millóns de euros.

Emprego estimado: 2.500 empregos directos e indirectos (equivalentes a tempo completo) e 10.000 empregos durante a construción (equivalentes a tempo completo).

2. Economía circular: proxecto tractor en virtude do que se levantará un complexo pioneiro que tratará ao ano máis de 7 millóns de toneladas de residuos infrautilizados para a súa valorización e reutilización. O centro focalizará a súa actividade na xestión duns 6 millóns de toneladas de excedente de zurro para a produción de biogás, bioetanol e fertilizantes orgánicos.

Líderes: Repsol, Naturgy e Reganosa.

Investimento: aproximado de 600 millóns de euros.

Emprego estimado: 2.500 empregos directos e indirectos (equivalentes a tempo completo) e uns 1.000 empregos durante a construción (equivalentes a tempo completo).

3. Xeración de hidróxeno verde: proxecto tractor que prevé o investimento en 100 MW de electrolizadores para a xeración de hidróxeno verde a partir de enerxía renovable co obxectivo de descarbonizar non só a industria que necesite



hidróxeno como materia prima, senón introducílo para descarbonizar usos enerxéticos para a mobilidade e para a súa inxección na rede de gasodutos para o seu uso como vector de almacenamento da electricidade renovable.

Líderes: Reganosa e EDP.

Investimento: 130 millóns de euros.

Emprego estimado: 250 directos e 150 indirectos.

4. Recuperación integral e sostible do rural galego: proxecto tractor mediante o que buscamos a revitalización demográfica e económica das áreas rurais de Galicia a través do impulso da actividade económica ligada ao sector primario e á bioeconomía, utilizando novos modelos de negocio adaptados á economía verde e á transición ecolóxica.

Estanse creando aldeas modelo; algunhas delas funcionarán como instrumento de recuperación da terra agraria para poñer en produción, de xeito sostible, as terras abandonadas de alta capacidade produtiva que rodean os núcleos de poboación, contribuíndo así á creación de actividade agrogandeira e á redución do risco de incendios. Xeraranse produtos agrarios de elevado valor engadido, máxima calidade e producidos con criterios de sostibilidade e circularidade, que serán comercializados mediante unha marca de garantía común.

Investimento: 601,5 millóns de euros.

5. Outros proxectos que se están a desenvolver:

- Nova potencia renovable
- Cadeas loxísticas sostibles
- Centros de investigación e innovación
- Laboratorio dixital
- Dixitalización
- Xestión ambiental

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o traballo desenvolvido por esta sociedade dende o seu nacemento?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 18:11:22
Nº Rexistro: 48104
Data envío: 23/01/2023 18:11:22.264

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2023 17:49:51

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/01/2023 17:50:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que goberno galego actúe de urxencia ante as consecuencias provocadas na saúde das mulleres polas listas de espera da Unidade de Mama do Hospital Abente y Lago da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As listas de espera hospitalarias son un dos indicadores que permiten visualizar a situación da sanidade pública galega.

Após a pandemia da COVID-19, o número de doentes en agarda dunha primeira consulta hospitalaria ascendía o 30 de xuño de 2022 a 198.323, das cales 599 pacientes levaban máis de 12 meses agardando por esa cita. Nesa mesma data, as doentes en espera dunha cirurxía ascendían a 46.553, cunha importante cifra de pacientes que levaban tamén máis dun ano esperando por esa intervención.

Se atendemos á situación das listas de espera de probas diagnósticas, 119.197 doentes estaban agardando ao remate do segundo trimestre do 2022, sendo 3.116 as persoas que estaban nesa situación desde antes do verán de 2021.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son datos absolutamente parciais, pois só responden ás listas de espera estruturais, manténdose na absoluta opacidade os datos correspondentes ás listas de espera non estruturais, a pesar das demandas reiteradas por parte de forzas políticas, sindicais e sociais. Opacidade que tamén soportan as doentes incluídas nestas listas de espera non estruturais, que non contan con ningún tipo de información acerca da súa situación, incluso a pesar de tamén se ter pronunciado a este respecto a Valedora do Pobo reclamando transparencia informativa ao goberno da Xunta.

Outra fórmula utilizada polo goberno do Partido Popular á hora de xestionar a información das listas de espera é o feito de que cada vez son máis as pacientes que non reciben unha data e hora para a realización dunha proba ou consulta, senón que fican pendentes dunha chamada telefónica ou carta para que se lles sexa adxudicada esta cita. Deste xeito, miles de pacientes están pendentes un tempo ilimitado de recibir esa cita, vulnerando o seu dereito á información e sen permitirlles unha debida planificación nin, en moitos casos, o correcto control dunha doenza.

Cómpre ter presente, ademais, que tampouco se fan públicos os datos referentes ás segundas e sucesivas consultas hospitalarias, sendo frecuente que nestes casos non se respecten os períodos estipulados polas facultativas baixo criterios clínicos, sendo moitas as pacientes pendentes de revisións que agardan máis tempo do que lles corresponde.

Un destes casos de demoras excesivas na realización de probas diagnósticas durante varios meses, coas consecuentes revisións médicas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

control postoperatorio, é o que se rexistra na Unidade de Mama do Hospital Abente y Lago da Coruña, tal e como comprobamos no grupo parlamentario do BNG, o que está a ter consecuencias sobre as pacientes no correcto seguimento dunha doenza deste tipo e sobre a aplicación dos tratamentos médicos necesarios.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

É consciente o goberno galego da situación na que se atopan as pacientes en lista de espera na Unidade de Mama do Hospital Abente y Lago da Coruña?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2023 19:16:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2023 19:16:58

Iria Carreira Pazos na data 23/01/2023 19:17:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O “Plan de Acción para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños”, contemplado dentro da Estratexia de Biodiversidade da Unión Europea para 2030, enmarcada á súa vez no Plan Verde Europeo, contempla, como unha das súas medidas chave, acadar unha protección da superficie mariña europea nun 30%, cun 10% de máxima protección.

Os seus piares son, tal e como recoñeceu publicamente a propia Comisión Europea no mes de marzo, “a protección dos fondos mariños e a conciliación das artes de fondo cos obxectivos de sostibilidade”, seguindo así o camiño marcado pola propia Estratexia de Biodiversidade 2030 que recolle que “Cando sexa necesario introduciranse medidas para limitar o uso das artes de pesca máis prexudiciais para a diversidade, incluso no fondo mariño”.

Por outra banda, e na mesma dirección, a Conferencia das Partes de Nacións Unidas sobre Biodiversidade, a COP 15 de Montreal, acadou un acordo de Convenio sobre a Diversidade Biolóxica no pasado mes de decembro que, segundo a propia vicepresidenta do Goberno do Estado español e ministra para a Transición Ecolóxica e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Reto Demográfico, “permitirá acadar a protección e xestión efectiva para a conservación do 30% da superficie terrestre e mariña para 2030”.

Nun acto celebrado a semana pasada en Vigo, a directora xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da UE confirmou aos medios de comunicación que o Plan de Acción para a Pesca será dado a coñecer no mes de febreiro e anticipou que a súa posta en marcha significará novos peches de zonas ao arrastre de fondo, con medidas que irán dende a prohibición nas Áreas Mariñas Protexidas (AMP) comunitarias ata unha maior limitación do súa utilización noutras.

O obxectivo de intentar lograr un equilibrio entre a conservación e a produción sostíbel de alimentos que proveñen do mar é necesario, e é loábel, mais non pode conseguirse a través de prohibicións rotundas e sen ter en conta outros factores.

Neste momento, a frota, fundamentalmente a do palangre e arrastre, xa está a padecer as consecuencias das 87 áreas de pesca pechadas dende o pasado mes de outubro en augas de Portugal, España, Francia e Irlanda. Un peche que se manterá moito máis alá do inicialmente previsto mes de decembro e que, entre o informe do ICES, a avaliación do impacto económico, que non se efectuará ata existiren os novos informes científicos, e a previsíbel consulta aos Estados, poderá alongarse ata 2024.

87 áreas que se vetaron á pesca de fondo mediante unha decisión que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que partía duns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, que se tomou sen diálogo e sen busca de alternativas co sector e sen avaliación do seu impacto socioeconómico. Razóns todas elas que levaron a que o Goberno español presentase un recurso á mesma -aínda que mantivo a súa negativa ata o final a respecto de solicitar unha moratoria que o sector lle reclamaba e a día de hoxe, ao igual que a propia Xunta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Galiza, continúa sen articular medida algunha para compensar as perdas que se están a producir- e que o fixese tamén a Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela diante do Tribunal Xeral da UE en Luxemburgo.

O Plan de Acción para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños, aínda sen coñecerse polo miúdo, está xa a ser interpretado polo sector pesqueiro como un risco real sobre a súa actividade e, de novo, vai requirir de actuacións políticas que consigan evitar un dano maior para unha actividade económica fundamental para un país altamente dependente da pesca como é Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está ou vai a levar a cabo o Goberno galego para tratar de evitar a posíbel afectación do Plan de Acción de Pesca da UE ao sector pesqueiro galego de artes de fondo?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2023 10:12:14

Carmela González Iglesias na data 24/01/2023 10:12:18

Daniel Castro García na data 24/01/2023 10:12:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para non permitir a deturpación do topónimo A Toxa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De novo a finais deste mes de setembro vai celebrarse na Illa da Toxa, no concello de O Grove o “IV Foro La Toja”. Un evento no que participa o máis granado da oligarquía: entre outros o presidente da Xunta de Galiza, o presidente do Goberno español, ex-presidentes do Goberno español, como Felipe González e Mariano Rajoy e representantes do mundo da empresa ou das finanzas.

Baixo a beatífica imaxe dun “foro de debate intelectual e académico para fomentar o intercambio de ideas e experiencias” o que agocha é a intención de deseñar e decidir o noso futuro, fóra das institucións democráticas.

Durante tres días reúnense representantes da elite política, económica e intelectual, banqueiros, xefes de goberno presentes e pasados, afinando as súas estratexias de dominación e explotación da maioría ao servizo do poder dominante que representan.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Poder responsábel do proceso acelerado da degradación das condicións de vida da maioría da poboación, empobrecemento e precariedade da clase traballadora e desmantelamento dos servizos públicos.

Queremos denunciar o apoio da Xunta de Galiza e do Goberno español a un Foro creado para promover e divulgar a ideoloxía neoliberal en materia de doutrina económica, social e política internacional; para amparar e branquear ao poder económico máis agresivo contra o pobo, e anular o país no que se celebra, Galiza, eliminando o galego, e mesmo vulnerando abertamente a Lei de Normalización Lingüística.

O que tería que facer o Presidente da Xunta é deixar de estar abrazado ao gran capital e reclamar nese Foro o fin do roubo xeralizado ao que están sometendo á poboación, do espolio enerxético aos que nos están sometendo @s galeg@s e rematar co deterioro dos servizos públicos, na vez de apoiar eses comportamentos empresariais compartindo mesa con eles.

Este foro ao denominarse “Foro La Toja” incumpre co seu nome a lexislación que reconece a oficialidade única dos topónimos galegos, a empezar pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece no seu artigo 10.1. “Os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega”, así como que “estas denominacións son as legais a todos os efectos”.

Representa un exercicio de ostentación e de desprezo pola toponimia propia de Galiza, e polo tanto d@s galeg@s, unha agresión á nosa máis grande sinal de identidade como é a lingua que non se pode consentir.

Non ten ningunha xustificación que responsábeis políticos que deberían ser os máximos garantes tanto do cumprimento da lexislación como da protección e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

promoción da nosa lingua participen e apoien economicamente eventos que a deturpan, sen solicitar a rectificación precisa.

Esta deturpación súmase á que se realiza de xeito permanente, por exemplo, tanto no monólito que hai na entrada da Illa ou no nome do hotel no que se realizou o foro, que non respectan a toponimia oficial.

Temos que sumar que a Xunta, en resolución do 13 de agosto de 2021, declara como de "interese galego" a "Fundación La Toja", constituída en Barcelona, sen que teña feito nada para adaptar o nome da Fundación á legalidade vixente en materia lingüística, a pesares de que o protectorado da Fundación correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as razóns do evidente apoio político e institucional por parte da Xunta de Galiza a un Foro que responde ás premisas ideolóxicas e lingüísticas tan marcadas?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2023 11:34:59

Daniel Castro García na data 24/01/2023 11:35:17

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 11:35:26

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 11:35:36





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 é definido polo goberno da Xunta como a folla de ruta do futuro que terá como prioridades acadar unha recuperación sostible, resistente e inclusiva.

O presente da lingua galega fai parte dunha das áreas analizadas neste plan estratéxico, nomeadamente o que di respecto do seu coñecemento e uso, partindo dos datos da Enquisa estrutural a fogares do IGE do ano 2018.

Entre os datos máis relevantes de cara a garantir unha boa saúde da lingua galega no presente e no futuro inmediato destaca o feito de que *entre a poboación menor de 15 anos, a porcentaxe dos que sabe falar pouco ou nada o galego incrementase ata o 23,9%%, mentres que entre a poboación de 65 ou máis anos non chega ao 9%.*

Por outra banda, o Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 tamén recolle como a Enquisa estrutural a fogares do IGE reflicte que a porcentaxe de estudantes que reciben a mesma proporción de clases en galego que en castelán sitúase no 59,6% en 2018, unha porcentaxe que baixa ata o 36,0% entre a poboación de 17 ou máis anos, xa que recibe o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

46,5% das clases en castelán ou maioritariamente neste idioma, o que claramente pon en cuestionamento o principio de igualdade lingüística e, como consecuencia, as posibilidades de adquirir competencia en galego.

O Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 recolle na análise DAFO centrada no P.A 4.3: Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía, reconece como debilidade, a respecto da lingua galega, *o estancamento no uso habitual do galego que presenta significativas diferenzas xeográficas e por grupos de idade*.

No entanto, a diferenza de todos os restantes ítems, esta debilidade non recolle correspondencia ningunha con ameazas, fortalezas e oportunidades.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está o goberno da Xunta a deseñar un plan específico para superar a debilidade recollida no Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 a respecto do *estancamento no uso habitual do galego que presenta significativas diferenzas xeográficas e por grupos de idade?*

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 11:42:17

Daniel Castro García na data 24/01/2023 11:42:21

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 11:42:34





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a afectación do actual contexto inflacionista na produción cultural e no acceso á cultura en equidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorren os últimos meses deste 2022 cunha preocupación que segue a callar na sociedade galega: a suba dos prezos de bens tan básicos como o alimentos, aos que hai que sumar a electricidade e os combustíbeis.

O dato máis recente da inflación do mes de agosto reflicte as seguintes conclusións:

- A variación interanual en Galiza se sitúa no 11,00% (cando en xullo era do 11,5%). - Seguimos a ter en Galiza un diferencial coa media estatal que se situou en agosto no 10,5%.

- No que vai de ano Galiza acumula un incremento dos prezos do 6,6% fronte a media estatal do 6,1%.

- A inflación subxacente sitúase no 6,1% en Galiza, o que significa que esta situación inflacionaria non é apenas conxuntural pola subida da enerxía e carburantes, senón que o aumento dos prezos trasladouse ao conxunto de bens e servizos (polo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aumento do custos xeralizados de bens intermedios e o seu traslado a prezos por parte da industria, comercio e servizos).

A cultura galega non permanece allea ás consecuencias desta alza inflacionista tanto desde a perspectiva dos axentes creadores como do conxunto da sociedade consumidora de cultura.

No primeiro caso, a inflación xera un aumento de custes nos procesos creativos das producións culturais e no segundo dificulta, condiciona ou mesmo anula a capacidade de gasto en acceso á cultura para moitas persoas ou núcleos familiares.

A recente aprobación do Plan Estratéxico de Galicia 2030, que parte dunha análise económica do 2019, non contempla actuacións de reforzo compensador dun proceso sumatorio das consecuencias da crise económica anterior de 2010, agravada polas provocadas pola pandemia ao longo de case dous anos e à que agora se suman as propias desta tan incontralada como inasumíbel suba de prezos de bens de primeira necesidade.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto activar o goberno galego para garantir o dereito de acceso á cultura en igualdade e apoiar os sectores e axentes culturais galegos no actual contexto inflacionista?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 11:47:35

Daniel Castro García na data 24/01/2023 11:47:39

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 11:47:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións a realizar para subsanar as deficiencias no CEIP Agolada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do CEIP de Agolada leva tempo demandando que por parte da Consellaría de Cultura, Ensino e Ordenación Universitaria se atendan as súas demandas de arranxo de deficiencias no centro.

As obras que demandan son: Mellora do ximnasio (vestiarios, chan, carpintería metálica, tanto porta de acceso como as ventás, illamento e calefacción, xa que consideran que as instalacións non reúnen os requisitos técnicos necesarios para o seu uso polo alumnado coa suficiente garantía. Outra demanda é que se substitúan as ventás interiores do edificio principal do centro escolar, xa que estas abren cara o interior a unha altura que supoñen un risco permanente para @s nen@s e profesorado. Ao mesmo tempo solicitan que se arranxe a sala na que se atopa a caldeira, na que cedeu o terreo e afecta á estrutura e ás columnas, con fendas importantes.

A dirección do CEIP ten enviado en novembro de 2021 escrito ao Xefe Territorial da Consellaría na provincia de Pontevedra, solicitando as melloras, tras acordo do Consello Escolar. Do mesmo xeito desde a ANPA Aquam Latam deste centro téñense dirixido en diversas ocasións tanto ao Xefe Territorial como ao Delegado Territorial sen ter obtido resposta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente a falta de diálogo por parte d@s responsábeis da consellaría de Cultura, Ensino e Ordenación Universitaria na provincia de Pontevedra, que a pesares dos meses transcorridos desde que solicitaron por primeira vez reunións e tentar ter unha interlocución para abordar a situación, sempre se atopan coa calada por resposta. Consideran que as carencias existentes non permiten levar a cabo a actividade escolar con garantías.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a razón de non ter atendido as demandas da comunidade educativa do CEIP Agolada por parte das persoas responsábeis da consellaría de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria na provincia de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2023 11:51:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 11:51:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o desenvolvemento normativo e accións concretas derivadas da aprobación da Lei de museos e centros museísticos por parte da Xunta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de febreiro de 2021 aprobábase cos votos do PP no Parlamento galego a Lei de museos e outros centros museísticos.

A respecto do procedemento, no BNG denunciámos no seu día o proceder do goberno galego, caracterizado pola falta de transparencia e participación na tramitación lexislativa para incorporar achegas polo reducido período de exposición pública do anteproxecto, comprendido entre o 10 de xullo e o 1 de agosto do ano 2019.

Canto ao desenvolvemento do texto, cualificamos esta lei, desde a primeira análise do documento, como conservadora, limitada e desactualizada.

Entendiamos que unha lei como esta, que se presentaba polo goberno como pioneira, non podía prescindir das recomendacións do International Council Of Museums (ICOM) do ano 2019 ou das novas correntes como a museoloxía social,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

encamiñada a potenciar a función social dos museos. Como tampouco foi pertinente, nin moito menos xustificado por parte do goberno do PP, prescindir na tramitación lexislativa do informe do Consello da Cultura Galega, órgano estatutario de alto asesoramento do goberno galego.

Un proxecto pouco ambicioso ao excluír da lei o patrimonio cultural inmaterial e o patrimonio industrial, definidos como patrimonio cultural de Galiza, ao igual que a memoria histórica. Ou tamén renunciar a regular os museos ou coleccións museográficas da Igrexa e do exército, así como o labor de inspección para garantir o cumprimento das obrigas dispostas na norma.

Unha suma de razóns argumentadas que foron recollidas tanto na emenda á totalidade como nas emendas parciais que o Grupo Parlamentar do BNG defendeu e que o PP decidiu non atender votando en contra.

O Conselleiro de Cultura cualificaba esta lei como o instrumento que convertería os museos en ventás abertas ao coñecemento, onde preservar o noso legado cultural accesible a toda a sociedade, mellor coordinados e actualizados no dixital, que poña en marcha o Consello de Centros Museísticos de Galicia.

Camiño dos dous anos da aprobación da Lei de museos e outros centros museísticos, no BNG descoñecemos a concreción da lei nos correspondentes desenvolvementos normativos, así como os avances nos compromisos políticos anunciados polo PP para a mellora dos museos e centros museísticos galegos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que desenvolvemento normativo e accións concretas para o avance e modernización dos museos ten feito a Xunta desde a aprobación da Lei de museos e centros museísticos?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 12:08:05

Daniel Castro García na data 24/01/2023 12:08:09

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 12:08:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a licitación da contratación da plataforma tecnolóxica Film Commission por parte da AGADIC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente a AGADIC publicou a licitación para a contratación do servizo de creación, posta en marcha e mantemento da plataforma tecnolóxica de Galiza Film Comission, financiada ao 100% no marco do eixo REACT-UE do programa operativo Feder-Galiza 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia da covid-19.

O desenvolvemento desta Film Commission, como medida de impulso do sector audiovisual, pretende crear unha plataforma tecnolóxica que sexa lugar de encontro e de traballo do sector público e privado onde os profesionais, por unha banda, encontren un escaparate para ofrecer os seus produtos e servizos e pola outra, atopen todos os recursos necesarios para desenvolver o seu traballo.

Segundo a oferta de contratación, o obxectivo último é crear unha ferramenta que permita proxectar Galiza como como espazo de rodaxes. E esa ferramenta defínese como a creación dun novo portal web cun investimento económico de 400.000 euros durante un prazo de execución de 36 meses coa data do 1 de setembro de 2022 como previsíbel data de comezo do contrato.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que proxecto vai desenvolver a Film Comission recentemente licitada pola Xunta e que papel representa en relación ao resto de Film Commissions que xa operan en Galiza?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 12:11:33

Daniel Castro García na data 24/01/2023 12:11:37

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 12:11:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a ampliación do comedor do CPI Alfonso VII de Caldas de Reis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ANPA Celenis do CPI Alfonso VII de Caldas de Reis creou no ano 2017 o comedor escolar, un proxecto que nacía cun obxectivo triplo:

- Prestar un servizo complementario de grande utilidade para conciliar a vida laboral e familiar.
- Mellorar os hábitos alimenticios de nenos e nenas e previr problemas de saúde.
- Garantir unha boa alimentación a nenas e nenos en situación de pobreza e risco de exclusión social.

No mes de maio do ano 2018, debido ao incremento da demanda a asemblea da ANPA decidiu pasar o servizo de comedor á Consellaría de Educación, co obxectivo de ampliar a oferta e atender a cada vez maior demanda existente. Así, no curso 2018-2019 a consellaría asumiu o servizo, en réxime de xestión indirecta, e con inicialmente 41 prazas que foron ampliadas a 48.

No curso 2019-2020 as prazas solicitadas foron 75 e as ofertadas 48. Mais, debido ao sobrante de prazas noutros centros da zona, finalmente foron cubertas as 75 solicitudes. No curso 2020-2021 as solicitudes presentadas foron 119, das cales 26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

corresponden a 4º de educación infantil, mais só puideron ser atendidas 75. Ao longo do curso, debido as normas derivadas da COVID, foi necesario establecer 3 quendas no comedor para garantir as distancias e previr contaxios.

No curso 2021-2022 o centro tivo unha matrícula de 441 estudantes, dos cales só o 18, 14% se beneficia do servizo de comedor escolar. Os datos demostran que se trata dun centro con alta demanda de matrícula e tamén cada vez maior demanda do servizo de comedor.

Para resolver esta necesidade, a ANPA do centro iniciou xestións para demandar a ampliación do comedor de maneira que poida acoller dúas quendas de 56 prazas, un total de 112 prazas. Trátase dunha opción factíbel ao existir terreos adxacentes onde se podería construír esta ampliación.

No mes de setembro de 2020 a ANPA Celenis enviou un escrito dirixido á Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellaría de Educación na que lle expoñía a situación e formulaba a proposta de ampliación do comedor. Este escrito da ANPA non tivo resposta por parte da Consellaría.

Logo de diversas xestións infrutuosas, novamente no mes de xaneiro de 2022 a ANPA Celenis do CPI Alfonso VII solicitou unha reunión conxunta co Xefe Territorial de Educación de Pontevedra e co Delegado Territorial da Xunta en Pontevedra para tratar o tema do comedor escolar. Pasados máis de 6 meses, a solicitude non tivo resposta.

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta incluír no orzamento de 2023 unha partida destinada á construción da ampliación do comedor do CPI Alfonso VII de Caldas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 12:25:54

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2023 12:26:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES A Sardiñeira é un instituto situado no barrio dos Mallos da Coruña. A súa matrícula achégase aos 600 alumnos e alumnas, aínda que se trata dunha cifra altamente fluctuante á vista das continuadas derivas de matrícula tardía e obrigatoria dirixidas cara a este centro educativo pola propia Consellería de Educación.

O IES A Sardiñeira ten adscritos centros de primaria que contan con liñas reducidas de educación primaria: CEIP Rosalía de Castro, CEIP Xosé Cornide, CEIP Wenceslao Fernández Flórez e CPR Karbo.

Consecuentemente, a matrícula que achegan estes colexios en 1º ESO, que conta con 3 liñas, é de entre 45 e 50 alumn@s cada curso, polo que resta entre o 40 e o 50% das prazas sen cubrir.

Esta dispoñibilidade de prazas vacantes en 1º ESO é empregada de forma recorrente, ao longo de todo o curso, pola Administración educativa para matricular alumnado procedente de escolarización tardía, por causa da emigración procedente do estranxeiro, ou derivado doutros centros por causa de comportamentos disruptivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No seu conxunto, este alumnado, de forma maioritaria, presenta unha casuística moi complexa relativa ás súas circunstancias persoais, familiares, sociais, culturais e académicas.

Por unha banda, en moitas ocasións o equipo directivo e o profesorado se enfrontan a alumnado que presenta un gran desfase curricular, descoñece as linguas oficiais do noso territorio ou incluso outras linguas do currículo escolar ou próximas xeograficamente.

Por outra, estamos ante un perfil de alumnado absentista, vulnerábel, con condutas disruptivas e ningún interese académico provocado polas severas deficiencias académicas.

Esta complexa situación socioeducativa, que non deixou de medrar exponencialmente ao longo dos dous últimos cursos en absoluto se ve compensada co reforzo de profesorado que permita atender de forma máis individualizada este alumnado para favorecer a súa inclusión nin tampouco do cadro de persoal especialista en necesidades educativas; neste sentido, o IES A Sardiñeira só conta con unha orientadora e unha profesora de Pedagogía terapéutica.

Estas circunstancias provocaron no curso agora rematado 2021-2022 un preocupante aumento da conflitividade e dos problemas de convivencia tanto dentro como ás portas do centro, ao que non é allea a contorna social do barrio.

Algúns datos ilustran esta aseveración:

1- O alumnado procedente de escolarización extraordinaria durante o curso 2021-2022 no presente curso duplicouse en relación ao curso anterior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2- Durante o curso 2021-2022 a comunidade escolar do centro veu confirmando que a convivencia no centro se viu moi afectada pola actitude disruptiva dunha parte importante do alumnado, mesmo presentando condutas gravemente prexudiciais para a convivencia escolar, e cunha moi significativa porcentaxe nos cursos de 1º ESO.

Outra consecuencia desta situación é que unha ratio de alumnado moi baixa está chegando a cursar bacharelato (ao redor dun tercio), coas conseguíntes consecuencias limitadoras que isto provoca á hora de ofertar itinerarios e materias optativas.

Paralelamente a esta situación de deterioro socioeducativo do centro derivada da baixa demanda de matrícula en 1º ESO, estase a producir outra que implicaría acrecentamento do alumnado.

Estamos a nos referir ao interese por matricular no IES A Sardiñeira os seus fillos e fillas familias que residen no barrio do Novo Mesoiro, en cuxo CEIP, de crecente creación, están a cursar a educación infantil e primaria e adscrito ao IES Elviña, que se encontra moi superado e sen prazas de matrícula dispoñíbeis.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que compromiso de excelencia educativa garante a Xunta para coa veciñanza de Novo Mesoiro e mais coa comunidade educativa do IES A Sardiñeira da Coruña?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 12:35:23

Daniel Castro García na data 24/01/2023 12:35:28

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 12:35:39



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez, Pablo Arangüena Fernández e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia vén regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento desenvolve no seu capítulo II a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 9.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva”, aínda que no seu punto 4 indica en que casos se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e determinados concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/01/2023 12:42:02

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/01/2023 12:42:17

Pablo Arangüena Fernández na data 24/01/2023 12:42:28

Patricia Otero Rodríguez na data 24/01/2023 12:42:44



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Consellería do Medio Rural e determinados concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/01/2023 12:43:39

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/01/2023 12:43:54

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/01/2023 12:44:07



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Gonzalo Caballero Miguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello de Contas foi creado pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, establecece que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financeira”*, de xeito que o Consello de Contas, de acordo co artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia, debe ofrecer ao Parlamento unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación emitindo unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica da administración autonómica,



cumprindo con tres obxectivos: verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable; determinar se as contas reflicten razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración.

O 30 de xullo deste ano tiveron entrada neste Parlamento a Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondentes ao exercicio 2020 e oito informes de fiscalización entre os que se inclúe o Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente a 2019.

No dito informe de Fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 o Consello de Contas volve a poñer de manifesto unha serie de irregularidades na presentación das contas e na información facilitada que limitan o alcance do informe e presentan un número importante de incorreccións que se reiteran, na súa maioría, ano tras ano, polo que a maioría das recomendacións formuladas son idénticas ás feitas en exercicios anteriores e que seguen a estar pendentes de aplicación.

Entre as incorreccións que pon de manifesto o órgano fiscalizador, manifesta no apartado B):

“2.5. No orzamento da Administración xeral rexistráronse con cargo ao exercicio 2019 gastos de exercicio anteriores por importe de 57,41 millóns de euros, mentres que deixaron sen rexistrarse gastos correspondentes ao devandito exercicio por importe de 64,89 millóns de euros, polo que o resultado orzamentario está sobrevalorado en 7,48 millóns de euros.

2.6. O remanente de tesourería da Administración xeral está sobrevalorado en 64,89 millóns de euros polas obrigas non imputadas ao orzamento no que se realizaron os gastos e que se rexistran parcialmente na conta 409. O remanente non distingue entre o afectado e o non afectado.

2.7. No ámbito do Sergas, no exercicio 2019 rexístranse gastos de exercicios anteriores por importe de 23,39 millón de euros, mentres que deixan de rexistrarse gastos correspondentes ao devandito exercicio por importe de 61,98 millóns de euros, polo que o resultado orzamentario está sobrevalorado en 38,59 millóns de euros”.

Este desprazamento de gasto distorsiona a transparencia requirida nos contas da Administración autonómica, así como a realidade sobre o cumprimento das



regras de gasto de obrigado cumprimento.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que a xestión orzamentaria da Xunta de Galicia e dos seus entes instrumentais é a axeitada?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/01/2023 12:45:12

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/01/2023 12:45:29

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/01/2023 12:45:42



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia establece na propia exposición de motivos que Estratexia Europa 2020 debe ser a folla de ruta para acadar un crecemento intelixente, sustentable e integrador, capaz de xerar novos empregos e de lograr unha mellor calidade de vida para toda a cidadanía.

No artigo 2 da dita lei establécese que a súa finalidade é contribuír á integración de Galicia na sociedade da información, a través do desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións, como factor esencial para acadar un crecemento económico sustentable, a redución do desequilibrio territorial e a cohesión social na nosa comunidade, e fíxanse seis obxectivos:

- a) “Impulsar o desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións e a súa cobertura na totalidade do territorio.
- b) Garantirlle á cidadanía, ás empresas e ás administracións públicas a cobertura das necesidades, actuais e futuras, dos servizos e tecnoloxías da información e da comunicación, co fin de fomentar a competitividade baseada no coñecemento.
- c) Garantir un acceso de calidade ás novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- d) Garantir a instalación de infraestruturas de telecomunicacións mediante unha ordenación coherente, que asegure a protección do territorio, dos recursos naturais e do ámbito paisaxístico, e que promova a cohesión social e a igualdade económica.
- e) Eliminar os desequilibrios territoriais reducindo a fenda dixital entre o medio urbano e rural.
- f) Fomentar a cooperación e coordinación entre as administracións públicas e entre estas e os operadores de telecomunicacións, co fin de promover que o despregamento das novas redes se realice de forma equitativa, eficiente e respectuosa co ambiente.”



No mesmo senso, o Goberno do Estado aprobou o 1 de decembro de 2020 o “Plan para a conectividade e as infraestruturas dixitais” cun investimento de 2.320 millóns de euros para o período 2021-2025 co obxectivo de desenvolver unhas infraestruturas de telecomunicacións con capacidade suficiente para dar cumprimento aos obxectivos dixitais desta década, establecendo como metas a cobertura do 100 % da poboación con 100 Mbps en 2025, o 100 % de cobertura de banda larga móbil de 30 Mbps en 2023 e o 100 % dos polígonos industriais con conexión escalable a gigabit en 2025, e a Comisión Europea presentou o 9 de marzo de 2021 a Década Dixital de Europa, unha visión da transformación dixital de Europa co obxectivo de que en 2030 todos os fogares da Unión Europea teñan conectividade xigabit e que 3 de cada 4 empresas dispoñan de computación na nube.

Xa que logo o despregamento das tecnoloxías dixitais establécese como requisito imprescindible para o reequilibrio territorial, elemento fundamental contra o despoboamento no rural, e a cohesión social, mellorando as condicións de vida da cidadanía no seu conxunto.

O 9 de febreiro de 2021 a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia a Resolución de 21 de xaneiro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais e illados, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, para o período 2021-2023, na que se establece que a telefonía móbil é un servizo esencial que permite á poboación o acceso a servizos básicos de emerxencia en calquera situación e reduce o illamento no que se ven inmersas as zoas máis rurais, indicando que xa no 2010 cando a Xunta de Galicia aprobou o Plan de banda ancha de Galicia 2010-2013 no que se definía a estratexia global para posibilitar o acceso ao servizo de banda ancha a toda á sociedade galega, como un dos motores principais para o desenvolvemento de Galicia.

No Diario Oficial de Galicia de data 23 de febreiro de 2022 publicouse a Resolución do 4 de febreiro de 2022 pola que se dá publicidade da subvención concedida ao amparo da resolución anterior á empresa Vodafone España, S.A por unha contía de 3.718.383 euros para o período 2022-2023 e cuxa finalidade é, tal e como se establecen nas bases, a extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais illados.

A pesares dos varios anuncios que dende 2010 fixo o presidente da Xunta de Galicia, a realidade é que seguemos sen ter unha cobertura axeitada para dar cumprimento aos obxectivos nomeados na Lei de 2013 ou nos distintos plans anunciados pola Xunta de Galicia. En 2019 a Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia e a Federación galega de municipios e provincias asinaron un convenio marco de colaboración no que se fixan unha serie de obrigas aos concellos sen que por parte do Goberno galego se transfira o custe destas obrigas que, nalgúns casos, poden ser máis gravosas que a infraestrutura en si (posta a disposición dos terreos, acometida eléctrica ou/e accesos, entre outras)



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/01/2023 12:49:05

Martín Seco García na data 24/01/2023 12:49:21

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/01/2023 12:49:39

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/01/2023 12:49:54



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indicase os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Augas de Galicia é a entidade adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que asume as competencias sobre o conxunto da Administración Hidráulica de Galicia.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cales foron os criterios empregados polo Goberno galego para establecer convenios de colaboración con determinados concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 13:05:06
Nº Rexistro: 48189
Data envío: 24/01/2023 13:05:06.894

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/01/2023 12:50:55

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/01/2023 12:51:10



Á Mesa do Parlamento

Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Gonzalo Caballero Miguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os Fondos de Compensación Interterritorial (FFCI) son un recurso das CCAA cuxa finalidade é corrixir os desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade entre todas elas (artigos 157.1 e 158.2 da Constitución Española), constituíndose este con destino a gastos de investimento, cuxos recursos serán distribuídos polas Cortes Xerais. Na actualidade, os Fondos de Compensación Interterritorial (FFCI) están regulamentados pola Lei 22/2002, que incorpora ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla como territorios beneficiarios do fondo e permite que, como máximo, un 25 % do fondo se poida destinar a financiar os gastos de funcionamento asociado aos investimentos financiados polo propio fondo, dando lugar ao desglose en dous fondos, un de Compensación e outro Complementario.

Os beneficiarios dos ditos fondos son os territorios comparativamente menos desenvolvidos, coincidindo cos considerados Obxectivo 1 polos Fondos Estruturais da Unión Europea, que no caso do Estado español son as comunidades autónomas de Galicia, Andalucía, Asturias, Cantabria, Murcia, Comunitat Valenciana, Castela-A Mancha, Canarias, Extremadura, Castela-León e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

O 29 de xullo tiveron entrada no Parlamento de Galicia 11 informes de fiscalización elaborados polo Consello de Contas de Galicia, entre os que se encontraba o Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial correspondente ao exercicio 2020, cunha dotación inicial para a nosa comunidade de 42.5050.200 euros que, segundo establece a conclusión 7 do informe de fiscalización, non se recoñeceron obrigas e, en consecuencia, pagamentos con cargo a estes créditos iniciais, é dicir, a execución foi do 0 %.

E no apartado correspondente ás Recomendacións o Consello de Contas indican que das recomendacións de anos anteriores só dúas recomendacións foron aceptadas e aplicadas, unha aceptada e parcialmente aplicada, 6 aceptadas e pendentes de aplicación e se indican 2 recomendacións novas.

Polo exposto, as deputadas e deputados que asinan, preguntan:



Que valoración fai o Goberno galego sobre a falla de execución na súa totalidade dos FFCI correspondentes ao exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/01/2023 12:52:11

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/01/2023 12:52:25

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/01/2023 12:52:36



Mesa do Parlamento

Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Gonzalo Caballero Miguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Fondo covid-19 é un fondo excepcional que aprobou o Goberno do Estado dotado con 16.000 millóns de euros co obxectivo de dotar dun maior financiamento, mediante transferencias non condicionadas, ás comunidades autónomas e cidades autónomas, para facer fronte á incidencia orzamentaria derivada da crise orixinada pola pandemia da Covid-19.

Deste fondo Galicia recibiu, no exercicio 2020, 735 millóns de euros repartidos segundo os catro tramos en que se estrutura o dito Fondo: 268 millóns de euros correspondentes ao tramo 1 sanitario, 150 millóns de euros ao tramo 2 sanitario, 93 millóns de euros ao tramo 3 educativo e 224 millóns de euros ao tramo 4 para compensación de perdas de ingresos e transporte. Adicionalmente, a nosa comunidade recibiu do Goberno do Estado nese mesmo exercicio outros 42 millóns de euros: 17,3 millóns de euros en aportacións extraordinarias en materia de sanidade e 1,9 millóns de euros en axudas destinadas a garantir o dereito básico de alimentación de nenos e nenas en situación de vulnerabilidade (becas comedor), 7 millóns de euros para prestacións básicas dos servizos sociais e 5,7 millóns de euros en aportación adicional ao Plan estatal de vivenda 2018-2021.

O día 29 de xullo tiveron entrada no Parlamento de Galicia 11 informes de fiscalización elaborados polo Consello de Contas, entre os que se encontraba o Informe de Fiscalización sobre a aplicación e suficiencia dos ingresos do Fondo Covid-19 para a xestión da pandemia na CA de Galicia, exercicio 2020.

No dito informe se conclúe que o reparto dos 16.000 millóns de euros efectuado entre as CCAA e as cidades autónomas efectuouse correctamente en función da poboación e da incidencia relativa da pandemia; que a Comunidade autónoma de Galicia ten ingresados na súa tesourería un total de 734,85 millóns de euros e que a 31 de decembro de 2020 Galicia tiña xerado créditos para gastos COVID-19 19 por un importe de 538,94 millóns de euros e gastos Covid-19 executados por un total de 517,62 millóns de euros (303 millóns de euros en gasto sanitario e sociosanitario; 96,20 millóns de euros en gasto de educación e 28,16 millóns de euros en indemnizacións aos concesionarios do servizo de transporte público pola perda de ingresos ocasionada pola pandemia).



E na conclusión 7.18 o Consello de Contas manifesta literalmente:

“7.18. Tendo en conta as cifras anteriores, cabe deducir a suficiencia global dos recursos Fondo COVID-19 recibidos en relación cos gastos COVID-19 e a perda de ingresos ocasionados pola pandemia a 31 de decembro de 2020. En particular, os fondos dos tramos 1 e 2, asignados segundo criterios poboacionais e de incidencia da pandemia, terían sido suficientes para financiar o seu impacto orzamentario sobre o gasto sanitario e sociosanitario.

No caso dos recursos asignados en base a criterios representativos de gasto educativo – tramo 3 - por 93 millóns de euros, estes terían resultado lixeiramente insuficientes para o financiamento do impacto orzamentario da pandemia sobre o gasto educativo - 96,20 millóns de euros -”

Estes datos poñen de manifesto que o Goberno galego a pesar de recibir 418 millóns de euros nos tramos sanitarios do Fondo COVID-19, en plena pandemia e co colapso sanitario sufrido, dedicou só 259 millón de euros, é dicir de cada 10 euros recibidos, deixou sen executar 4.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre esta falla de execución?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/01/2023 12:53:11

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/01/2023 12:53:28

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/01/2023 12:53:40



Mesa do Parlamento

Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez, Eduardo Ojea Arias e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xestiona as actuacións que se desenvolven en Galicia dentro do Plan Hurbe, dando cumprimento ao reto manifestado pola Xunta de Galicia de acadar un urbanismo responsable en toda a comunidade e apostar pola recuperación e o reequilibrio territorial entre as vilas e as cidades galegas.

O expresidente Feijóo en declaracións aos medios o pasado 17 de xaneiro afirmou que a Xunta seguiría apostando polo “fermosismo galego” co Plan Hurbe, plan que mobilizou dende a súa posta en marcha 150 millóns de euros en 320 actuacións e anunciou unha dotación de sete millóns de euros para “mellorar, humanizar e coidar” neste exercicio 2022, indicando que “Estamos a falar de axudas para que tanto concellos como particulares reduzan os impactos paisaxísticos dalgunhas construcións, apostando pola rehabilitación de vivendas e edificios para dar unha segunda, terceira ou cuarta vida a inmobles de carácter histórico, cultural ou situados en zonas de obrigada protección”, incidindo na rehabilitación como elemento clave para dinamizar os centros históricos, atraer turistas e activar o comercio.

No mesmo senso, o actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou o pasado 1 de agosto en Mos que “A dotación prevista para este ano dará un novo impulso ao 'fermosismo' e afondará na colaboración institucional en materia urbanística”, resaltando a especial relevancia do programa Hurbe no rural, onde “promove humanizacións para o disfrute da cidadanía que paso a paso permiten mellorar o respecto pola paisaxe en todo o país”, resaltando que a dotación orzamentaria para este exercizo 2022 foi de 7 millóns de euros para recuperar equipacións municipais e mellorar a integración paisaxística dos contornos urbanos.

No mes de xuño de 2022, anunciouse que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o concello de Outeiro de Rei asinaron un convenio dentro



do Plan Hurbe 2022 para a construción nas inmediacións da área recreativa de Santa Isabel de dúas piscinas e un centro de BTT para bicicletas de montaña, cun custe de 1,1 millóns de euros, dos que a Xunta achegará 770.000 euros (70 %), que supoñen máis do dobre de media do que se ten dedicado aos 177 concellos beneficiados.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a inclusión deste proxecto dentro do Plan Hurbe?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/01/2023 12:58:52

Patricia Otero Rodríguez na data 24/01/2023 12:59:08

Eduardo Ojea Arias na data 24/01/2023 12:59:22

Pablo Arangüena Fernández na data 24/01/2023 12:59:33



Á Mesa do Parlamento

Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Entre os días 3 e 7 de agosto deste ano chegaron a Santiago de Compostela ao redor de 12.000 camiñantes que participaron na *Peregrinación Europea de Jóvenes*, unha iniciativa de carácter relixioso organizada pola Conferencia Episcopal Española e a Archidiócese de Santiago que, segundo se informou en varios medios de comunicación, recibiron máis de 360.000 euros de fondos públicos da Comunidade Autónoma galega

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cal foi a cantidade total de recursos públicos con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que se dedicaron a estas actividades?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/01/2023 12:54:36

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/01/2023 12:54:49

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/01/2023 12:55:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Luis Bará Torres e Carmela González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da nova EDAR de Arcade, no concello de Soutomaior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os bancos marisqueiros do fondo da Ría de Vigo son o principal sector económico, tanto do Concello de Soutomaior como doutros lugares da Enseada de San Simón, espazo este protexido pola Rede Natura.

Na actualidade, é unha evidencia denunciada día tras polo sector marisqueiro, que o estado no que se atopa o fondo da ría de Vigo implica danos perceptíbeis por toda a veciñanza tanto no relativo á verteduras e ao estado das augas como no que ten a ver coa produtividade dos bancos marisqueiros.

Verteduras incontroladas que implican mesmo sancións ao Concello de Soutomaior por parte de Augas de Galiza, unha depuradora obsoleta que non cumpre coa normativa actual, unha rede de saneamento abandona durante anos que non conta cunha separativa eficiente de pluviais e fecais e un ecosistema da Rede Natura que soporta esta situación namentres o sector marisqueiro de Arcade e do fondo da ría vense na obriga de ir mariscar a Baiona ou outros lugares ante a falta de produtividade do





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

fondo da ría de Vigo; son o día a día da veciñanza e do sector marisqueiro de Soutomaior.

E namentres o ecosistema e os bancos marisqueiros do fondo da ría se atopan nunha situación límite, o Partido Popular segue demorando o saneamento da ría ano tras ano.

Foi no ano 2019, que por enésima vez o Partido Popular anunciou a construción dunha nova EDAR en Arcade. Máis de catro anos despois, segue sen concretarse nada deste proxecto e non existe orzamento para esta actuación nin nas contas municipais para por a disposición os terreos, nin tampouco nas da Xunta.

Nese mesmo ano 2019 e despois de que o Concello de Soutomaior fose varias veces sancionado por vertidos contaminantes á Ría de Vigo e de que se constatará que a actual EDAR de Arcade non cumpría coa normativa europea, o Partido Popular anunciou a bombo e prato que se construíría unha nova EDAR adaptada á normativa actual.

Mais a realidade é que, catro anos despois, Soutomaior segue agardando pola nova estación depuradora. E faino a pesar de que a nova EDAR fóra licitada no ano 2020 cun prazo para a redacción de 13 meses. Mais desafortunadamente un ano despois de caducado este prazo o proxecto fica paralizado.

No último debate de orzamentos, o Grupo Parlamentar do BNG presentou unha emenda aos orzamentos da Xunta para que esta actuación contase con partidas específicas que garantisen a súa inmediata execución pero a pesar dos anuncios dende o ano 2019, o Partido Popular, votou en contra desta emenda para o saneamento da ría





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que o fondo da ría de Vigo, ademais de ser un espazo natural de valor incalculábel é o sustento de centos familias de Soutomaior e doutros concellos do fondo da ría, polo que formulamos a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar o goberno galego para reactivar de inmediato todos os trámites necesarios para a construción dunha nova EDAR en Arcade?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Luis Bará Torres

Carmela González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2023 13:37:12

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 13:37:16

Carmela González Iglesias na data 24/01/2023 13:37:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno de España acaba de aprobar a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual cun apoio minoritario, que non representa a diversidade da cámara e, polo tanto, da sociedade.

O BNG deu traslado, no proceso de tramitación, de diferentes emendas propostas polo sector, mais finalmente tivo que votar non á lei por non garantir a presenza de todas as linguas oficiais do Estado -e, por tanto, o galego-, por deixar os produtores independentes ao pé dos cabalos do duopolio televisivo e por non asegurar cotas que reduzan a fenda de xénero e por abrir a porta á privatización dos medios públicos.

Unha oportunidade ilusionante para o sector viuse convertida nunha frustración ao non representar esta lei un avance en igualdade nin na protección de dereitos.

Unha lei que nace sen consenso social, e nin sequera dentro do propio goberno español, con todo o sector profesional en contra, e coa abstención consentidora do principal grupo da oposición, o Partido Popular.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Víranse as costas, deste xeito, á protección e reforzo da diversidade lingüística que lle é propio a un Estado plurilingüe e pluricultural, e mais á diversidade de contidos plural que é propia das empresas de produción independente, un tecido diverso en tamaño e capacidade, no que o talento e o traballo sexan o que fagan a diferenza.

Esta lei supón un severo retroceso na necesaria igualdade lingüística para as diferentes linguas oficiais do Estado español, o agravamento do desequilibrio dunha industria florecente e supostamente estratéxica para o país, así como a renuncia a reducir a fenda de xénero e dar a visibilidade que en xustiza merecen as directoras e produtoras.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai impulsar a Xunta a modificación da Lei Xeral de Comunicación Audiovisual para dar resposta aos sectores sociais e profesionais, garantir a presenza do galego, a creación plural de contidos desde as empresas de produción independente e a porcentaxe mínima de 40% para as obras audiovisuais ou pezas cinematográficas dirixidas ou creadas exclusivamente por mulleres?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 13:37:36

Daniel Castro García na data 24/01/2023 13:37:48

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 13:37:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os últimos datos do IGE poñen de manifesto o diferente comportamento que presenta o uso do galego ao longo das diferentes comarcas galegas.

Os datos que ofrece ao longo do último lustro analizado o IGE (2013-2018) presentan comarcas con dinámicas sociolingüísticas diverxentes.

Así, por exemplo, mentres áreas como Arzúa, Melide, Ordes, Costa da Morte ou Barbanza-Noia presentan unha maior consolidación no uso, achegándose no último caso a un 12%, mesmo entre a mocidade, outras como Vigo, Ourense, Santiago ou O Carballiño-O Ribeiro presentan un decrecemento que chega até o -10,9%.

Con todo, estes datos locais non anulan os preocupantes valores da tendencia xeral que seguen a comprometer a vitalidade da lingua galega. Sirva como exemplo o recente estudo sociolingüístico da RAG sobre o concello de Ames que confirma o avance dunha progresiva e acentuada substitución lingüística que, ademais, pode ser un reflexo doutras moitas fotografías da nosa lingua nos ámbitos periurbanos que adoitan concentrar maiormente a poboación galega nos últimos anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación, a xuízo dos especialistas en sociolingüística, conclúe que ao cabo dunha ou dúas xeracións o uso habitual do galego pode desaparecer.

Unha situación reforzada pola cativa presenza do galego na escola e mais nos ámbitos de lecer e socialización da infancia e mocidade que transmite o papel hexemónico do castelán fronte a invisibilidade do galego.

Desta análise conclúese que é determinante e urxente elaborar un plan de normalización lingüística que permita actuar de forma local coas ferramentas adecuadas a cada contorna sociolingüística, con obxectivos concretos para cada área e onde se implique o conxunto da comunidade fortalecendo a rede de apego á lingua.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas está a pór en andamento a Xunta para activar unha política territorializada de recuperación da igualdade lingüística para o galego atendendo ás diferentes áreas sociolingüísticas de Galiza?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 13:42:10

Daniel Castro García na data 24/01/2023 13:42:15

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 13:42:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do servizo de Urxencias do Barbanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos de urxencias hospitalarias do nos País están a sufrir un importante colapso neste período invernal. As consecuencias da COVID sobre a saúde poboacional, a dramática situación de Atención Primaria e a insuficiencia dos recursos hospitalarios, son algunhas das causas que contribúen esta situación.

No caso do hospital comarcal do Barbanza, o persoal médico vén de facer pública a denuncia pola situación na que se atopan, cunha gran tensión laboral que se agravou nos últimos meses, xa non só pola importante carga asistencial, senón tamén polas condicións laborais. O persoal deste servizo vén sufrindo unha precariedade sistemática na contratación, pois a pesar das evidentes necesidades que presenta o servizo, véñense realizando contratos por períodos mensuais ou inferiores, chegando a contratar por días, avisando no mesmo día da quenda de traballo. Esta situación de inestabilidade laboral foi motivo para que se producise unha saída constante de profesionais deste servizo.

Actualmente o servizo non ten un cadro médico acorde ás necesidades reais, cun déficit de 4 facultativas, o que provoca unha gran sobrecarga, ata o punto de que hai persoal en xaneiro de 2023 que aínda ten pendente de desfrutar as vacacións correspondentes ao ano anterior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante o ano 2022 no Hospital do Barbanza incrementouse o número de asistencias a urxencias nun 12,5% a respecto de 2019, cifra que supera amplamente o incremento que se produciu noutros hospitais coma o CHUS ou o CHUAC, un 5% e un 8,3% respectivamente. Pese a este incremento, non se produciu ningún incremento no cadro de persoal, tampouco na quenda de noite onde se continúa con unicamente dúas facultativas a pesar de que as cifras teñen demostrado a necesidade dunha terceira. Tampouco se realizou este reforzo no período estival, a pesar de que a comarca do Barbanza experimenta un incremento notorio da poboación e que xa se ten demostrado a súa necesidade pola gran cantidade de asistencias que se producen.

Cómpre ter presente que as condicións asistenciais no Barbanza difiren das que existen nos hospitais de Santiago e da Coruña non só en termos cuantitativos, senón tamén cualitativos pois este servizo é o que realiza a asistencia a pacientes en estado crítico e/ou inestábel e tamén quen realiza os traslados interhospitalarios de pacientes críticos que requiran asistencia no hospital de referencia. Nestes dous casos, o servizo de Urxencias intervén sobre pacientes non só que se atopen nese servizo, senón tamén sobre calquera paciente que se atope ingresado no centro, independentemente do servizo responsábel, que precise desa estabilización ou traslado ao CHUS. Ademais, atendendo a que outros servizos non realizan garda de presenza física no centro, como pode ser o caso de Traumatoloxía, Pediatría, Cirurxía Xeral ou Radioloxía, é o servizo de Urxencias quen ten que asumir estas doentes en primeira instancia.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación na que se atopa o servizo de Urxencias do Hospital do Barbanza e o seu persoal, cales son as medidas previstas para atender ás carencias de persoal que presenta no inmediato e no longo prazo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2023 16:24:52

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2023 16:24:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno galego da evolución dos datos do Índice de Prezos ao consumo e da evolución do primeiro trimestre de 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai máis dun ano Galiza sofre as consecuencias da consolidación da crise de prezos. Consolidación que en Galiza ten o agravante de que a inflación sexa superior en comparación coa media do Estado. Ademais, as e os galegos sofren a falta de actuación do goberno galego, que apenas impulsou medidas para paliar os efectos e que estableceu unha planificación e previsión para os Orzamentos de 2023 que xa ficou absolutamente obsoleta.

Así as cousas, nos datos publicados o 13 de xaneiro polo Instituto Galego de Estatístico coñecemos os datos definitivos do IPC para o mes de decembro e seguen a ser demoledores. O IPC para Galiza en decembro de 2022 rexistra un incremento do 0,1% con respecto ao mes anterior, respecto a decembro de 2021, os prezos rexistraron un aumento do 6,4%, sete décimas máis que no conxunto do Estado (5,7%). Ademais, a variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi dun 7,8%, nove décimas superior á rexistrada en novembro (6,9%) e oito décimas superior á rexistrada a nivel estatal (7,0%). En termos de taxa interanual, son os grupos de "Alimentos e bebidas non alcohólicas" (16,2%) e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"Restaurantes e hoteis" (9,2%) os que repercuten máis positivamente na taxa (4,9 puntos entre os dous grupos). Con respecto á variación interanual do mes anterior (7,48%), a taxa baixou 1,04 puntos ata situarse no 6,44% en decembro de 2022. Os grupos que máis contribuíron a esta baixada foron "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" e "Transporte".

Un mes máis Galiza ten peores datos có Estado. Ademais, segue a ser preocupante a evolución da inflación subxacente, que tamén sobe máis en Galiza do que no Estado. Respecto dos datos polo miúdo, o máis preocupante segue a ser, como no anterior mes, a evolución da carestía dos alimentos. Diante desta situación, o goberno galego segue sen recuperar axudas importantes como a Tarxeta Básica, sen intervir o ámbito da vivenda malia ser a principal causa de exclusión social, sen elevar adecuadamente as axudas públicas e sen impulsar un cambio de modelo económico.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración do goberno galego respecto da evolución da crise de prezos no primeiro trimestre de 2023?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2023 16:46:41

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2023 16:46:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Carmen Aira Díaz e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A retirada da Candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade da UNESCO por parte do goberno galego, no pasado 2021, foi consecuencia das eivas detectadas na avaliación do ICOMOS.

A argumentación do informe do ICOMOS demostraba que a proposta presentada pola Xunta de Galiza non demostraba o carácter senlleiro deste espazo.

Asemade, reprendía a Xunta pola desprotección desta importante área medioambiental ao detectar severas agresións moi lesivas ao territorio como os encoros, os parques eólicos, as plantacións de eucaliptais e advertía da falta de implicación da sociedade na candidatura proposta.

Unha sucesión de erros básicos na candidatura que xa foras advertidos a través de múltiples alegacións por diferentes colectivos que a Xunta ignorou.

Recentemente, a Xunta anunciou a ampliación do equipo de redacción da candidatura coa incorporación de novos perfís profesionais, co obxectivo de ser un punto de inflexión que permita revisar o expediente e avanzar con maior rigor e calidade.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Conselleiro de Cultura anunciaba que este proceso de diálogo social tamén se ensanchaba coas Administracións implicadas e coa veciñanza.

Transcorridos varios meses, no entanto, a veciñanza segue a non ser incluída no necesario proceso de elaboración participada da nova candidatura.

A través dos medios de comunicación, o grupo parlamentario do BNG confirma que se están a producir diferentes encontros do movemento asociativo e veciñal das marxes da ribeira luguesa e ourensá que seguen a se sentiren excluídas do proceso de participación.

Estes colectivos afirman teren enviado á Xunta unha serie de propostas para emendar os erros da candidatura fallida, mais non teren recibido ningunha resposta oficial.

Información e colaboración de cara á nova candidatura que se presente desde o goberno da Xunta de Galiza perante a UNESCO é o que están a demandar os colectivos veciñais da Ribeira Sacra, co obxectivo de superar a actual confusión.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de cara á reformulación da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, en proceso dialogado cos colectivos veciñais e o movemento asociativo da Ribeira Sacra?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Carmen Aira Díaz

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 17:22:06

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2023 17:22:11

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 17:22:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os principios recollidos no artigo 4º do Decreto 79/2010 destaca a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.

Un principio que se engade ao predeterminado pola Lei de normalización lingüística a respecto da garantía de adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Asemade, a Disposición adicional 5ª regula a avaliación do resultado de consecución destes obxectivos.

Neste sentido, o Decreto 79/2010 regula que “con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación, avaliará os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias”.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pouco despois o DOG publica, con data de 12 de maio de 2011, a Orde pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario e mais a Orde pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.

A respecto da primeira orde, regúlase a sección bilingüe como a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, ou dun módulo de formación profesional específica, que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos ou alumnas dun xeito bilingüe: na lingua cooficial que corresponda, segundo a normativa vixente, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia ao devandito grupo de alumnos e alumnas.

A incorporación da lingua estranxeira á docencia na sección bilingüe acadará un mínimo dun 50 por cento.

Os centros públicos autorizados para participar no desenvolvemento de seccións bilingües, poderán contar cunha asignación orzamentaria anual.

Ao igual que no caso do Decreto 79/2010 tamén nesta Orde se regula o procedemento de avaliación deste programa, sendo a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a que levará a cabo o seguimento e avaliación dos proxectos co fin de verificar a súa realización, a calidade e os resultados obtidos.

A respecto da segunda Orde, este regula os centros plurilingües, aqueles centros en que se imparten nunha lingua estranxeira áreas ou materias non lingüísticas, de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educación primaria e/ou secundaria, cunha carga horaria total impartida en lingua estranxeira de ata o máximo dun terzo do horario lectivo do grupo de alumnado.

A avaliación destes proxectos correspóndelle á inspección educativa, responsábel de supervisar o proceso de implantación e desenvolvemento do programa nos centros plurilingües, prestándolle especial atención á práctica docente, así como propor medidas de mellora.

Asemade, ao remate de cada etapa educativa, co fin de verificar o grao de dominio da lingua estranxeira, levarase a cabo a avaliación do alumnado participante no programa plurilingüe, seguindo o procedemento que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En ambos os dous casos, as Ordes regulan o compromiso do goberno coa formación do profesorado nesta didáctica específica para o desenvolvemento dos programas plurilingües.

Transcorrida máis dunha década da regulación e implantación das seccións bilingües e da rede de centros plurilingües e non tendo publicada a Consellería ningunha avaliación didáctica, o grupo parlamentario do BNG amosa o seu interese por coñecer a evolución e o resultado académico do desenvolvemento deste programa neste tempo na mellora das aprendizaxes lingüísticas en linguas estranxeiras e mais na adquisición das competencias nas correspondentes materias non lingüísticas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora o goberno o resultado do investimento na mellora das competencias en linguas non estranxeiras no alumnado galego ao longo dos últimos 11 anos?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 17:27:04

Daniel Castro García na data 24/01/2023 17:27:08

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 17:27:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A chamada nova economía do coñecemento está asociada á facilitación de novas ferramentas do espazo dixital nadas a partir da linguas naturais.

As linguas convértense, así, nunha parte fundamental do desenvolvemento tecnolóxico, empresarial, económico, para alén de determinante na inclusión e benestar social.

Contornas de voz a través de tradutores automáticos, buscadores, asistentes persoais, colocan as linguas no centro da dixitalización e nun espazo clave para ensanchar a comunicación nas linguas que, como o galego, aínda transitan cara á súa normalización.

No contexto económico actual de acceso a fondos europeos extraordinarios, o goberno español acaba de presentar o *Proyecto Estratégico para la Recuperación y Transformación Económica (PERTE)*, cun orzamento total de 1.100 millóns de euros co obxectivo de impulsar a cadea de valor da nova economía da lingua en español.

Cítanse como obxectivos a mellora da vertebración territorial, ensanchando o impacto deste PERTE en todo o territorio español e reforzando a comunicación coa comunidade hispanofalante en Europa e América Latina.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais tamén se recolle neste PERTE o carácter plurilingüe do Estado español, onde as linguas cooficiais teñen un papel importante na produción cultural que tamén teñen en andamento proxectos vinculados ao impulso destas linguas na nova economía dixital da lingua como son o proxecto Aina en catalán, o proxecto Itzuli en euskera e o proxecto Nós en galego.

Un dos cinco proxectos tractores denomínase “Desarrollo de la IA en español y lenguas cooficiales”, vinculado ás tecnoloxías da linguaxe, poñendo a atención en proxectos de comunicación baseados na intelixencia artificial desde e para as linguas cooficiais, como é o caso do Proxecto Nós en galego.

Este PERTE é un proxecto que aínda está en fase de elaboración a partir das suxestións de mellora que se acheguen desde as comunidades autónomas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións está a impulsar a Xunta para asegurar que o Estado destine recursos suficientes e á altura das oportunidades que presenta o Proxecto Nós dentro do PERTE Nueva Economía de la Lengua?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 17:39:18

Daniel Castro García na data 24/01/2023 17:39:23

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 17:39:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o grao de coñecemento e protección da Xunta de Galiza da cova do Monte da Trindade en Mondoñedo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2011 e 2012 a Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo abriu dous expedientes sancionadores (IN635C 2011/13-2 e IN635C 2012/62-2) contra os responsables dunha canteira situada no lugar de O Monte da Trindade, concello de Mondoñedo (Lugo).

Estes expedientes sancionadores viñan motivados por realizar labores mineiros fóra do perímetro autorizado pola Consellería de Economía.

Nesta zona próxima á canteira atópase unha cavidade natural, cuxa entrada se pode ver incluso nas distintas secuencias de imaxes aéreas (ortofotos PNOA, anos 2014, 2017, 2020; e ortofotos Google Earth, anos 2014, 2015, 2016). Esta entrada á cova localízase na parcela con referencia catastral 27030A00803184, situada fóra do perímetro autorizado pola Consellería de Economía para realizar labores mineiros. Malia non contar con autorización, semella que os labores relacionados coa actividade mineira probablemente seguiron realizándose, tal e como se pode observar nas imaxes anteriormente citadas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo documentación da Consellería de Economía e da Consellería de Cultura, desde o ano 2014 (ano no que xa se pode ver claramente nas fotos aéreas a entrada da cova) realizáronse varias inspeccións nesta zona do Monte da Trinidad. Mesmo no ano 2019 leváronse a cabo dúas catas arqueolóxicas a tan só 30 metros da entrada da cova.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza garantir a protección e conservación desta cavidade en tanto non se realicen os estudos pertinentes e se avalíe o seu valor natural?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 17:49:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 24/01/2023 17:49:03





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonzo e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o impulso da candidatura “Ferrol, porto da ilustración” para ser recoñecida como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Real Academia Galega de Belas Artes, Nosa Señora do Rosario, adoptou o 16 de decembro do 2000 a decisión de iniciar os trámites oportunos para que as dúas emblemáticas fortificacións defensivas do contorno marítimo de Ferrol, os castelos de San Felipe e da Palma, xunto co Arsenal militar, foran declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

O Arsenal de Ferrol, segundo D. Ramón Otero Pedraio, representaba no século XVIII, como base naval, un logro completo nas aspiracións da época, acadándose na súa construción unha perfecta conxunción da arquitectura hidráulica, militar e industrial.

E o propio informe-proposta da Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, realizado polo académico D. Xoán Antonio Rodríguez Villasante, ditaminaba que o conxunto histórico do Arsenal e os castelos da ría de Ferrol son un exemplo único no mundo: unha base naval criada ex-novo e coa maior extensión na súa época.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En pouco tempo unhas trinta institucións e organizacións de diferente índole fóronse adherindo a aquela solicitude de declaración como ben cultural Patrimonio da Humanidade deste conxunto histórico conformado polo Arsenal e os castelos da ría, entre as que cabe mencionar os casos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, a Xunta de goberno do Colexio oficial de arquitectos de Galiza, a Asemblea xeral do Eixo atlántico, o Colexio oficial de Enxeñeiros industriais de Galiza, ou entre outros concellos, o de Lugo, de especial importancia polo éxito acadado na iniciativa semellante a respecto da declaración das Murallas da cidade como Patrimonio da Humanidade.

A aspiración de Ferrol de conseguir para o noso patrimonio histórico, arquitectónico, artístico, e natural, o máximo recoñecemento por parte da UNESCO, lanzada inicialmente durante a alcaldía de Xaime Bello, foise renovando co tempo, e nomeadamente durante o goberno de Jorge Suárez cabe atribuír á concelleira Rosa Méndez un decidido impulso coa redacción dun novo plan, do mesmo xeito que está a facer na actualidade a concelleira Eva Martínez a través dunha renovada campaña de promoción social e política.

É polo tanto unha vella e compartida aspiración de todos os grupos políticos do Concello de Ferrol, conscientes, como a inmensa maioría da sociedade local e comarcal, de contar cun patrimonio privilexiado digno de protección, de consideración e recoñecemento, mais tamén susceptible de chegar a ser un produto turístico de primeira orde, e polo tanto unha fonte de riqueza.

Lamentamos que non sempre o apoio e a colaboración da Xunta de Galiza para garantir o éxito dos esforzos realizados desde o Concello de Ferrol teña sido o necesario, mesmo ás veces nin o mínimo esixíbel a unha administración dilixente,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

relegando unha candidatura que, segundo as opinións expertas, é a que máis posibilidades podería ter de todas as que actualmente existen na Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións está a impulsar a Xunta de Galiza para garantir o éxito da candidatura “Ferrol, porto da Ilustración” a Patrimonio da Humanidade?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonso

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 17:53:58

Ramón Fernández Alfonso na data 24/01/2023 17:54:03





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 17:54:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a dotación dun centro de ensino secundario na contorna do barrio de Novo Mesoireiro na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o comezo da construción do barrio de Novo Mesoireiro na Coruña o grupo parlamentario do BNG ten trasladado ao goberno da Xunta en sede parlamentar as sucesivas demandas que, de xeito pormenorizado e argumentado, a veciñanza deste barrio formula, sempre razoadas e fundamentadas so a premisa de ser un barrio recente edificado, no seu día, sen ningunha dotación, infraestrutura e servizo para as súas e os seus habitantes.

A resposta desta administración sempre foi ir parcheando, a medida que esas dotacións e servizos eran indispensábeis e urxentes, cubrindo os mínimos cando non escatimando calquera investimento en detrimento dunha atención de calidade á poboación alí residente. Velaí o exemplo do seu Centro de Saúde e os servizos sanitarios, debatido nesta cámara en diferentes ocasións, ou a construción dilatada e interminábel do seu CEIP.

Precisamente da educación e do ensino trata a presente iniciativa. E doutra volta achegada pola veciñanza deste barrio coruñés, formulada desde a información e o fundamento incontestábel da realidade na que vive.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os datos do último e máis recente padrón continuo publicado a finais de xaneiro deste ano a respecto da estatística a 1 de xaneiro de 2021 advirten que a poboación de entre 15 e 19 anos no barrio era de 224 persoas. E para a franxa de idade de entre 10 e 14 anos de 731 nenas e nenos. En total, a 1 de xaneiro de 2021 había censadas 955 persoas de entre 10 e 19 anos.

E a seguir, a franxa estatística inmediatamente inferior, a que se sitúa entre os 5 e 9 anos advirte un censo de 829 crianzas. É evidente que esta zona concreta da cidade da Coruña, en continuo medre demográfico como área urbana nova, precisará non vindeiros anos a dotación correspondente en materia de ensino secundario.

Por outra banda, e como se pode consultar na hemeroteca deste Parlamento polas múltiples iniciativas xa trasladadas polo BNG, o núcleo de Novo Mesoiro, así como os núcleos poboacionais da súa contorna, Feáns, Mesoiro, as Rañas e Urbanización Breogán, teñen características senlleiras a respecto doutros núcleos do municipio da Coruña.

Neste sentido, traemos aquí o relativo illamento que vén derivado da carencia das infraestruturas que puideran absorber os fluxos de tráfico coas zonas contiguas (estrada DP-0512) e un deficiente e moi mellorábel servizo público de transporte e mobilidade.

Ambos aspectos son fundamentais para facilitar o acceso a outras zonas próximas (a tres quilómetros o máis próximo) onde existen servizos de ensino secundario. Evidentemente a opción de que se poida ir andando a estes centros de ensino é inviábel porque tramos da propia estrada DP-0512 carece de beirarrúa e fican illados.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comprométese o goberno galego a dotar nos orzamentos de 2023 as epígrafes e partidas necesarias para a proposta de estudo e dotación, na contorna do barrio de Novo Mesoiro da Coruña, dun centro de ensino secundario que dea cobertura á demanda prevista en educación?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2023 18:01:45

Daniel Castro García na data 24/01/2023 18:01:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 18:02:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os prazos e evolución das obras do CAPD despois de que a falta de vontade da Xunta atrasara máis de seis anos as datas comprometidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos, Ourense vén reclamando a construción dun centro de atención con diversidade funcional público e de xestión pública que dea cobertura ás comarcas da zona de Ourense, toda vez que é o caso do que se considera administrativamente como provincia que non ten un centro similar.

Así as cousas, desde hai anos a Plataforma Procapd Ourense demanda un centro deste tipo, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar. A reivindicación vén de lonxe e son numerosas as manifestacións e mobilizacións sociais que se teñen realizado. Tamén numerosas son as iniciativas en concellos, na deputación de Ourense ou no Parlamento Galego ao respecto. De forma concreta, cómpre recordar como durante a campaña electoral das eleccións ao Parlamento Galego do anos 2026, as e os candidatos por Ourense comprometeron coa súa sinatura que no caso de gobernaren as súas forzas políticas cumprirían esa débeda.

Porén, desde entón o goberno da Xunta de Galiza só fixo incumprir as súas promesas. Primeiro, demorouse o proxecto e desenvolveuse un que non atinxía todas as





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

demandas. Despois, demoráronse orzamentos. Así mesmo, o Partido Popular obstaculizou no Concello de Ourense os avances precisos canto aos trámites municipais.

No 2022, cando as obras tiñan que ser unha realidade, levaban seis meses paralizadas ata que o goberno galego recoñeceu en sede parlamentaria ante o BNG ter a situación bloqueada polo impacto da crise de prezos. Despois da insistencia das familias houbo un novo proceso de contratación que obtivo no outono de 2022 a empresa COPASA. Porén, en xaneiro de 2023 descoñécese a reprogramación desta obra máis alá de vaguidades e dunha nova promesa para 2024.

O 16 de xaneiro de 2023 o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego recibía unha resposta por escrito á pregunta número 36923, sobre “os novos prazos previstos para a nova adxudicación da construción do centro terapéutico ocupacional público e de xestión pública de Ourense” na que, unha vez máis, a Xunta non clarificaba nin os termos da reprogramación das datas nin o tipo de xestión.

Así mesmo, as familias están a denunciar novamente a falta de transparencia e de concreción e que as obras non están a avanzar.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Cal vai ser a data de inicio do funcionamento do CAPD de Ourense e o seu modelo de xestión?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2023 09:26:46

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2023 09:26:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/01/2023 09:27:00



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Consellería de Promoción do Emprego impulsou o Programa Impacto Autónomo, centrado en axudar ás persoas autónomas ante o incremento de custos e dos prezos das materias primas. Mediante a Orde do 28 de decembro de 2022 establecéronse as bases reguladoras deste programa de impacto autónomo, abríndose o prazo de presentación de solicitude o 9 de xaneiro de 2023.

Moitas das mariscadoras, pertencentes a Asociación Mulleres Salgada, quixeron optar a esta subvención, pero finalmente non se puideron beneficiar das axudas por non cumprir un dos requisitos: non acadar o mínimo de 10.000 € de rendementos netos que esixe a convocatoria.

Esta convocatoria sinalaba unha prioridade “diseñar os mecanismos necesarios para que as empresas poidan sobrevivir” e mira aos autónomos como un elemento vital para dinamizar Galicia e a manter o emprego.

Regúlanse unhas bases que deixan fóra a unha gran realidade social e que constitúe un importante motor de crecemento na nosa Comunidade Autónoma.

A gran maioría do colectivo do marisqueo a pé non pode solicitar estas axudas porque os seus ingresos no ano 2021 están por debaixo do mínimo establecido para pedilas. Rango de ingresos que penaliza e prexudica a un sector ao que, en principio, parecía ir dirixido o programa como é o das traballadoras e traballadores por conta propia no réxime dos traballadores do mar.

As rendas máis baixas son as máis prexudicadas pola subida do custe da vida e o incremento da inflación e deberían de ser as primeiras en ser atendidas e apoiadas. Non facelo así evidencia ou un gran descoñecemento da situación económica que afecta ás mulleres e homes do mar ou ao escaso interese en prover de futuro e relevo ao mundo da pesca e do marisqueo.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración realiza o Goberno galego de que as axudas directas a autónomos exclúan a práctica totalidade do colectivo do marisqueo a pé?





Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 25/01/2023 11:10:47

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2023 11:11:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o cumprimento da Lei de Memoria Democrática no estadio de O Couto en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 2 de maio de 2022 acordouse a adxudicación á UTE Estadio O Couto - integrada polas empresas Proyectos y Contratas Covelo, SL-Actividades, Construcciones y Voladuras, SL -das obras de reforma e mellora do estadio do Couto en Ourense, sendo o de 1.491.103,40 €, máis IVE, e o prazo de execución de 7 meses.

A obra de reforma -necesaria e comprometida dende hai varias décadas-, consiste esencialmente na reparación e rehabilitación estrutural do estadio e na renovación dos seus elementos funcionais, atopándose actualmente e a pesares do tempo acordado e transcorrido, en fase de execución.

A realización dos traballos contratados permitiu descubrir nun lugar preeminente do estadio unha placa co símbolo da Organización Nacional Sindicalista, sindicato vertical, que agrupaba a traballadores e a empresarios, sendo o único permitido durante a ditadura, en base a promulgación do Fuero del Trabajo. Instrumento “asociativo” propio da ditadura dependente da Secretaría General del Movimiento e do aparato franquista en xeral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao abeiro da lei 20/22, de 19 de outubro, de Memoria Democrática as insignias, escudos e placas apegadas a edificios públicos nas que se realicen mencións, exaltacións ou recoñecementos a organizacións que sustentaron a ditadura franquista son consideradas contrarias á memoria democrática, correspondendo a retirada do elemento á administración titular da edificación no que se atopen.

Como queira que a Xunta de Galiza no canto de proceder á retirada do referido símbolo de exaltación e recoñecemento dunha organización propia da ditadura franquista e contraria a lei de memoria democrática, procedeu á súa rehabilitación e valorización, situándoa entre o logo de grandes dimensións da propia Xunta de Galiza e o de “Deporte Galego”, dende o BNG vimos solicitar se proceda a dar cumprimento ao disposto ao ordenado la Lei 20/22 de memoria democrática e á retirada do estadio de O Couto da simbología de todo tipo que sexa representativa de organizacións ou unidades civís ou militares que apoiaron ou sustentaron a ditadura franquista, nomeadamente a insignia do sindicato vertical.

E por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que razón procedeuse a rehabilitación e valoración da simbología da organización sindical propia da ditadura franquista no canto de proceder a súa retirada como ordena a Lei de Memoria Histórica?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/01/2023 11:05:34

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2023 11:05:41

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 11:06:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a valoración por parte da Xunta de Galiza da ralentización da actividade económica en Galiza e ás medidas que debe impulsar para corrixir as eivas da súa política económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, o contexto económico mundial vén marcado por factores de enorme incerteza e inestabilidade, como a permanencia de altas taxas de inflación nas principais economías do planeta, a suba de tipos de xuros dos bancos centrais, a prolongación da guerra de Ucraína, grandes tensións xeopolíticas como a de Estados Unidos e China e guerras máis ou menos soterradas polo control dos recursos enerxéticos nun contexto de cambio de paradigma. Múltiples factores que deixan un escenario de clara ralentización das principais economías, tamén a española e a galega.

No Estado español, a finais de ano o Banco de España actualizaba as proxeccións macroeconómicas para rebaixar as de 2023. Así mesmo, aínda que reducía a posibilidade dunha recesión técnica, non a descartaba. Posteriormente, outros organismos como a AIREF ou o propio FMI, que a daban por certa, puxeron en pausa esta hipótese, mais que o barranco non acabe de derrubarse non quere dicir nin que o chan que pisamos sexa firme nin que non estea cheo de socavóns. Todos os indicadores apuntan a que 2023 (especialmente, no primeiro semestre) será un ano de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desaceleración da economía. A incógnita é a intensidade mais, con toda seguridade, este freo económico provocará que o Estado español siga a ser un dos tres da eurozona incapaces de acadar os niveis de produción anteriores a pandemia.

No estado español ademais, hai unha serie de déficits estruturais que agravan a situación. Por exemplo, un endebedamento público brutal: A débeda pública española está en máximos históricos: supera os 1,5 billóns de euros e que representa un 116% do PIB.

A situación galega vén de ser avaliada recentemente por un novo informe do Foro Económico de Galiza dado a coñecer o 24 de xaneiro de 2023 onde advirte de que a economía galega frea a súa actividade económica. A través deste informe, o Foro sinala cuestións preocupantes como que o PIB galego se ralentiza significativamente no terceiro trimestre apuntando que os diferentes agregados presentan unha peor evolución que no conxunto do Estado, que o sector primario e a industria amosan unha contracción da produción e que se as principais economías europeas presentan taxas positivas de crecemento, esa taxa de crecemento é cero en Galiza. Apunta, así mesmo, a que a ralentización na economía está a supoñer tamén unha ralentización no mercado laboral e sinala cuestións como que o emprego baixa na industria e no sector primario, nos autónomos e asalariados públicos e entre persoas con estudos secundarios e idades entre os 35 e 45 anos. Así mesmo, é preciso salientar que a creación de emprego é maior no Estado español do que no noso país, que segue a manterse entre as CC.AA. con taxas de ocupación máis reducidas.

A crise en Galiza está agravada por dous factores: a falta de soberanía política e económica e a falta de medidas efectivas por parte do goberno do Partido Popular. Así, Galiza arrastra unha inflación superior, unha preocupante evolución da inflación





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

subxacente e unha menor capacidade de resistencia das maiorías sociais toda vez que os salarios e pensións son máis baixos, entre outros factores.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas de reorientación económica vai impulsar o goberno galego para impedir que a economía de Galiza siga estancándose?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 25/01/2023 12:23:27

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2023 12:23:31





A Mesa do Parlamento

Ana Belén García Vidal, Guadalupe Murillo Solís, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O deporte e a actividade física constitúen ámbitos de máxima importancia nas sociedades modernas. Vinculados directamente a modos de vida saudables e a sociedades activas, o deporte e a actividade física contribúen a mellorar a saúde das persoas, así como o fortalecemento de valores individuais e sociais como o da superación, o respecto aos demais e ás normas, ou o crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendimento. Todos eles valores especialmente interesantes no proceso de sociabilidade e de mellora individual e social.

Conscientes da importancia que ten a práctica deportiva para os rapaces dende que asisten a escola, a Xunta de Galicia financiou a construción de distintas pistas multideporte en colexios e institutos de toda Galicia. Esta iniciativa desenvólvese ao amparo do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica para os centros educativos e que responden ao obxectivo común de avanzar cara un modelo de infraestruturas educativas máis innovadoras, sostibles e confortables.

O obxectivo é promover unha vida sana entre o alumnado e permitir a práctica de, polo menos, cinco deportes, nun espazo polifuncional.

Na comarca de Noia e o Barbanza executáronse cinco pistas multideporte nos Concellos de Boiro, Noia, Outes e Porto do Son.

A pista multideporte de Noia do CEIP Felipe de Castro poderá ser empregada tanto polo alumnado do centro, dentro do horario lectivo, como polo resto do vecindario fóra do horario lectivo.

No caso de Noia, un concello cunha ampla tradición deportiva e que conta con distintos clubs deportivos, as instalacións deportivas eran insuficientes para dar cabida a toda a actividade deportiva existente no municipio.

Conscientes desta situación, dende o ano 2016 a Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Noia puxo en marcha distintos proxectos entre os que destacan, entre outros, esta pista multideporte, a construción dun novo polideportivo en Bergondo ou máis recentemente a reforma do Polideportivo Municipal “Agustín Mourís”.





Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal foi o investimento total da Xunta de Galicia en instalacións deportivas en Noia dende o ano 2016?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén García Vidal na data 25/01/2023 11:45:49

María Guadalupe Murillo Solís na data 25/01/2023 11:46:04

Paula Prado del Río na data 25/01/2023 11:46:22

José Manuel Rey Varela na data 25/01/2023 11:46:36

María Sol Díaz Mouteira na data 25/01/2023 11:46:48

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/01/2023 11:47:00

José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2023 11:47:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 12:30:20
Nº Rexistro: 48266
Data envío: 25/01/2023 12:30:20.285

Noelia Pérez López na data 25/01/2023 11:47:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-QjDiGoSse-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O orzamento da Consellería de Política Social e Xuventude para 2023 ascende a 1077 millóns de euros, un 16% máis con respecto ás contas do exercicio 2022.

As partidas de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica suben un 36% para sumar un montante total de 229,3 millóns de euros. Este importante aumento responde, principalmente, a que o 2023 será o primeiro ano no que se aplique a gratuidade da atención educativa no conxunto das escolas infantís de Galicia para todos os fillos e durante todo o curso.

Esta medida púxose en marcha o paso mes de setembro co inicio do curso escolar e á mesma destínanse 55 millóns de euros, beneficiando a unhas 31.000 familias galegas.

Para a Tarxeta Benvida, o orzamento contempla unha partida de 31,5 millóns de euros, axuda directa ás familias para que poidan facer fronte aos gastos básicos polo nacemento dun bebé, a cal se reforza ata os 3000 euros anuais e amplíase ata os catro anos do fillo no caso daqueles fogares especialmente vulnerables.

Tamén se duplica o presuposto para o Bono Coidado, chegando ata o millón de euros, co fin de cubrir as necesidades puntuais de conciliación dun maior número de familias.

No ámbito da atención á infancia, os orzamentos inclúen como novidade a aprobación do primeiro Plan de Impulso ao Acollemento Familiar en Galicia, que suporá





incrementar as axudas que reciben estas familias nun 20% e, para tal fin, contará cun millón de euros máis. Esta aposta polo acollemento familiar tradúcese nos orzamentos nunha partida total que acadará os 6,2 millóns de euros.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que vai a supor o reforzo do orzamento para a Tarxeta Benvida, o Bono Coidado e o Acollemento Familiar?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2023 11:55:05

María Corina Porro Martínez na data 25/01/2023 11:56:39

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/01/2023 11:56:52

Noelia Pérez López na data 25/01/2023 11:57:06

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/01/2023 11:57:21

López Sánchez, Rosalía na data 25/01/2023 11:57:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/01/2023 11:57:47





Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O orzamento da Consellería de Política Social e Xuventude para 2023 ascende a 1077 millóns de euros, un 16% máis con respecto ás contas do exercicio 2022.

As partidas de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica suben un 36% para sumar un montante total de 229,3 millóns de euros.

Este importante aumento responde, principalmente, a que o 2023 será o primeiro ano no que se aplique a gratuidade da atención educativa no conxunto das escolas infantís de Galicia para todos os fillos e durante todo o curso.

Esta medida púxose en marcha o paso mes de setembro co inicio do curso escolar e á mesma destínanse 55 millóns de euros, beneficiando a unhas 31.000 familias galegas.

Ademais de coa gratuidade, o compromiso do Goberno galego coa etapa educativa de 0 a 3 anos e con facilitar a conciliación das familias tamén ten o seu reflexo nos fondos que se reservan para a creación de novas prazas en escolas infantís de titularidade municipal; así como nas axudas para o mantemento e reforzo das 95 casas niño actualmente en funcionamento nos concellos menos poboados.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que vai a supor este investimento récord para facilitar a conciliación das familias galegas?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2023 12:00:28

María Corina Porro Martínez na data 25/01/2023 12:00:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/01/2023 12:00:56

Noelia Pérez López na data 25/01/2023 12:01:12

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 25/01/2023 12:01:25

López Sánchez, Rosalía na data 25/01/2023 12:01:36

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/01/2023 12:01:46





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A existencia dun sistema de historia clínica electrónica integrado entre a atención primaria e a atención hospitalaria é un dos feitos diferenciais da sanidade pública galega que a pon por diante de moitos outros servizos de saúde autonómicos en capacidade de acceso dos profesionais sanitarios á información sobre o paciente.

Pero ademais, a implantación e posterior evolución deste sistema, articulado a través dunha aplicación denominada IANUS, permite facilitar outra moita información aos profesionais: non só sobre o historial do paciente senón cun acceso a información e recursos que o sistema sanitario público comparte en rede para os seus empregados.

O pasado decembro, a Xunta de Galicia presentou a nova versión desta aplicación de historia clínica electrónica, destacando novidades que poden ser de especial utilidade para os profesionais de atención primaria, dado o carácter integral e lonxitudinal da súa atención ao paciente: utilidades como a conectividade cos dispositivos médicos, a carpeta persoal de saúde do paciente ou o acceso a recursos formativos e de big data.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que novas ferramentas está a proporcionar a Xunta de Galicia ao persoal de atención primaria a través do seu sistema de historia clínica electrónica?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/01/2023 12:19:26

María Corina Porro Martínez na data 25/01/2023 12:19:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 12:33:45
Nº Rexistro: 48278
Data envío: 25/01/2023 12:33:45.456

José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2023 12:19:57

Noelia Pérez López na data 25/01/2023 12:20:10

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 25/01/2023 12:20:25

López Sánchez, Rosalía na data 25/01/2023 12:20:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/01/2023 12:20:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-OjDiGoSse-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o protocolo de desaugamento de encoros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As fortes chuvias das últimas semanas provocaron importantes alteracións da salinidade das augas do mar, con unha elevada incidencia nos bancos marisqueiros. Esta afectación vise agravada polo desaugamento dos encoros, motivada polos intereses das empresas hidroléctricas e por outras razóns.

Esta liberación descontrolada de auga dóce non só ten consecuencias na salinidade das augas e nos bancos marisqueiros. Tamén se producen arrastres de sedimentos que poden ter impactos ambientais e na actividade produtiva. E ademais pode aumentar o risco de desbordamento de ríos e agravar o impacto das riadas.

A falta de regulamento de desaugamento de encoros constitúe un grave problema. A aprobación dun protocolo de desaugamento é unha demanda histórica de diversos colectivos, reiterada nos pasados días por parte de entidades da ría de Arousa. Entre outros argumentos, a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa salientou a incidencia negativa dos desaugamentos cando está a marea baixa,

Malia as demandas neste sentido, Augas de Galicia segue sen aprobar esta norma, que sería de aplicación nos encoros da súa xurisdición, situados en ríos que desaugan nas principais rías galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta aprobar un protocolo de desaugamento de encoros que prime a calidade ambiental das augas e a actividade produtiva das rías?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 13:25:26

Rosana Pérez Fernández na data 25/01/2023 13:25:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a resolución das axudas a entidades sociais con cargo ao 0,7% do IRPF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de setembro de 2022 a Xunta de Galiza publicou a orde de convocatoria das axudas destinada a impulsar programas de carácter social por un importe de 19,1 millóns de euros.

Na propia orde fíxase o prazo máximo para a resolución da convocatoria (artigo 15) establecendo un máximo de tres meses desde a súa publicación tanto para resolver como para notificar as axudas. Ademais, engade, “se transcorre o dito prazo sen que se dite resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo”.

Porén, entidades sociais que concorreron á convocatoria continúan agardando, no momento de redixir esta iniciativa, a que a Xunta de Galiza resolva e notifique.

Cómpre lembrar que as axudas convocada ao abeiro do 0,7% do IRPF van dirixidas a sufragar gastos correntes das entidades sociais, investimentos en obras, equipamento, rehabilitación ou adquisición de vehículos. Así pois, supoñen un elemento importante para o funcionamento das entidades sociais beneficiarias que, en moitos casos, traballan ademais con colectivos sociais vulnerábeis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai resolver a Xunta de Galiza a orde de axudas dirixidas a entidades sociais con cargo ao 0,7% do IRPF?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2023 13:58:47

Iria Carreira Pazos na data 25/01/2023 13:58:58

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2023 13:59:07



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En datas recentes Galicia sufriu o paso de dúas potentes borrascas: *Gerad* e *Fien*, con especial incidencia no mar, que obrigou a que moitos palangreiros de fondo da nosa Comunidade Autónoma non puideran saír a faenar e tivesen que permanecer amarrados a porto.

Ante as previsións de que a fin de semana o tempo dese unha tregua no mar, e visto que moitos dos palangreiros de fondo xa levaban unha semana amarrados as confrarías de Celeiro e de Muxía pedían autorización á Xunta de Galicia a que os deixase faenar durante a fin de semana do 21 e 22 de xaneiro de 2023.

Solicitaron á Consellería do Mar autorización para faenar o sábado e domingo para se resarciren de ter que estar unha semana amarrados por causa do mal tempo, incluso algúns dos palangreiros de fondo de Celeiro levaban máis tempo amarrados por cuestións de reparacións e posta a punto para iniciar as campañas.

Esta mesma solicitude foi feita por parte do sector aos gobernos de Asturias, Cantabria e País Vasco. Comunidades que si autorizaron á súa frota faenar a fin de semana do 21 e 22 de xaneiro do 2023. A Xunta de Galicia negou ese permiso que si autorizaron outros gobernos autonómicos.

Ante a autorización dada por outras comunidades autónomas e ante a situación de custes disparados que está a atravesar podería a Consellería do Mar ser máis flexible e evitar así tamén que o sector se vexa obrigado a saír a faenar en peores condicións climatolóxicas.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Se outras comunidades autónomas autorizaron aos seus palangreiros de fondo a faenar a fin de semana do 21 e 22 de xaneiro do 2023, por que lle negou esta posibilidade a Xunta de Galicia aos galegos que se dedican a esta actividade?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro de 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 48300
Data envío: 25/01/2023 16:12:46.907

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 25/01/2023 12:13:56

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2023 12:14:11



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Martín Seco García e María Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Trala consulta informativa realizada en 2022 por unha empresa sobre a posible rehabilitación da antiga canteira de Niveiro con residuos non perigosos, existe unha gran preocupación no concello coruñés de Val do Dubra. A pesar de que o proxecto contou cun informe negativo do propio concello, parece que a empresa mantíña o seu propósito.

Existen dúbidas e moita preocupación polas consecuencias que ese proxecto podería causar, como o excesivo tráfico pesado, o ruído e os cheiros e a afectación á calidade das augas, nuns concellos onde a agrogandeiría é a súa principal actividade.

Para a súa tramitación última son preceptivos diversos informes da Xunta de Galicia, que si podería autorizar a restauración ambiental desa vella canteira de áridos, pero convén saber de que maneira se efectuaría para non dar lugar a un vertedoiro que conta coa oposición veciñal e da corporación do concello de Val do Dubra.

Recentemente, e sen máis información ao respecto, parece que nos últimos tempos se presentou outro proxecto para a restauración desa canteira e posible instalación dun vertedoiro en Pedra Facha.

Por todo isto, e facendo nosa a preocupación do Grupo Municipal Socialista de Val do Dubra e o seu interese pola máxima transparencia con respecto a este proxecto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

De cantos proxectos para a restauración da antiga canteira de Niveiro ten constancia o Goberno galego?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 25/01/2023 12:56:14





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 48303
Data envío: 25/01/2023 16:15:07.736

Martín Seco García na data 25/01/2023 12:56:30

María Leticia Gallego Sanromán na data 25/01/2023 12:56:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a mellora da execución orzamentaria do programa de planificación e xestión hidrolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión orzamentaria da partida de “Planificación e xestión hidrolóxica” pode cualificarse como moi deficiente. Se temos en conta os datos de execución orzamentaria de 2021 podemos salientar os seguintes datos:

- O nivel de execución é do 60%, un dos máis baixos entre o conxunto dos programas en que se estrutura o orzamento da Xunta.
- A partida de “Planificación e xestión hidrolóxica” viuse reducida en 11,4 millóns de euros, de 68,9 a 57,4 millóns de euros.

Esta situación vense repetindo nos últimos anos, o que pon de relevo a falta de planificación e a incapacidade de xestión da administración hidráulica galega. E supón a perda de recursos millonarios que son imprescindíbeis para levar a cabo investimentos que precisa o país e os concellos.

Chama a atención que a Xunta estableza cada vez máis obrigas de investimentos aos concellos e que pola contra non aprobe un plan extraordinario de obras e de cooperación no financiamento das actuacións das entidades locais. E tamén resulta moi rechamante que por parte de Augas de Galicia se aproben actuacións en materia de saneamento e abastecemento de maneira arbitraria, sen criterios obxectivos de reparto, especialmente no caso de concellos de menor poboación e que están situados fóra do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ámbito das rías. Cómpre ter en conta que no ámbito das rías concéntrase unha parte importante dos investimentos pola súa relevancia ambiental, económica e produtiva, polas esixencias da normativa comunitaria e polos expedientes sancionadores abertos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas prevé levar a cabo a Xunta para mellorar a planificación, xestión e execución orzamentaria nas obras hidráulicas?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/01/2023 16:25:02

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 16:25:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as necesidades do IES Ferrol Vello do concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Ferrol Vello carece desde o inicio da súa actividade como centro de educación secundaria da infraestrutura necesaria para impartir as aulas de educación física, xa que carece dun pavillón deportivo.

Este feito implica ter que desprazar ao profesorado e aos alumnos e alumnas as instalacións de FIMO para poder desenvolver alí a materia de Educación Física, con todo o que isto supón de perda de horas nos desprazamentos, agrupar as horas semanais desta materia, ademais do gasto que supón ter que contratar de xeito regular un bus para estes desprazamentos.

Desde a Comunidade Educativa do centro vense reclamando á administración educativa a construción dun ximnasio para o centro que se adecúe á lexislación vixente para poder impartir con normalidade unha materia de impartición obrigatoria.

Esta situación non é ningunha novidade e desde hai moitos anos a comunidade educativa leva reclamando que por parte das administracións con competencias nesta materia, Xunta de Galiza e Concello de Ferrol, se solvente esta cuestión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se non fose posíbel dotar ao centro desta nova infraestrutura no actual espazo físico que ocupa, existe unha alternativa cuxa idoneidade concita un amplo consenso que é a construción dun polideportivo no solar que ocupa a vella fábrica de xabón existente nas inmediacións do instituto.

En todo caso o necesario pavillón deportivo para o centro tamén daría servizo fóra das horas lectivas ás necesidades de dinamización deportiva do barrio e do conxunto da cidade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta de Galiza non ten realizado ningunha actuación para dotar ao IES Ferrol Vello do necesario pavillón deportivo?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2023 17:00:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/01/2023 17:01:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre saneamento no concello de Oia e desenvolvemento dun plan de dotación de depuradoras ecolóxicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2020 a consellaría de infraestruturas e mobilidade anunciou un proxecto piloto no concello de Oia para desenvolver un novo modelo de saneamento da auga no ámbito rural “máis eficiente, sostíbel e integrado no territorio.”

Este proxecto piloto estaría vencellado ao convenio de colaboración de Augas de Galicia coa Universidade da Coruña para desenvolver sistemas de depuración adaptados á realidade de núcleos rurais.

O obxectivo da proposta anunciada en 2020 era encontrar a mellor solución para dotar de saneamento os núcleos da zona interior do concello de Oia- Este é o caso das parroquias de Loureza e Burgueira, nas que a veciñanza non ten ningún sistema público de depuración nin existe ningunha alternativa para o baleirado das foxas sépticas pola falta de planificación e de solucións por parte do concello e da Xunta.

Na última década varios concellos galegos apostaron por infraestruturas verdes e solucións de proximidade para resolver a necesidade de saneamento en núcleos rurais de pequena poboación ou afastados das redes de saneamento e de estacións depuradoras.

As chamadas depuradoras ecolóxicas, dotadas con humidais artificiais, semellan unha alternativa viábel, experimentada con éxito en pequenos núcleos rurais en concellos como San Sadurniño, Moeche, Cedeira ou Cerdedo-Cotobade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres que estes concellos promoveron esta solución, non hai noticias sobre o proxecto piloto anunciado pola Xunta fai máis de dous anos para resolver a carencia de saneamento nas parroquias do interior do concello de Oia.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta levar a cabo, en colaboración cos concellos, un plan de dotación de depuradoras ecolóxicas en núcleos rurais que cumpran determinadas características de poboación, distancia a redes de saneamento e complexidade de dotación de redes centralizadas?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 17:42:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2023 17:42:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A atención primaria está a sufrir escaseza de profesionais facultativos de xeito recorrente en todo o país por falta de políticas sanitarias que frearan esta previsible e diagnosticada escaseza. Lugo non escapa a esta tendencia, neste caso tratamos a falta de pediatras na atención primaria nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei.

Estes concellos próximos a Lugo capital dispoñían dunha pediatra compartida estando 2 días en Castro, 2 en Cospeito e 1 en Outeiro. En total atendía 579 infantes en Outeiro, en 317 en Cospeito e 469 Castro, sumando en total 1365 criaturas, aínda que, curiosamente, ía somentes un día da semana ó concello que máis nenas e nenos ten, co cal procede pedir que polo menos tódolos concellos mencionados conte con pediatra 2 días á semana.

Nin que dicir ten que estes concellos teñen unha xoia na infancia xa que levan moitos anos con saldo vexetativo negativo e contan con gran número de persoas maiores de 65 anos, que as persoas se animen a ter descendencia é fundamental para a propia pervivencia destes concellos. Esta é única maneira de reverter a tendencia cara o envellecemento pero para isto non queda máis remedio que facilitar os servizos básicos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

necesarios para que a poboación se quede nestes concellos a pesares de que se teñan que desprazar a Lugo ou a outros lugares para traballar.

O feito de non dotar de servizos os concellos próximos a Lugo facilita o traslado da poboación destes cara a cidade sendo os propios concellos os que máis perden sen que Lugo chegue a ganar unha poboación significativa.

Tampouco nestes tempos as familias deberían verse gravadas con gastos por un servizo pediátrico que ten dereito a ter na Sanidade Pública. É a atención pediátrica en Primaria unha atención especialmente sensible que non se está atendendo de xeito adecuado por parte do goberno da Xunta

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Vai o goberno da Xunta atender as demandas da poboación dos Concellos de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei para que contén con atención pediátrica na Atención Primaria a tempo completo como mínimo como viñan tendo?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 26/01/2023 09:55:31

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2023 09:55:37

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2023 09:55:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de contar cun plan director para a recuperación do Parque do Pasatempo á maior brevidade posíbel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG do 20 de febreiro de 2020 publícase o Decreto 23/2020 polo que se declara ben de interese cultural o Parque do Pasatempo de Betanzos. A Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia declara que integran o patrimonio artístico de Galicia «as manifestacións pictóricas, escultóricas, cinematográficas, fotográficas, musicais e das restantes artes plásticas, de especial relevancia, de interese para Galicia». E, de forma excepcional, o Parque do Pasatempo presenta como marca de identidade persoal a conxunción de boa parte delas, o que o converte nunha obra de arte senlleira, galega e universal.

Recoñécese nesta declaración como BIC que o Parque do Pasatempo, herdanza dos irmáns García Naveira, “é unha obra senlleira pola súa singularidade e fráxil polo abandono e as agresións a que estivo sometido, o que o converte nun ben vulnerable que require de maneira urxente afondar na súa protección e adecuada xestión”. A catalogación como BIC implica o deber de conservar, manter e custodiar debidamente este ben inmóbel e evitar a súa perda, destrución ou deterioración.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

O abandono progresivo, as filtracións de auga ou a acción da pasarela que atravesa a estrada para comunicar ambas marxes con acceso ao parque e que está a exercer unha forte carga sobre o muro exterior reclaman unha intervención protectora de urxencia que evite a súa degradación física e mais a perda do alto valor simbólico monumental deste xardín histórico. Unha recuperación imprescindible para un conxunto artístico patrimonial desatendido até hai pouco por todas as Administracións.

O Pasatempo leva pechado desde outubro de 2018. O 9 de outubro de 2018 o BNG defendeu neste Parlamento unha proposición non de lei onde instaba a “Incluír fondos suficientes para executar a rehabilitación do Pasatempo a tres bandas, xunto co Concello e a Deputación, consonte os compromisos anunciados por todos estes gobernos”.

Dous anos máis tarde sen ningún avance no tema, o BNG defendeu unha nova iniciativa instando o goberno galego a que concretase os sucesivos anuncios para a rehabilitación do pasatempo en colaboración coas distintas administracións. Compromiso ao que se negou o goberno galego argumentando a falta dun plan director para a recuperación do Parque.

A Deputación da Coruña e mais o Concello de Betanzos contrataron finalmente a primeira fase da consolidación do parque por un importe de 525.000 euros, que está en execución. Está en redacción o plan reitor contratado pola Xunta, segundo se anunciou nunha presentación pública en Betanzos no mes de agosto en que se presentaron as liñas de traballo, pero non o plan en si, que está sen rematar.

Hai uns meses aprobouse no Pleno municipal do Concello de Betanzos unha cesión temporal á Xunta para que poida encargarse da rehabilitación. Mais no orzamento da Xunta para o presente ano 2023 só aparece na memoria como parte do investimento de 1,5 millóns no Camiño Inglés, pero non aparece partida territorializada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para dar cumprimento á colaboración entre Administracións, cómpre que, sen máis dilación, o goberno galego se comprometa coa protección e recuperación deste ben público implicando crédito para a salvagarda desta representación da memoria do noso País inserido na cultura universal.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando prevé o goberno da Xunta que estará rematado o plan director para a posta en valor do Parque do Pasatempo?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2023 10:32:38

Daniel Castro García na data 26/01/2023 10:32:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/01/2023 10:32:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carmela González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os plans de inspección de seguridade industrial da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba el texto refundido das disposicións legais de Galiza en materia de política industrial, regula no seu libro I o relativo a seguridade industrial, e establece a obriga de realizar unha planificación da inspección.

No Decreto 219/2008, do 25 de setembro, régulase a actividade administrativa de inspección, entendida como a actividade pola que a consellería competente en materia de industria, cos seus propios medios ou a través da colaboración de entidades legalmente habilitadas, ten por obxecto a supervisión, o control e a vixilancia dos establecementos, instalacións, produtos e actividades industriais, comprobando a adecuación da súa posta en funcionamento e condicións de servizo aos requisitos legais, regulamentarios e técnicos previstos na normativa aplicable e, de ser o caso, exixir as responsabilidades que correspondan nos supostos de incumprimentos legais ou defectos técnicos.

Tal e como establece o artigo 13.2 do Decreto 219/2008, do 25 de setembro, mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de industria aprobaranse o obxecto, o contido e o ámbito de actuación que informan cada plan, así como as instrucións que deben cumprir as entidades legalmente habilitadas e os servizos correspondentes das delegacións provinciais do departamento da Xunta de Galiza con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competencias en materia de industria, para levar a cabo as inspeccións que han de realizarse conforme o plan e programas que se aproben.

E o artigo 26 do Decreto legislativo 1/2015 establece a obriga de elaborar un informe ao finalizar cada programa de inspección, así como a obriga de dar conta na Comisión de Industria dos resultados dos plans de inspección e das conclusión derivadas da súa execución.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Presentáronse no Parlamento de Galiza os resultados dos plans de inspección de seguridade industrial realizados así como as súas conclusións?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carmela González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 26/01/2023 12:48:09

Ramón Fernández Alfonso na data 26/01/2023 12:48:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 26/01/2023 12:48:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de avanzar na aprobación do marco normativo que regule a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2018 este Parlamento acordou por unanimidade instar a Xunta a adoptar as medidas necesarias para solicitar a admisión do noso país como membro da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa e a facelo efectivo antes de rematar a pasada lexislatura.

O Partido Popular rompeu este acordo de forma unilateral ao comunicar que renunciaba á súa candidatura a facer parte da CPLP como observador asociado, delegando no Estado español esta representación de Galiza.

O que fora cualificado polo Secretario xeral de política lingüística como un logro histórico que abría unha ventá de oportunidades para Galiza como parte da irmandade lusófona, rematou negándolle o goberno do PP a Galiza a participación nos foros lusófonos, impedindo a articulación dunha estratexia de país asentada na relación con Portugal.

Esta absoluta inacción a respecto do reforzamento dos vínculos de Galiza coa lusofonía volveuse confirmar nesta cámara na recente comparecencia do Secretario





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeral de política lingüística, Sr. Valentín García, na Comisión de Educación e Cultura, para informar do desenvolvemento da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

Para alén de infrinxir, máis un ano, o mandato do artigo 5º desta lei que determina a obriga de remitir o goberno un informe anual de cumprimento, a intervención do Sr. García concluíu que non hai avances en ningunha das tres áreas reguladas nesta lei: achegar a docencia do portugués á sociedade galega, a comunicación social e a acción exterior.

Definitivamente, o Goberno galego, que xa renunciara a exercer a representación de Galiza na CPLP cedendo a responsabilidade ao goberno do Estado español, renuncia de novo agora a esixirlle ao Estado que exerza esa representación delegada e renda contas das xestións realizadas e os seus avances nos vínculos coa lusofonía.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposto o goberno iniciar un proceso de diálogo cos axentes vinculados á docencia do portugués en Galiza para avanzar na elaboración do marco normativo que regule a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino galegos?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2023 12:51:01

Daniel Castro García na data 26/01/2023 12:51:05

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/01/2023 12:51:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da rede de abastecemento do concello de Salvaterra de Miño e posíbeis riscos sanitarios derivados da mesma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A rede de abastecemento de auga de Salvaterra de Miño conta con unha captación no río Tea e unha ETAP situada en Codesás, de xestión directa do concello. Existe un protocolo de control da rede de abastecemento municipal que establece as características das instalacións e as medidas sanitarias.

No río Tea existen problemas de contaminación da auga pola existencia de vertidos e mal funcionamento dos sistemas de depuración, situados augas arriba do punto de captación do concello de Salvaterra.

2. A falta de investimento na infraestrutura e a deficiente xestión da rede de abastecemento de Salvaterra provoca de maneira reiterada cortes no subministro, turbidez e mal cheiro da auga. A situación agravouse a finais de decembro, cando se produciu un gromo de gastroenterite que podería estar relacionado co consumo de auga da rede de abastecemento. O día 21 de decembro e nos días seguintes producíronse casos de vómitos e diarreas, que poderían estar vencellados ao consumo de auga da billa durante unha celebración no colexio Infante Felipe.

4. O feito de que varias persoas tivesen que ser atendidas no PAC de Pontearreas e no Hospital A. Cunqueiro produciu a conseguinte alarma social, con numerosas informacións en redes sociais e medios de comunicación. En resposta a estes feitos, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

28 de decembro o concello fixo pública unha nota informativa na que se sinalaba que “Saúde Pública confirma que nas mostras das persoas con diarrea detectouse norovirus” e se engadía que se estaba facendo un seguimento continuo con Sanidade e un estudo de vínculo epidemiolóxico con enquisas e probas de microbioloxía. E sinalábase que “nesa altura non se podía asociar o gromo co consumo de auga e continuábase cos estudos”.

Nese mesmo día 28 confirmáronse casos con bacterias *Campylobacter* e *E coli*.

Nos días seguintes seguíronse producindo episodios de cheiros, turbidez e cortes no subministro e o concello fixo público un comunicado no que se recomendaba non consumir auga da rede municipal. Nos días posteriores fixéronse públicos bandos relativos ao restablecemento do servizo e ao estado da auga.

5. Cómpre ter en conta a normativa sobre os criterios sanitarios de calidade da auga, que está regulada polo RD 140/2003, que foi derogada polo RD 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministro.

No tocante ás medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga en situacións de risco sanitario, están reguladas pola lei de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Da análise dos feitos sinalados con anterioridade poden derivarse posíbeis incumprimentos da normativa vixente, así como un déficit de información e transparencia, por parte do concello e tamén por parte do departamento de Saúde Pública da Xunta.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas ten previsto levar a cabo a Xunta para evitar os problemas
recorrentes na captación, potabilización e subministro de auga no concello de Salvaterra
de Miño?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 26/01/2023 13:20:21

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 13:20:24



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Dende un primeiro momento o PSdeG manifestou o seu rexeitamento á supresión da área sanitaria da Mariña lucense. Fronte a esta decisión da Xunta de Galicia tamén se teñen manifestado en numerosas ocasións, ao longo destes anos e dende o momento en que se coñeceron as intencións da Xunta de Galicia: a veciñanza da Mariña, profesionais sanitarios da comarca, asociacións, sindicatos, partidos políticos ...

Esta decisión unilateral do Goberno autonómico do Partido Popular, que se materializou no ano 2018 coa supresión da área sanitaria da Mariña, provocou a centralización dos recursos na capital da provincia, con perda de servizos no Hospital da Mariña e aumentando as derivacións cara ao HULA.

Entre outros retrocesos, recortes e perdas de servizos que sufriu o Hospital da Mariña coa supresión da área sanitaria propia da Mariña son:

- Listas de agarda de ata 2 e 3 anos en distintas especialidades: cardioloxía, traumatoloxía, uroloxía, reumatoloxía...
- Derivacións a Lugo para probas como radiografías panorámicas dentais, densiometrías, electromiografías, ou intervencións de varices ou implantación de marcapasos, entre outras.
- Carencia de servizos básicos como unha consulta de cirurxía vascular, terapia ocupacional ou fisioterapia respiratoria infantil.
- En saúde mental carécese de unidade de prevención de suicidios, hospital de día infantoxuvenil ou unidade de agudos, que si se tería de contar con área sanitaria propia.
- Segue sen haber logopeda no servizo público, tendo que acudir a centros privados.

Polo tanto, a realidade é que a supresión da área sanitaria o que trouxo foi que se perderan servizos no Hospital da Mariña e que a día de hoxe no se trate dun hospital autónomo senón que depende totalmente do hospital de Lugo.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Á vista dos servizos perdidos no Hospital da Mariña, porque segue a Xunta de Galicia co seu empecinamento de non recuperar a área propia sanitaria da Mariña?





Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 26/01/2023 12:07:38

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2023 12:07:54

Marina Ortega Otero na data 26/01/2023 12:08:05





Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O IES Alfredo Brañas é un centro educativo de referencia non só en Carballo, senón tamén en toda a Comarca de Bergantiños. Dito centro dispón dende hai máis de 50 anos dun salón de actos para usos docentes no que se desenvolveron, durante décadas, actividades moi diversas sobre artes escénicas e todo tipo de eventos do propio centro.

No mes de xuño do ano 2021, unha praga de aveláña fixo que o falso teito, con soportes de madeira, colapsara e se viñera abaixo inutilizando o uso dese espazo e obrigando ao seu peche forzoso por motivos de seguridade.

O salón de actos do Alfredo Brañas presenta, tras anos de servizo, un aspecto desactualizado, estando tamén afectadas pola praga de aveláña as propias butacas e rexístranse deficiencias nas conexións coas instalacións do escenario. Na zona do palco superior a visibilidade sempre foi moi mellorable polo que requiriría un redeseño integral do espazo para mellorar as condicións de uso e disfrute.

Dende o primeiro momento tralo colapso do teito, técnicos da Xunta visitaron a instalación para facer un primeiro balance de danos e proceder á redacción do proxecto necesario para afrontar as actuacións necesarias que fagan posible que a comunidade escolar do IES Alfredo Brañas volva a dispoñer do seu salón de actos nas mellores condicións.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que pasos deu a Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades para rehabilitar o salón de actos do IES Alfredo Brañas de Carballo?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2023 13:44:24
Nº Rexistro: 48374
Data envío: 26/01/2023 13:44:24.405

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/01/2023 13:40:08

Teresa Egerique Mosquera na data 26/01/2023 13:40:22

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/01/2023 13:40:35

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/01/2023 13:40:53

José Luis Ferro Iglesias na data 26/01/2023 13:41:06

Gómez Salgado, Carlos na data 26/01/2023 13:41:17

María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/01/2023 13:41:27

Rodríguez Pérez, Moisés na data 26/01/2023 13:41:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-OjDiGoSse-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade que o goberno galego envíe a documentación solicitada en tempo e forma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transparencia é unha das principais características que debe ter un goberno democrático. Esta é necesaria para que a cidadanía poida saber cal é o labor desenvolvido polo seu goberno e para que os representantes da cidadanía poidan facer a importante encomenda de control do mesmo.

É por iso que existe a fórmula da solicitude de información a través do denominado “artigo 9”, pola cal os deputados e deputadas teñen o dereito de solicitar información ás diferentes áreas de goberno para poder facer un bo traballo de control. Segundo o que di o propio artigo 9, os documentos solicitados teñen a obriga de ser entregados nun tempo inferior a 30 días hábiles, mais isto é algo que case nunca ocorre.

A pouca transparencia do goberno do Partido Popular chegou a límites de non resposta do 75% dos documentos solicitados polo BNG, algo que non se debe permitir nun goberno democrático, mais alén da elevada porcentaxe tamén cabe destacar a gravidade e importancia dos documentos solicitados e non entregados que teñen a ver cos contratos de Eulen, cos proxectos Next Generation, cos eólicos instalados en Rede Natura ou coas listas de agarda da sanidade pública entre moitos outros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero isto non se queda aquí, xa que coas preguntas escritas ocorre algo semellante. O número de respostas é ínfimo, a tardanza é moi elevada e a calidade das respostas é deplorable, aludindo a intervencións pasadas, empregados ligazóns á “mediateca” do Parlamento ou ás veces levando a ligazóns que dan erro.

No caso dos artigos 9 ocorre algo semellante, xa que a pesar de que a Xunta de Galiza ten a obriga de remitir os documentos ao Parlamento galego, son innumerables as ocasións nas que se lles obriga aos deputados e deputadas a desprazarse a outras consellerías e cidades para consultar un documento cunha vixilancia moi destacable e cun tempo de visionado limitado.

E por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Porque a Xunta de Galiza se dedica a xerar dúbidas sobre o seu goberno ao non enviar a documentación solicitada?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 26/01/2023 16:22:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/01/2023 16:22:47

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 16:22:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o saneamento no concello de Neda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de asistir ao milésimo problema co saneamento da ría de Ferrol e ás consecuencias que desta situación se derivan para a produción marisqueira.

Neste caso uns vertidos producidos no concello de Neda, que están a producir manifestacións encontradas por parte do alcalde do concello e da conselleira de infraestruturas da Xunta de Galiza, traen de novo ao debate comarcal a situación do saneamento nos concellos da ría e as súas respectivas problemáticas, xa que a diversidade de actores e de solucións é grande.

O único organismo que semella facer parte de todas e cada unha das diferentes solucións é Augas de Galiza, tanto na marxe esquerda da ría, como na dereita (Ferrol-Narón) coas súas propias diferenzas, tanto na execución das obras como na súa xestión, entre as instalacións de depuración e a rede de interceptores.

Polo que respecta ao concello de Neda tamén a Xunta de Galiza, a través do seu organismo Augas de Galiza, comprometeu a súa colaboración no ano 2014 para financiar o 100% dunhas obras que tiñan como finalidade solucionar os problemas de funcionamento da estación depuradora de augas residuais (EDAR) e da rede colectores do municipio, obras que nunca remataron.

O feito que hoxe aparece como máis controvertido é precisamente por que razóns o saneamento do Concello de Neda quedou fora dos convenios para o sistema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeral de saneamento da marxe dereita da ría de Ferrol, e sobre todo, cal ha de ser a solución a futuro.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galiza participar con medios técnicos e económicos na execución das obras necesarias para darlle unha solución definitiva ao problema do saneamento no concello de Neda?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 16:29:46

Ramón Fernández Alfonso na data 26/01/2023 16:29:50





Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

O Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Enogastronomía de Galicia desenvolverase no horizonte 2023-2025 co obxectivo de promocionar Galicia como destino enogastronómico de primeiro nivel poñendo en marcha actuacións transformadoras en diferentes áreas de Galicia.

Como o anterior Plan Territorial, o Enogastronómico de Galicia está estruturado arredor de Accións de Cohesión en Destino e Plans de Sostibilidade Turística impulsados polas entidades locais.

Cun orzamento de 34,5M de euros, é o segundo dos plans territoriais impulsados pola Xunta de Galicia ao abeiro dos Fondos Next Generation da UE. € e comprende 3 Actuacións de Cohesión en Destino (ACD) que contarán cun investimento de 14,9 millóns de euros e 11 Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) impulsados por entidades locais e que recibirán un total de 17 millóns de euros

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que accións están incluídas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Enogastronomía de Galicia?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 26/01/2023 16:39:15

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/01/2023 16:40:04

Cristina Sanz Arias na data 26/01/2023 16:40:07

José Antonio Armada Pérez na data 26/01/2023 16:40:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2023 16:42:36
Nº Rexistro: 48387
Data envío: 26/01/2023 16:42:36.296

Pardo López, Adrián na data 26/01/2023 16:40:51

Rodríguez Pérez, Moisés na data 26/01/2023 16:41:35

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/01/2023 16:41:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QjDiGoSse-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

A Xunta de Galicia, a través de distintos departamentos está a executar importantes accións para poñer en valor o patrimonio histórico que temos en Galicia.

Neste contexto e no marco dos fondos Next Generation, destinaranse 22,7 millóns de euros para o financiamento de doce proxectos remitidos dende Turismo de Galicia que permitirán potenciar o uso turístico de Bens de Interese Cultural de titularidade pública do Camiño de Santiago que se xestionarán no horizonte ata 2024.

Ademais do impacto que terán as actuacións nas persoas que transitan os Camiños de Santiago, para os cidadáns que habitan nas localidades do Camiño, todas estas intervencións poden supoñer unha oportunidade de desenvolvemento.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que Balance se fai desde o goberno galego das accións levadas a cabo no plan para potenciar o uso turístico de Bens de Interese Cultural de titularidade pública do Camiño de Santiago

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 26/01/2023 16:44:00

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/01/2023 16:44:08

Cristina Sanz Arias na data 26/01/2023 16:44:48

José Antonio Armada Pérez na data 26/01/2023 16:44:51

Pardo López, Adrián na data 26/01/2023 16:45:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2023 16:46:30
Nº Rexistro: 48389
Data envío: 26/01/2023 16:46:30.827

Rodríguez Pérez, Moisés na data 26/01/2023 16:45:35

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/01/2023 16:46:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-QjDiGoSse-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

A Axencia Turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística.

No marco do Plan Camiña 2022, destináronse 27,2 millóns de euros ao sector turístico galego, que contribuíron á mellora da calidade, profesionalización, innovación e sostibilidade da oferta turística galega.

As diferentes liñas de axudas e convenios impulsados pola Axencia de Turismo de Galicia teñen un dobre obxectivo, por unha banda, seguir afondando no proceso de reactivación e consolidación da recuperación do sector turístico, e por outra banda, combinar as axudas con iniciativas de estímulo do consumo turístico ao tempo que se segue a impulsar a renovación do sector.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que liñas de axuda se puxeron en marcha desde Turismo de Galicia para o fomento e reactivación do sector en 2022?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 26/01/2023 16:53:38

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/01/2023 16:54:46

Cristina Sanz Arias na data 26/01/2023 16:54:51

José Antonio Armada Pérez na data 26/01/2023 16:55:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2023 16:57:31
Nº Rexistro: 48397
Data envío: 26/01/2023 16:57:31.874

Pardo López, Adrián na data 26/01/2023 16:55:22

Rodríguez Pérez, Moisés na data 26/01/2023 16:55:52

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/01/2023 16:55:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-QjDiGoSse-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez que ocorre, a última hai exactamente dous anos: A afectación das intensas choivas e dos grandes aportes de auga doce ás rías e aos bancos marisqueiros de distintas presas, a inacción da Xunta de Galiza e, como consecuencia, danos ambientais e económicos que se producen con total impunidade.

Nesta ocasión, de novo, mortalidade de ameixa e berberecho principalmente nas rías de Vigo Pontevedra e Arousa. Nesta última, a caída da salinidade foi moi destacada nos seguintes días ao sábado, 14 de xaneiro, datas que coincidiron co desaugado do encoro de Portodemouros, xestionado pola empresa Naturgy. Un encoro que carece de comportas e que funciona cun sistema de desbordamento que, ademais da auga, provoca que os sedimentos acumulados tamén acaben na ría.

Chama a atención que, despois de ter ocorrido tantas veces, pola experiencia adquirida e polos importantes danos que teñen lugar cada vez que acontece, a día de hoxe aínda non se teña regulado o desaugado nin tampouco a limpeza dos fondos dos encoros e se acabe afectando impunemente ao medio ambiente e ás economías de centos de mariscadores e mariscadoras que viven do seu traballo na explotación dos bancos marisqueiros das rías galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero aínda é máis sorprendente que as empresas que xestionan os encoros o fagan afectando a outros sectores produtivos e non teña ningún tipo de responsabilidade nin de consecuencia, consentidas pola Administración ano tras ano.

Á situación de perda de produtividade constante que están a padecer as rías dende hai anos, hai que engadirlle unha nefasta xestión dos encoros, nomeadamente nas épocas de choivas persistentes, e a falla de control e de medidas coercitivas por parte do Goberno galego ou, o que é peor, a posíbel actuación premeditada de priorizar ás empresas eléctricas sobre o sector marisqueiro sen, ademais, ningún tipo de resarcimento polos danos ás persoas e entidades que viven del.

Son sucesos que non deberían volver a pasar e, polo tanto, deben tomarse todas as medidas necesarias para que así sexa e, no caso excepcional de que acontezan, deben estar perfectamente delimitadas as responsabilidades de quen os provocan e as compensacións ás persoas e entidades afectadas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións concretas vai levar a cabo o Goberno galego para que o desaugado e limpeza dos encoros se desenvolva sen causar danos aos bancos marisqueiros das rías galegas?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 26/01/2023 17:06:47

Carmela González Iglesias na data 26/01/2023 17:06:53

Daniel Castro García na data 26/01/2023 17:07:01





Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

O desenvolvemento das distintas medidas de apoio ao sector turístico galego como consecuencia dos efectos derivados da influencia da covid-19 fixeron posible a creación do Bono turístico #QuedamosenGalicia, unha iniciativa froito da colaboración da Xunta de Galicia e o Clúster Turismo de Galicia para fomentar a actividade turística durante a pandemia e favorecer a desestacionalización a través do incentivo ao uso dos distintos servizos turísticos galegos por parte da cidadanía e que este ano chegou á súa terceira edición.

A iniciativa Bono Turístico naceu no marco do plan de choque impulsado pola Xunta de Galicia co obxectivo de fomentar o consumo directo no sector turístico como consecuencia da crise do coronavirus.

Os excelentes resultados das pasadas edicións permitiron consolidar esta iniciativa coma unha ferramenta de fomento do consumo no sector turístico, que foi moi ben recibida tanto polo sector turístico galego como polo conxunto da poboación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego da posta en marcha do Bono turístico #QuedamosenGalicia?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 26/01/2023 17:09:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2023 17:12:06
Nº Rexistro: 48405
Data envío: 26/01/2023 17:12:06.202

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/01/2023 17:09:25

Cristina Sanz Arias na data 26/01/2023 17:10:30

José Antonio Armada Pérez na data 26/01/2023 17:10:34

Pardo López, Adrián na data 26/01/2023 17:11:10

Rodríguez Pérez, Moisés na data 26/01/2023 17:11:13

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/01/2023 17:11:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-QjDiGoSse-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O pequeno comercio local está en crise dende fai tempo debido a unha serie de problemas como son: a incapacidade de facerlle competencia ás grandes cadeas e ós xigantes do comercio electrónico, non hai relevo xeracional, o despoboamento da nosa terra acelera o peche dos pequenos negocios no rural, e a maiores a crise da COVID e agora a crise económica derivada da guerra de Ucraína.

En Galicia pecharon durante novembro e decembro do ano 2022 uns 300 comercios. As perspectivas empeoran coa costa de xaneiro, para o primeiro trimestre do 2023 a previsión é que na nosa comunidade autónoma baixen o enreixado 400 comercios, xa que un terzo dos/as autónomos/as galegos/as dedícanse ao comercio polo miúdo.

Ante esta situación a Xunta de Galicia no ano 2022 a 30 de setembro só executou no Programa 751A Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia o 16,7 % do orzamento para ese ano.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da execución do programa 751A Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia dos orzamentos do ano 2022 a 30 de setembro?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/01/2023 17:12:36

Martín Seco García na data 26/01/2023 17:12:44

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O turismo ten que ser un sector estratéxico nas políticas públicas do Goberno galego. Vista a execución orzamentaria a 30 de setembro de 2022, un 26,2 % no programa 761A Coordinación e promoción do turismo, podemos comprobar que o turismo non é un sector estratéxico para a Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia ten que levar a cabo as transformacións necesarias para fortalecer un sector que representa o 11 % do PIB e para xerar oportunidades de desenvolvemento no turismo. E para isto a Administración autonómica ten que executar o orzamento en turismo.

O turismo é o garante da cobertura das necesidades para milleiros de familias da nosa terra. Moitas persoas nesta comunidade dependen directamente do turismo para garantir a súa subsistencia e a das súas familias. O turismo é sinónimo de emprego.

Galicia atópase ante a tarefa colectiva de estruturar un modelo turístico que poida espallarse no terreo, que se desestacionalice, que sexa xerador de empregos dignos -estables, correctamente remunerados e con xornadas razoables- ser, en suma, fonte de riqueza, estabilidade e cohesión territorial e social. E isto só será posible coa execución orzamentaria por parte do Goberno galego.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da execución do programa 761A de Coordinación e promoción do turismo dos orzamentos do ano 2022 a 30 de setembro?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2023 17:16:57
Nº Rexistro: 48411
Data envío: 26/01/2023 17:16:57.890

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/01/2023 17:14:31

Martín Seco García na data 26/01/2023 17:14:39

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

A importancia estratéxica do turismo en Galicia e a necesidade de contar con directivos especializados en xestión hoteleira foron os motivos que levaron ao goberno galego a decidir a creación do Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG) en 1993. Dous anos máis tarde, empezou o primeiro curso académico. O obxectivo do CSHG é achegar profesionais de recoñecido prestixio internacional ao sector hostaleiro para colaborar no seu desenvolvemento e mellora.

Hoxe, o Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG) é un centro de ensino universitario que forma directivos hostaleiros e xestores en cociña cunha metodoloxía moderna e eficaz, coa cal o alumnado pode acadar os máis altos niveis de profesionalidade activa na súa futura profesión.

É un centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela (USC) e no ano 2022 puxo en marcha o Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras; un programa innovador que ofrece ao estudante unha visión completa e integral dos negocios hostaleiros dentro da industria hoteleira, restauración, agroalimentaria, eventos e turismo en xeral.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que balance se fai desde a Xunta de Galicia da oferta formativa do CSHG?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 26/01/2023 17:20:14

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/01/2023 17:22:04

Cristina Sanz Arias na data 26/01/2023 17:24:08

José Antonio Armada Pérez na data 26/01/2023 17:24:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2023 17:27:17
Nº Rexistro: 48415
Data envío: 26/01/2023 17:27:17.218

Pardo López, Adrián na data 26/01/2023 17:25:35

Rodríguez Pérez, Moisés na data 26/01/2023 17:25:57

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/01/2023 17:26:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QjDiGoSse-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre o estado da depuración na faixa litoral de Oia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de maio de 2020, Augas de Galiza adxudicou o servizo para a redacción dun estudo de alternativas para mellorar a depuración da faixa costeira do concello de Oia. O contrato, adxudicado a Ingenia Proyectos Técnicos, previa un investimento de 18.000 euros e un prazo de execución de 4 meses.

Segundo a información facilitada daquela pola Xunta, no concello de Oia existían en 2020 cinco “estacións depuradoras” de augas residuais que daban servizo ao 62% da poboación municipal. En realidade non se trata de “estacións depuradoras”, son máis ben decantadoras que presentan moitos problemas de funcionamento e que verten directamente ao mar augas residuais contaminantes.

O Concello de Oia xustificou en 2020 a necesidade do citado estudo polo mal funcionamento destas falsas depuradoras e polo elevado custo económico do seu funcionamento e mantemento.

Cando pasaron xa máis de dous anos e medio desde a contratación do citado servizo, non hai ningunha noticia nin actuación de mellora da rede de saneamento e depuración do litoral de Oia.

O mal funcionamento das infraestruturas existentes ten graves consecuencias: constantes vertidos contaminantes ao mar, que afectan negativamente á calidade das augas e á actividade pesqueira e marisqueira; molestias derivadas do mal funcionamento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das instalacións; riscos para a saúde; mala imaxe para unha zona de alto interese turístico e paisaxístico, pola que pasa camiño portugués da costa.

Ademais dos elevados custos das instalacións, do elevado gasto municipal e o mal servizo prestado, o concello ten que facer fronte a multas polos vertidos de augas contaminantes ao mar.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cantos expedientes sancionadores abriu Augas de Galiza ao Concello de Oia por vertidos contaminantes da rede de saneamento e depuración?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 17:43:11

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/01/2023 17:43:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 26/01/2023 17:43:30



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No mes de setembro do ano 2019, o presidente da Xunta de Galicia inaugurou en Pontevedra o novo edificio xudicial de A Parda, no que se investiron máis de 21.000.000 €.

No seu interior alberga quince xulgados, que se corresponden coas catro salas do Social, e dous do Mercantil, anteriormente situadas na sede da Audiencia Provincial; as tres do Contencioso-Administrativo, anteriormente situadas na rúa Xermán Adrio; e as seis unidades de Primeira Instancia situadas anteriormente no vello xulgado de A Parda.

A Fiscalía e os xulgados que coñecen asuntos de carácter penal, así como menores, o Xulgado de Garda e o Imelga. mantivéronse no vello edificio de A Parda, que se conectou co novo edificio a través dunha pasarela.

Na súa visita inaugural o vicepresidente da Xunta de Galicia e de forma reiterada nos medios o goberno da Xunta de Galicia comprometéranse a adaptar estes espazos do xulgado “vello” e investir nas reformas necesarias para acondicionar o mesmo, pero case 3 anos despois non se fixo nada.

Entre as múltiples eivas que presentan estas dependencias atópase a ausencia de sistemas de gravación nas salas de vista, nin ventilación nas mesmas, ou o mal estado no que se atopan os calabozos, entre outros.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o goberno da Xunta de Galicia ten que investir neste edificio para acondicionar estes espazos e mellorar así o servizo que se presta nas dependencias xudiciais xa que por unha banda, isto está a producir unha clara discriminación duns ordes xurisdiccionais respecto a outros e por outra unha xustiza moderna non pode seguir mantendo determinadas carencias.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o Goberno galego non cumpriu nestes tres anos o compromiso de executar as obras de acondicionamento pendentes no edificio antigo dos xulgados, situado en A Parda (Pontevedra)?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/01/2023 17:46:19

Pablo Arangüena Fernández na data 26/01/2023 17:46:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante da altísima prevalencia dos problemas de saúde mental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diversos estudos atopan que un terzo dos pacientes que acoden a AP están en relación con problemas de saúde mental. A Atención Primaria sostén unha parte importante da asistencia neste eido, cun aumento sostido da demanda nos últimos anos, xa antes da pandemia por covid, pero sendo esta un factor de empeoramento na prevalencia de desordes emocionais e trastornos mentais.

Coñécese que só unha porcentaxe pequena de casos de saúde mental son derivados á atención especializada (10-20%), e aínda así as listas de espera de primeira consulta en saúde mental están en torno ás 10.000 persoas datos de xuño de 2022.

As cifras de prevalencia de problemas de saúde mental en Atención Primaria, os datos sobre consumo en aumento de psicofármacos, o coñecemento sobre as consecuencias da cronificación dos problemas no empeoramento da saúde física, en calidade de vida, en baixas laborais, etc... fan necesario unha aproximación á atención que teña en conta, entre outras medidas, o aumento na accesibilidade a tratamentos psicolóxicos neste nivel de atención.

Con moitas resistencias por parte da Administración, finalmente anunciou, no Plan de Saúde mental de Galicia pos covid de 2020-2024, a creación de prazas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

psicología clínica de enlace con Atención Primaria, coa irrisoria cifra de 7 psicólogos/clínicxs para toda a comunidade, 1 por área sanitaria.

A Atención Primaria está colapsada de xeito crónico froito do desleixo e abandono para con este nivel asistencial. Existe o risco de que patoloxías graves queden ocultas co risco de que se non se tratan de xeito suficiente implica un maior risco de cronificación, unha maior gravidade e consecuencias sobre a vida das persoas (como por exemplo, mortes por suicidio).

Non se pode adiar sine die o momento de facer un esforzo imprescindible na abordaxe dos problemas de saúde mental de forma accesible e integral, incorporando xs profesionais necesarios na AP.

Máis de dous anos despois de que se publicara o Plan de saúde Mental de Galicia poscovid, non hai unha memoria publicada onde se avalíe e cuantifique o grao de consecución dos obxectivos segundo a calendarización proposta.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Van aumentar os recursos, dispositivos e persoal para poder prestar a atención precisa na atención á saúde mental?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2023 18:19:24

Iria Carreira Pazos na data 26/01/2023 18:19:27

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2023 18:19:35





A Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno central deu luz verde ao Real Decreto Lei 20/2022, do 27 de decembro, de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína. Unha vez máis, a través dun decreto o Goberno central inclúe un novo procedemento express para a tramitación ambiental dos proxectos eólicos que, neste caso, vén a ser unha xeneralización do que xa se creou mediante o Real Decreto Lei 6/2022 de marzo.

Estamos, novamente, ante unha nova modificación á carta das leis que pon en perigo a correcta tramitación ambiental destes proxectos e xera inseguridade xurídica.

Indo máis alá, neste novo marco xerado polo Goberno central pode darse a circunstancia de que proxectos eólicos xa rexeitados por Galicia dado o seu posible impacto medioambiental ou afección a hábitats reciban agora o visto bo de Madrid de forma rápida e sen realizar os trámites necesarios.

Tendo en conta o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Ten coñecemento a Xunta de Galicia de algún caso de proxecto eólico rexeitado polo Goberno galego e que vaia saír adiante grazas ao trámite express incluído no último Real Decreto Lei?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2023 13:43:42
Nº Rexistro: 48371
Data envío: 26/01/2023 13:43:42.749

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 26/01/2023 13:35:46

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/01/2023 13:36:01

Carmen María Pomar Tojo na data 26/01/2023 13:36:16

Ramón Carballo Páez na data 26/01/2023 13:36:30

José Manuel Balseiro Orol na data 26/01/2023 13:36:45

María Belén Salido Maroño na data 26/01/2023 13:36:59

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/01/2023 13:37:10

Freire Vázquez, María Begoña na data 26/01/2023 13:37:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-QjDiGoSse-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola alarma social derivada da situación na que se atopa a atención primaria en Corrubedo (Ribeira).

Exposición de motivos

A comarca da Barbanza resultou especialmente castigada, no que a servizos sanitarios se refire, pola Consellería de Sanidade nos últimos anos.

A súa poboación, particularmente a que vive máis alonxada dos centros urbanos, está a ser obrigada paulatinamente a desprazarse aos centros de saúde principais de cada localidade e a razón non é outra máis que a que se deriva da política de recortes que vén levando a cabo a Xunta de Galiza dende hai máis de dez anos.

Dos cinco consultorios periféricos existentes na comarca, dous, o de Taragoña e o de Cabo de Cruz, que sumaban case 3.000 pacientes, permanecen totalmente pechados dende a pandemia, que foi precisamente a xustificación que a Consellería de Sanidade atopou para pechalos definitivamente.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dos outros tres, nos últimos seis meses véñense intentando prescindir tamén dos servizos médicos tanto no consultorio de Palmeira como no de Corrubedo.

Neste último caso, a veciñanza denunciou publicamente a falta do único facultativo do seu consultorio dende o 7 de novembro, tendo que desprazarse a Ribeira, a 10 Km. de distancia, para ser atendida en un centro de saúde onde a falta de persoal vén sendo clamorosa dende hai moito tempo.

Como no caso de Palmeira, as mobilizacións levadas a cabo polos veciños e veciñas de Corrubedo, obrigaron á Administración a tomar medidas, mais totalmente escasas e precarias. Malia que a propia Consellería de Sanidade declarou que o problema é “puntual”, tamén advertiu que é posíbel que non se recupere o horario completo que viña habendo ata o de agora porque “non hai cartillas suficientes”.

Chaman poderosamente a atención estas manifestacións porque abren, cando menos, dúas interrogantes. A primeira, que número de cartillas se consideran “suficientes” por parte da Consellería para manter o facultativo. Segundo os seus propios datos, no ano 2017 (inconcebibelmente os últimos que figuran na páxina do SERGAS) atendéronse no consultorio de Corrubedo 5.156 consultas de medicina xeral e 3.663 de enfermería. E, a segunda, en que momento deixaron de ser “suficientes” para que se rescindise o servizo sen ningún aviso previo.

Polo de agora, o consultorio mantense aberto, mais nin sequera todos os días e moito menos co facultativo a xornada completa. Pero a situación faise aínda máis insostíbel cando a Consellería bota man do persoal médico do centro de saúde de Ribeira, onde teñen a metade do que lle corresponde; ou mesmo do que atende, tamén de xeito incompleto, o consultorio de Palmeira ou, cando non, pecha o servizo sen que os usuarios e usuarias teñan coñecemento mais que cando van solicitar a cita.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa non é só, pois, a falta do servizo, sendo isto o problema principal. É tamén a falta de información e o trato ás persoas que necesitan da sanidade pública e son desatendidas sen explicacións, ou son atendidas por persoal médico diferente cada vez.

Os centros de saúde da comarca, ningún dos catro existentes, non dispoñen do persoal, facultativo ou non facultativo, suficiente. Moi ao contrario, nalgúns casos están baixo mínimos e saturados dende hai meses. A isto, hai que sumar os desprazamentos e os inconvenientes que acarreean, sobre todo para a poboación máis envellecida e das zonas máis rurais dos concellos. O resultado é unha atención sanitaria cada día máis nefasta e o empeoramento galopante da calidade asistencial sen que a Xunta de Galiza poña os medios necesarios para solucionar a gravísima situación que vive a atención primaria en Galiza.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cando e en que condicións vai a Xunta de Galiza cubrir a falta de facultativo no consultorio periférico de Corrubedo?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 30/01/2023 12:55:26





Á Mesa do Parlamento,

Jose Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, María Sol Díaz Mouteira, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez, María Belén Salido Maroño deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer a valoración e os seguintes pasos a dar polo Goberno galego en relación con esta aposta estratéxica no ámbito da rede ferroviaria de mercadorías

Os presidentes dos gobernos autonómicos de Asturias, Castela e León e Galicia mantiveron o pasado venres -27 de xaneiro- en Santiago de Compostela un encontro sobre Corredor Atlántico Noroeste, que congregou a preto de 1.000 persoas do empresariado, dos portos e das plataformas loxísticas das tres comunidades, así como a axentes políticos e sociais.

No devandito foro as tres comunidades presentaron a estratexia conxunta a remitir ao Goberno de España para o impulso desta infraestrutura estratéxica, en particular, os obxectivos concretos e as liñas de traballo que deben guiar a modernización da rede ferroviaria de mercadorías no noroeste e incrementar así a súa competitividade territorial.

Deste xeito, Galicia, Castela e León e Asturias, as tres comunidades do noroeste peninsular, dan un paso máis para reforzar a alianza constituída en 2017 e que permitiu corrixir o erro histórico que supuña deixar este territorio peninsular á marxe do trazado dos corredores europeos de transporte de mercadorías.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego do encontro mantido con Asturias e Castela e León sobre o Corredor Atlántico Noroeste?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2023 13:59:12
Nº Rexistro: 48634
Data envío: 30/01/2023 13:59:12.345

José Manuel Balseiro Orol na data 30/01/2023 13:57:12

Carmen María Pomar Tojo na data 30/01/2023 13:57:52

Ramón Carballo Páez na data 30/01/2023 13:58:06

María Sol Díaz Mouteira na data 30/01/2023 13:58:18

Freire Vázquez, María Begoña na data 30/01/2023 13:58:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/01/2023 13:58:43

María Belén Salido Maroño na data 30/01/2023 13:58:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-OjDiGoSse-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique nesta cámara o protocolo utilizado nas visitas institucionais a concellos nos que van realizar investimentos.

Durante os distintos gobernos do PP na Xunta de Galicia foi unha práctica habitual que os altos cargos do Goberno galego acudisen a concellos galegos, gobernados por forzas políticas distintas do PP, a reunirse cos representantes locais do seu partido para anunciar obras ou melloras con financiamento da Xunta de Galicia nos ditos concellos sen invitar ao máximo ou máxima representante do municipio. Esta práctica tense intensificado no que vai deste mes de xaneiro.

Por iso, a deputada que asina, pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego sobre esta falla de respecto institucional e ataque á democracia?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2023 16:24:27



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, que medidas vai adoptar o Goberno de Galicia para resolver os problemas estruturais que presenta o sistema sanitario público?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro do 2023

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/01/2023 15:43:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Señor Rueda, cre que pode tapar con propaganda a desfeita sanitaria do seu goberno?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023


Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2023 17:39:36





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

